

# AÑOS

Nº 19

MAIO 2014



ASOCIACION CULTURAL





COORDINA: Celestino Pardellas de Blas

COLABORAN	PÁXINA	ARTIGOS
Pineiróns	2	DE PINEIRÓNS A LAUREANO MAYÁN TABOADA, O SEU PRESIDENTE
Julio Santos Pena	3-4	IN MEMORIAM. LAUREANO MAYÁN AUSENTE E PRESENTE NESTE AUNIOS
Estanislao Fdez. de la Cigoña Núñez	5-8	AVES MARIÑAS E DE RIBEIRA REPRODUCTORAS DA PENÍNSULA DE O GROVE E A SÚA CONTORNA
Arturo Sánchez Cidrás	9-14	AS FÁBRICAS DE SALGA EN ONS
Malena Disote Lino	15-16	MÁIS COUSAS SOBRE O MECO
Celestino Pardellas de Blas	19-24	AS FURNAS NOS CANTÍS DA ILLA DE ONS (II)
Henrique Dacosta López	25	XOGANDO A PIRATAS
Manuel Chazo Cores	26	ENTRE CASEAS E BOUREIS
Fernando Trigo	29-31	ILLA DE ONS: NAUFRAXIOS NESTE ARQUIPÉLAGO. CÍCLOPE E MIGUEL BUIZA
Xulio Xose Pardellas de Blas	32-34	O TURISMO PESQUEIRO: MOTIVACIÓNS DA DEMANDA E EFECTOS
José Manuel Dopazo Entenza	35-36	DEIXÍN OU DEIXEI A ILLA DE ONS
Javier Fernández Soutullo	37-39	1921: TRAXEDIA NA BOCA DA RÍA
Xoán Xosé Pérez Labaca	40-42	O VOCEIRO DO CUCORNO; UN PERIÓDICO FUGAZ (2ª PARTE)
Cosme Damian Romay, Martíño	43-48	VERTEBRADOS MECOS. I: PEIXES CONTINENTAIS, ANFIBIOS, RÉPTILES E MAMÍFEROS TERRESTRES DO MUNICIPIO DO GROVE
Fernando Cabeza Quiles	49-51	ALGÚNS HIDROTOPÓNIMOS ILLÁNS
Redacción	52	PARQUE NATURAL DO RÍO BAROSA
Lolita Aguín	55-59	XUNTOS E REVOLTOS
Emilio Ferrer Jaureguizar	60-62	OS MANANCIAIS DA ILLA DA TOXA
Francisco Calo Lourido	65-67	ARPÓNS, NIGROMANTES, BISPOS E METRALLADORAS CONTRA ARROACES
Lino J. Pazos Pérez	68-70	OS GARRIDO: UNHA SAGA DE CARPINTEROS DE RIBEIRA
Alumnos Rosalía de Castro. Grove	71	O GROVE: ANOS AQUELES
Celestino Pardellas de Blas	72	ILLA DE ONS: AQUELES ANOS
José Taboada García	73-75	OS TRANSPORTES NA ILLA DE ONS
Francisco Meis Durán	76-77	UNHA HISTORIA DE GUERRA AO CARÓN DO PARQUE NACIONAL
Maria Jesús Otero Acuña	78-80	AS VODAS EN ONS

FOTOGRAFÍAS E DEBUXOS CEDIDOS POR:

Celestino Pardellas de Blas

Estanislao Fernández de la Cigoña

Jose Miguel Besada Costa

Lino J. Pazos Pérez

Jesús Emilio Ferrer Jaureguizar

Javier Fernández Soutullo

Cosme Damian Romay Cousido

Xulio Pardellas de Blas

Alumnos Rosalía Castro. Grove. Tino P.

Lolita Aguín

Jose Manuel Dopazo Entenza

Maria Jesús Otero Acuña

Francisco Meis

Miguel Muñiz (Grove)

PÁXINAS

Portada, 2, 3, 4, 9, 10, 11, 19, 20, 21, 22, 23, 24, 26, 29, 30, 33, 40, 41, 42, 49, 50, 51, 52, 57, 58, 59, 61, 65, 66, 67, 72, 73, 74, 75, 78, 79, 80

5, 6, 7, 8

16

68, 69, 70

60

37, 38, 39

48

32

71

55, 56, 58

35, 36

79

76, 77

34

CORRECTOR LINGÜÍSTICO: Anxo López Vergara

A asociación non se fai responsable do contido dos artigos inseridos neste número.

DIRECCIÓN DA ASOCIACIÓN CULTURAL "Pineiróns"

Rúa Conchases, 39 - 2º Esq. - 36980 O GROVE

Pontevedra - Galicia - España

Telf.: 649 424 950

E-mail: tinopardellas@edu.xunta.es

Revista HOMENAXE A LAUREANO MAYÁN

# DE PINEIRÓNS A LAUREANO MAYÁN TABOADA, O SEU PRESIDENTE

Lano, ao final deste pasado ano, xogaches o partido máis difícil da túa vida. Fixeches grandes paradas, como magnífico gardameta que fuches, paradas que che deron esperanzas de conseguir o trunfo final, pero, o contrario era duro e difícil de roer e, áinda que che deu esperanzas, parece que tiña decidido gañar a contenda como fora e, ao final, conseguiuno.



Lano Mayán, acompañado ao violín por Pepe de Vigo, nunha das súas actuacións no chiringuito de Area dos Cans. Que humor!

non sen estar sempre pendente dela e en contacto continuo coa persoa que che relevou no cargo.

O teu sinal cultural non só tivo a Ons como obxectivo, pois aí temos o enorme traballo que fixeches polo teu Marín da alma. Máis de media ducia de libros deixa constancia do teu amor por esa vila sen esquecernos do enorme labor desenvolvido en diferentes revistas, prensa, radio,..., que demostra que eras unha persoa que adorabas a esa terra á que chegaches sendo áinda un crío.


Moito te imos botar de menos, pero, iso si, sempre vas a estar entre nós. Seguirémosche escoitando, dende o teu Bernabeu dos ceos e cunha cunca de tinto Barrantes na man, as cantatas que coa túa admirable voz sempre nos deleitabas. É imposible de esquecer a un gran AMIGO que foi quen de manter unidos a ese grupo de compañeiros que, case sen querer, coñecémonos nunha Illa que o foi e o seguirá sendo todo para nós.

Amigo Lano, tiñamos pensado neste pasado Nadal, nomearte PRESIDENTE de HONRA da Asociación, pero non foi posible facelo en vida, como se deben facer as cousas boas, polo que queremos que saibas que tes esa meritaria distinción que lograches polo teu labor a prol da cultura e da asociación, pero tamén, xunto á túa dona, pola vosa simpatía, polo cariño, polo afecto,..., e pola harmonía que fostes capaz de transmitir a todos os que formamos a Asociación Cultural "Pineiróns".


Ata sempre, AMIGO E PRESIDENTE!

Fai vinte anos que tivemos a sorte de coñecerte nesa engaiolante Illa de Ons e, hai que dicilo coa boca ben grande, que fuches para nós unha persoa moi enriquecedora. Ao teu lado todos aprendemos e gozamos. Que ben o temos pasado! Xamais esqueceremos a túa facilidade camaleónica para sorprendernos, agora caracterizado como fraude, agora como cabaleiro feudal, agora como espermatozoide... Canto temos rido! Que humor tiñas e como eras capaz de fascinar e enfeitizarnos a todos! Iso si, cos consellos, suxestións e recomendacións que che daba a túa dona, Angelines, persoa encantadora, capaz de dar todo, para que todos foramos, ao voso lado, un pouco más felices.

Fuches un dos promotores para que as ideas e o noso particular traballo cultural fora causa de todos e con esa teima formamos a Asociación Cultural "Pineiróns", asociación que sempre presidiches e que, por esas malas xogadas da vida, tiveches que deixar o último ano, con esperanzas de regresar,



Mayán recibindo a Pineira de Prata de Pineiróns polo seu traballo a prol da asociación.



## IN MEMORIAN

***Laureano Mayán ausente e presente neste AUNIOS***

Por: Julio Santos Pena

Que a revista AUNIOS vexa un ano mais a luz é para mim, e para todos os que colaboramos nela, un verdadeiro motivo de satisfacción sobre todo porque a mayoría das firmas que aquí aparecen vírona nacer hai case que vinte anos e fomos crecendo con ela, ano por ano, cada un de nós dedicando lembranzas, anécdotas e coñecementos da nosa cultura galega e, sobre todo, da Illa de Ons na que todos temos posto un pouco do corazón e, como no meu caso, parte da vida, quizais os anos más inesquecibles dela. Ao longo destas dúas décadas rexistramos co paso da vida de cada un, numerosas novidades e AUNIOS será un bo referente diso para todos os que, nos vindeiros anos, teñan curiosidade e ocasión de ler os contidos desta revista feita ao quecer do agarimo que cada quen de nós veu poñendo nas súas páxinas.

Lamentablemente, xunto coas novas boas, as más frecuentes, temos que rexistrar de cando en vez e moi en especial este ano, outras que causan dor como é a do pasamento do noso amigo Laureano Mayán que tanto fixo por esta publicación e no ámbito da asociación "PineirÓns", da que foi presidente e un dos principais impulsores deste nexo de unión participado por todos os que amamos a Illa e outras cousas propias do entorno galego no que vivimos. Lano Mayán deixounos hai pouco tempo logo de vivir os últimos meses da súa vida pendurado na grave doenza que afrontou como un valente dende que se lle comunicou a realidade do padecemento. El mesmo foi dando a mala nova da perspectiva final que o esperaba aos amigos e coñecidos polo que, cada quen de nós, sabíamos que Mayán atravesaba unha dura proba vital o que se confirmaba día a día polo declive físico que ía mostrando a pesar de que sempre aseguraba, probablemente para animar aos demás, que todo ía ben e que a súa recuperación era crecente.

Laureano foi sempre un personaxe, si non importante (entendendo como importante alguén de que dependen institucións ou colectivos), si, desde logo, popular e querido; moi querido. O seu apelido empezou a soar hai moitas décadas, cando aínda era case un neno e empezaba a amosar as súas condicións para o deporte e dentro del, para gardar a portería de aquel mítico equipo do "Marín F.C." que alá polos anos cincuenta e sesenta do século pasado, relacionábase cos mellores equipos daquela Terceira División de fútbol. Aparecía cada domingo encabezando a alianción do equipo marinense e os afeccionados, especialmente os nenos que, por aquela, gozabamos do fútbol, que era a alternativa de ocio ao cine

infantil, e a falta doutras modernidades que hoxe en día ocupan o tempo de nenos xoves e maiores. E a figura de Mayán facíase moito más grande porque, ademais, con frecuencia era o salvador do equipo coa seguridade que daba pola súa eficiencia na defensa do portal franxiazul. Moitos anos defendeu as cores do Marín F.C. pero tamén militou noutros equipos, incluso superiores atraídos pola eficiencia do seu facer deportivo e, xa retirado da competición oficial, converteuse case nunha lenda do moderno fútbol-sala alistado no equipo "Rosant" que foi outro mito nos comezos desta nova faceta deportiva nacida a finais dos anos setenta, onde Lano Mayán volveu a deixar patente o seu valor deportivo.



Laureano Mayán na presentación da revista AUNIOS nº13, no Museo Torres de Marín, xunto con, á súa dereita a súa dona Angelines e á súa esquerda, Julio Santos Pena.

No ámbito profesional paralelo ao deportivo propriamente dito, traballou durante moitos anos nunha das mellores conserveiras galegas radicada en Marín e, pechada esta como consecuencia das crises sucesivas que levaron por diante esta industria na que Marín era unha praza punteira, desempeñou un labor administrativo similar nunha importante empresa de madeiras fóra deste concello. En ambos casos, deixou pegada dunha evidente capacidade baseada na seriedade, no traballo, orden e sobre todo pulcritude en cada un dos seus cometidos, que son virtudes que non están ao alcance de calquera á hora de desenvolver un labor deste tipo. E tamén a crise acabou levando por diante a industria onde Mayán desenvolvía a súa misión co que o noso especial veciño viuse, cunha idade non moi afastada á xubilación, apartado da vida laboral, o que ben sei que o fixo sufrir como adoita pasar nestes casos.

Pero non todos reaccionamos do mesmo xeito ante as dificultades da vida e Lano Mayán dou mostras de que na vida hai que saber superar as dificultades e os atrancos que aparecen, se cadra, cando menos un espera e, lonxe de acomodarse a unha vida sen máis ilusión que ver pasar o tempo, empezou una nova tarefa como foi a de escribir e compoñer unha ducia de libros sobre Marín que aquí quedaron como estela do seu paso por esta vida e por esta vila. Sorprendeunos a todos con unha secuencia case continua de presentación de cada unha das súas publicacións que van dende facer unha comparativa gráfica e fotográfica entre o Marín de principios do século pasado ata hoxe, a reflectir noutro xénero literario a personalidade de moitos marinenses populares dos que contou as súas historias particulares con singular anecdotario de cada un deles, devolvéndolles a popularidade que tiveron e ainda teñen, pois nalgún caso aparecen neses libros persoeiros vivos. O traballo de Lano Mayán para sacar á luz esta ducia de libros foi inxente e para iso cada día podíamos velo cámara fotográfica en ristre tomando as imaxes de calquera esquina da vila nos mesmos ángulos das fotografías antigas para dar coas claves da diferenza entre elas e marcar nalgún caso o progreso e, noutrous, establecer as claves de desfeitas que prexudicaron paisaxes e valores urbanos deste noso pobo. Cabe sinalar que nestes traballos o noso amigo sacaba a vea de periodista que durante un tempo o tivo ocupado desenvolvendo o labor de correspondente da Voz de Galicia e de Radio Pontevedra en Marín sempre a cabalo da noticia de última hora e do que acontecía neste pobo.

Non estivo só Mayán neste traballo e sempre destacou a colaboración que a súa dona "Gelines" lle prestou no mesmo, axuda que despois do seu pasamento aínda non está concluída porque o derradeiro libro de



Laureano Mayán dirixíndose ao público asistente a bordo da goleta Nieves, fondeada fronte a Illa de Ons, na presentación do nº11 da revista AUNIOS.

Laureano quedou tan só pendente da súa impresión e publicación que espero se complete non moi alá no tempo, porque ese sería o seu desejo e tamén o noso, e co que se pecharía toda unha traxectoria breve por tardía pero singular e positiva no eido da literatura e da reportaxe que queda para a historia.



Lano Mayán e membros de Pineiróns cantando o Maio no ano 2005 na Illa de Ons

E, nesta referencia a Laureano Mayán non podemos esquecer outros aspectos da súa personalidade. Posuía unha prodixiosa voz, aínda que non se prodigou nesta faceta artística salvo en momentos moi especiais de reunións familiares e de amigos. Nembargantes foi un dos gañadores de aquel Festival da Canción de Marín que tivera moita sona alá polos anos setenta competindo con cantantes profesionais que se presentaran naquela ocasión ao certame. Era tamén un habitual e singular animador de reunións e acontecementos e, como exemplo, baste recordar a organización da festa do maio que levaba a cabo na Illa de Ons polos componentes da asociación "Piñeiróns". É singular e significativa do bo humor de Laureano a fotografía na que aparece vestido con "smoking" para cantar o maio sorprendendo a illáns e visitantes, se cadra descoñecedores da tradicional festa ou do singular humor do propio personaxe.

Laureano Mayán foise pero deixou un longo legado de amizade, de simpatía e de colaboración en todo o que fora precisa a súa presenza. Adoita ser un tópico expresar admiración postremeira por quen xa non está presente, pero non é o caso porque os méritos de Lano son ben patentes e a súa obra perdurará por moitos anos no recordo dos amigos e dos que, sen chegar a selo, atoparanse co contido dos libros que levan a súa firma.

Descanse en paz e que saibamos todos lembralo como se merece

# AVES MARIÑAS E DE RIBEIRA REPRODUCTORAS DA PENÍNSULA DO GROVE E A SÚA CONTORNA


Por: Estanislao Fernández de la Cigoña Núñez (*Textos e Fotos*)

## INTRODUCCIÓN

Falaremos basicamente das dúas especies que teñen ben acreditada a península do Grove e as súas illas inmediatas como lugares de reproducción. Trátase, entre as aves mariñas, da gaivota patiamarilla *Larus cachinnans*, a máis común das nosas gaivotas que escolle as illas para aniñar e, entre as aves de ribeira, dunha pequena limícola: a píllara patinegra *Charadrius alexandrinus* que prefire as praías continentais.

## 1º. - AVES MARIÑAS NIDIFICANTES

A única ave mariña que cría na contorna da península do Grove é a gaivota patiamarela *Larus cachinnans*. Primeiramente asentaron no illote Pombeiro, no extremo noroccidental da península do Grove polo menos dende o ano 1994. Nos últimos anos, sen embargo, esta especie foise espallando cara ao leste, ocupando algunas das illas da enseada do Vao: a Toxa Pequena, Loraña e Beiro, quedando baleiras polo de agora Ortigueira, Marma e Tourís.



*Colonias de cría da gaivota patiamarela (*Larus cachinnans*) nas illas do Grove*

### 1.1 - ILLOTE POMBEIRO

Áchase na parte noroccidental da península do Grove, afastado de terra por unha canle bastante sucia duns 250 m de ancho. A illa, ten un longo 118 m por 63 m de ancho, sendo a altura máxima de 7 m. Vese bastante escarpada e con algunha zona herbosa na parte central. Moi preto da illa atópase ao sueste o penedo Comellán, sempre con algún corvo mariño cristado *Phalacrocorax aristotelis* acougando sobre o cumio. Visitámola por primeira vez en 1980 e volvemos en 1983, (24 de xuño); 1991

(12 maio); 1993 (13 de xullo); 1994 (11 de xuño) e 1996 (13 de xullo).

Ata a nosa visita de 1994 nunca atopáramos niños de gaivota. Ese ano contabilizamos 90 niños que na visita de 1996 se reduciu a 60. É, polo tanto, a maior colonia reprodutiva que censamos nos arredores da península do Grove.

*A gaivota patiamarela é a ave mariña que cría más abundantemente nas illas e tramos costeiros de Galicia. No Grove, faino nas illas Pombeiro, Loraña, Marma e A Toxa Pequena.*

### 1.2 - ILLAS DA ENSEADA DO VAO OU DO GROVE

Había xa vinte anos que non visitabamos as illas situadas na enseada do Vao, pois a última visita que temos anotada no noso caderno realizámola o 12 de maio de 1991 e naquela afastada data non criaban nelas as gaivotas. No serán do 8 de maio de 2011 e dende terra firme decatámonos dunha simple ollada que tanto no Beiro (concello de Cambados) como na Toxa Pequena (Concello do Grove) había grupiños de gaivotas patiamarelas que parecían estar aniñando, así que ao día seguinte preparamos unha visita facéndoa coincidir coa marea baixa.



### 1.2.1 - A TOXA PEQUENA

É a maior das illas da enseada se excluímos a Toxa Grande, habitada e con grandes instalacións hoteleiras. Toda a illa, longa e estreita, téndese de norte a sur, estando cuberta de vexetación de monte baixo, onde abunda o toxo que impide atravesala, xa que se amosa moi mesto. Soamente dous pequenos carreiros de mariscadores crúzana de leste a oeste. Na súa superficie cha destacan as siluetas duns poucos piñeirosp espallados así como algunas matas de loureiros.

Ten uns 1000 m de longo e uns 100 de anchura, vénose moi chá, con pequenas ondulacións do terreo e grupos de rochas espallados polo seu interior que outrora deberon ser maiores, xa que se nota neles a acción dos canteiros que extraeron grandes cantidades de pedra. O extremo norte, moi rochoso, forma como un illote independente que se afasta por unha pequena canle durante as mareas altas.

Os niños das gaivotas atopápanse dispersos, ocupando zonas rochosas desprovistas de vexetación, principalmente pola parte central da illa, tanto na banda oriental como na occidental. A primeira visita facémola en 1980 e non volvemos

ata 1991 (12 de maio). Nestas dúas visitas non criaban as gaivotas. A terceira vez que desembarcamos nela foi o 9 de maio de 2011 conseguindo censar os primeiros niños na Toxa Pequena: 32 en total, espallados un pouco por todas partes o que dificultou bastante o traballo de atopalos.



*Niño de gaivota patiamarela na illa da Toxa Pequena. A posta habitual soe ser de tres ovos, que pode oscilar entre dous e catro, que como observamos na fotografía poden amosar colorido e manchas moi diferentes.*

### 1.2.2 - ORTIGUEIRA OU ESTRUGUEIRA

Ao oeste da illa da Toxa Pequena e afastada uns 50 m atopase a pequena illa de Ortigueira, que ao baixar a marea queda unida á Toxa Pequena por unha lingua areosa que permite o paso sen mollar sequera os pés. A parte central atopase elevada por unha rocha de difícil alcance, pois ademais de ser enfesta vese rodeada de toxos e silvas. Nesta illa, na que estivemos nas mesmas datas que na Toxa Pequena nunca atopamos ningún niño de gaivota nas varias veces que a visitamos. Recibe o nome polas moitas estrugas que nacen arredor do núcleo rochoso.

### 1.2.3 - BEIRO

Situada ao sur da Toxa Pequena. Visitamos a illa por última vez o 9 de maio de 2011, partindo en piragua da Puntiña (Cambados). Chamounos a atención a poza de auga doce que se mantén incluso nos veráns e que ocupa a parte central da illa onde lembramos ver moitos anos cágados de gran tamaño que atribuímos ao sapiño de esporas *Pelobates cultripes* e que non atopamos en ningunha outra das illas.

Os niños das gaivotas atopábanse de maneira case exclusiva no extremo sur da illa, bastante rochoso e más despexado de vexetación que o resto. En total censamos 37 niños, o que convertía á colonia no maior centro de reproducción de gaivotas entre as illas da enseada do Vao.

### 1.2.4 - LORAÑA

Cando fixemos o censo das gaivotas que aniñaban nas illas da Toxa Pequena e no Beiro, na primavera de 2011, non pudimos desembarcar no resto das illas da enseada do Vao: Loraña, Marma e Touris, pois o vento comezou a soprar con moita forza, levantando unha forte ondada que nos obrigou a desistir, xa que enchía a nosa embarcación de auga con risco de envorcar.

Dous anos despois, na primavera de 2013, concretamente o 13 de maio, conseguimos pasar sen ningún apuro, ampliando deste xeito a nosa inspección á totalidade das illas que quedaron por ver no ano 2011.

Primeiramente achegámmonos a illa de Loraña, onde pudemos comprobar que nas mareas baixas incluso pódese acadar a pé coa auga pola cintura, áinda que nós, saíndo dende punta Antarde, empregamos unha piragua. A illa ten forma triangular, amosando zonas inundables nas preamarés. Na parte sur, a máis alta e rochosa atopamos 2 niños de gaivota que áinda estaban baleiros. Coidamos que 2013, posiblemente, fose a primeira vez que criaban na illa.

## 2º. - AVES DE RIBEIRA NIDIFICANTES

### 2.1 - Píllara patinegra *Charadrius alexandrinus*

Entre os millares de aves limícolas que reciben as praias e illas do Grove, no período invernal, soamente unha ten a súa crianza confirmada na contorna do Grove. Trátase da pequena píllara patinegra *Charadrius alexandrinus*, chamada por outros ornitólogos píllara das dunas, áinda que o seu nome máis apropiado sería píllara das praias.

Esta diminuta limícola podémola ver nos areais da praia da Mexiloeira, preto da lagoa da Bodeira, na parte norte da península, e nas praias Paxareiros e A Lanzada, xa polo sur da mesma, onde consegue criar a pesar dos numerosos bañistas que ocupan os lugares de nidificación durante a primavera e verán, axudada, sen dúbida, polo seu pequeno tamaño e a súa plumaxe críptica que a volve invisible en canto detén a marcha entre a escasa vexetación do areal. Polo que respecta á península do Grove, esta especie cría en terra firme e non nas illas circundantes, áinda que no resto da ría de Arousa ocupa tamén algunas das súas illas pois atopámola en Sálvora, Vionta e Xidoiro Areoso.

No ano 1998 (F. Cigoña e Oujo, 1999) contabilizamos ata media ducia de niños na praia da Lanzada o 12 de maio e 1 na praia de Paxareiros o 9 dese mesmo mes e ano pero fomos incapaces de atopar ningún na praia Mexiloeira, nos arredores da lagoa da Bodeira, áinda que alí a viramos criar en anos anteriores.




*Ás veces un atópase un cartel coma este na praia da Lanzada advertindo aos bañistas que hai unha píllara patinegra criando no areal.*




*Píllara patinegra *Charadrius alexandrinus*, limícola de apenas uns 15 cm de longo, o tamaño dun vulgar gorrión.*



*Necesítase moita experiencia e más paciencia para poder descubrir os niños das píllaras entre as areas e cunchas da praia. Niño con 3 oviños, a súa posta habitual.*



*Poliño de píllara patinegra. A súa mimética plumaxe faino invisible para os bañistas que poden estar tomando o sol ao seu mesmo carón sen se decatar da súa presenza.*



## 2.2 - Mazarico curlí *Numenius arquata*

Como xa temos indicado, o mesmo día que pasamos a Loraña (13 de maio) visitamos tamén as illas Marma e Tourís, as máis meridionais do conxunto e ambas sen niños de gaivota. En Tourís tivemos un encontro cun mazarico curlí *Numenius arquata* que nos chamou a atención. Cando nos decatamos da súa presenza estabamos tan só a uns 10 ou 12 m del e non saíu voando e dando berros como acostuman e era de esperar, senón que: silandeiramente e medio agachado escapou a peón, desaparecendo axiña entre a mesta vexetación que tiña inmediatamente tras del, o que nos estrañou, dado que son aves moi cautas e que manteñen polo tanto unha gran distancia de seguridade. O seu anómalo comportamento levounos a sospeitar que estivese criando naquel lugar, pois estaba na zona máis alta onde non alcanza a marea e aguantou impasible a que nos achegáramos a el, pois áinda que nós non nos decataramos da súa presenza, el tiña que ternos visto

xa de lonxe. O certo é que buscamos minuciosamente un posible niño entre a mesta vexetación que coroa a maior parte daquela illa areosa, pero non dimos coa probas que puidesen confirmar as nosas sospeitas. A data do encontro, de tódolos xeito, era a adecuada, pois segundo Harrinsson (1977) o mazarico curlí fai a posta entre finais de abril e primeiros de maio, áinda que outros autores como Fitter & Richardson (1968) amplían o período total de cría entre os meses de abril xullo.


**O mazarico curlí *Numenius arquata* é unha limícola que se caracteriza polo seu gran tamaño (arredor dos 60 cm) e enorme peteiro curvo e que tendo criado na enseada do Vao noutro tempo se considera reprodutora extinta.**

Convén rescatar aquí o que escribiron Álvarez Corbacho *et al.* (1991: 133) hai máis de dúas décadas sobre esta especie: “probablemente aniñou ata hai algúns anos (están a falar da enseada do Vao), mais na actualidade extinguíuse como reprodutor” ou quizais non (isto último é noso). E repetimos o de <quizais non> tendo en conta o que di a Sociedad Española de Ornitología (SEO) ao referirse á “cría posible” dunha especie “cuando se observa un ave en época de cría en hábitat idóneo”, cousa que sucedeu no illote Tourís, e sobre a “cría probable”, un grao máis de posibilidade, “cuando se certifica que el territorio en hábitat idóneo está ocupado y se observan comportamientos territoriales”, como poden ser: permitir un achegamento por fóra do común, non fuxir dunha maneira habitual, agocharse nos arredores, etc. Estamos pois neste último apartado: a cría probable do mazarico curlí.

Polo tanto, este encontro que describimos aquí foi un primeiro paso que precisará dunha confirmación posterior (se é que se dá) para que se poda converter esta “cría probable” en “cría confirmada”, engadindo unha especie nidificante máis á enseada do Vao, o que aumentaría notablemente o seu valor en biodiversidade e non debemos esquecer que foi precisamente esta riqueza de especies a maioría invernantes ou en paso, a que permitiron incluír dunha maneira oficial á enseada, o istmo da Lanzada e a costa noroccidental, incluída a pequena lagoa da Bodeira no “LIC” (Lugar de Importancia Comunitaria) que leva por nome “Complexo Ons–O Grove” e que comprende, ademais, o arquipélago de Ons, a desembocadura do río Umia, a parte meridional da illa de Arousa e os illotes Xidoiro Areoso, Xidoiro Pedroso e Rúa, os tres xa no medio da ría.

## BIBLIOGRAFÍA CITADA NO TEXTO

- \* ÁLVAREZ CORBACHO, A.; CAAMAÑO RIVAS, V.; REY NÚÑEZ, J.M.; RODRÍGUEZ POMARES, A.; RODRÍGUEZ POMARES, J. 1991. *A enseada do Umia-O Grove*. Edita: Asociación de Ensinantes do Salnés (CANDEA). 183 pp. O Grove.
- \* F. DE LA CIGOÑA, E. & OUJO, J.M. 1999. A píllara patinegra *Charadrius alexandrinus* no contorno da ría de Arousa. Estudio sobre a poboación nidificante na primavera verán de 1998 e da súa evolución. En: *Fauna das augas galegas*. Edita: Asociación Galega para a Cultura e a Ecoloxía e Instituto Galego de Estudios Mariños. 201 pp. Vigo.
- \* FITTER, R.S.C. & RICHARDSON, R.A. 1968. *Guide to nest and eggs*. Collins Pocket. 175 pp. Londres.
- \* HARRINSSON, C. 1977. Guía de campo de los nidos, huevos y polluelos de España y de Europa, norte de África y Próximo Oriente. Ediciones Omega. 482 pp. Barcelona.




# AS FÁBRICAS DE SALGA EN ONS

Por: Arturo Sánchez Cidrás

A industria da salga na illa de Ons ten dous fitos claramente diferenciados polas evidencias atopadas e pola documentación aportada: unha antiga, de orixe romana, situada sobre o cantil de Canexol e outra, no s. XIX, no lugar de Curro, xunto á “praia das Dornas”.

## A Salgadeira romana de Canexol:

Estudada e documentada pola investigadora do CSIC, Paula Ballesteros Arias foi divulgada, nun artigo que apareceu nesta mesma revista no maio do 2008<sup>1</sup>. Destacar a prudencia do saber da mesma científica, cando recoñece que “*Aínda que a escaseza de datos non o permitan concretar ...Pola súa forma, disposición e materiais poderían vincularse a unha antiga factoría de salgadura ...ou polo menos dun asentamento con algunha instalación de salgadura*”.



Certo é que as intervencións arqueolóxicas dos últimos anos na costa galega están a cambiar a percepción e o coñecemento do mundo romano no Noroeste peninsular. Nas Rías Baixas aparecen máis unha decena de puntos onde a industria da salga tivo, entre os séculos I ao IV d. C, factorías de maior ou menor relevancia económico-social. De todos quizais o complexo industrial de Bueu no lugar de Pescadoira<sup>2</sup> leve a palma non só polas estruturas senón tamén por todos os achados. A cronoxía, s. I-III<sup>3</sup> e elementos comúns<sup>4</sup> permite intuír relación entre todas as factorías próximas á nosa contorna: Pescadoira, Nerga, Mourisca (?), a posible de Canexol na illa de Ons, etc.

Con respecto a Canexol mencionar e constatar, e así o fai P. Ballesteros, a case probable interpretación

como factoría de salgadura o feito de que cumple cos elementos propios deste tipo de almacéns, con moitas das circunstancias<sup>5</sup> que se dan nas recoñecidas coma tal na contorna: proximidade ás zonas de pesca, fonte ou regato, praia con abrigo ou condicións portuarias, posibilidade de obtención de sal, proximidade dun núcleo indíxena (castro), ...

<sup>1</sup> “Aunios”, nº 13, maio (2008) “O xacemento romano do cantil de canexol (Illa de Ons, Bueu)” 45-54 e en “Cuadernos de Estudios Gallegos”, LVI, N.º 122, xaneiro-decembro (2009), “O aproveitamento do mar ao longo do tempo. A documentación do xacemento romano de canexol (Illa de Ons, Bueu)” 67-90. Quixerá pór en valor o moito que ten aportado esta autora ao mundo do coñecemento do espazo, da paisaxe e da arqueoloxía da contorna da illa de Ons tal como pode verse na Bibliografía.

<sup>2</sup> Escavación Pescadoira nº 7, dirixida por Fructuoso Díaz. Relevantes tamén Pescadoira nº 6, 8, 10 e 12, dirixida por A. Carreira e a nº 4º de Montero Ríos, dirixida por A. Parga. Os achados depositounos no Museo Massó de Bueu: Pedras de prensado, muíños de man, moedas, coitelos con mango, ... e centos e centos de fragmentos de cerámicas, cristais, etc. Algúns tan singulares como: tapón cerámico con rosca,...

<sup>3</sup> Como veu en sinalar Fructuoso Díaz nunha charla no Museo Massó o 13 de setembro do 2013 : “... posible fundación e utilización s. I ao II, quizais algo do III, e reutilización diferente s. IV.”

<sup>4</sup> Como o fragmento de ánfora Alm.50 moi semellante na peculiaridade local da factoría Igrexía/Nerga e A Capela/Bueu (Currás. 2005:143).

<sup>5</sup> Loxicamente para interpretar ben estes datos habería que executar unha intervención exhaustiva no dito xacemento e no castro próximo (como posible viveiro de man de obra e primeiros destinatarios da producción); facer un estudo dos cambios da paisaxe por mor dos desprazamentos da liña de costa ántida que é evidente o canle norte así como da súa protección polas rochas; ampliar o coñecemento das salinas na costa próxima (incluíndo as marismas de A Lanzada)...Nun estudo (Ruiz Pico et al, 2000, p 99 ) o manancial de Canexol aparece como o segundo (xullo do 2000) con maior caudal de todos os da illa (triplicando no aforo de litros/min ao terceiro). Dicir A. Mª Lomba (Lomba. 1987:167) enunciara case as mesmas condicións ideais para a instalación dunha factoría romana.

O que si é comprobable que coa chegada dos romanos ás nosas costas aportaron unha tecnoloxía (redes, nasas, embarcacións,...) da que carecía a nosa beiramar e que era moi eficaz para a captura de especies peláxicas susceptíbeis de ser rendíbeis economicamente como a sardiña e o xurelo<sup>6</sup>. Mais os convulsos e, dalgún xeito, escuros tempos posteriores (case 1400 anos) encargáronse de deixar no esquecemento case todo ese saber ata o s. XVIII en que rexurde, sobre todo da man dos cataláns. No caso concreto da illa de Ons dende a época romana non se ten constancia de salgadura ata o s. XIX. De feito Ons estivo a piques de entrar no plan para o fomento da industria pesqueira de Galicia que impulsaba o ilustrado, afincado na Coruña, Jerónimo Hijosa (1770) xa que o permiso real<sup>7</sup> lle autorizaba erguer “chousos e barracas”, entre outros, “...nas illas despoboadas de Sálvora, Ons e Baiona...”. Por diversos motivos: estratéxicos, de administración, convulsións políticas, etc. non callou a idea empresarial tal como si o fixo en Sálvora, Porto do Son, ...<sup>8</sup> e, no caso de Bueu, viu a luz unha na praia de Beluso da man de Pedro Marich<sup>9</sup>.

### A Salgadeira de Curro:

A primeira referencia de almacén (de salgadura?) en época moderna témola da man do Cabido Catedralicio, logo do informe do Sr. Doutoral que, en medio das disputas pola propiedade da illa, arrendaron esta publicando previamente as condicións nas que unha delas dicía que “Non se pode destruir en todo nin en parte as obras que se comenzaron na illa, por parte do fondo de accionistas, como son a capela, o almacén e calquera outra....” (Salustiano Portela:59) Tras varias disputas ante os tribunais, o Cabido (polas posibles consecuencias das leis de Desamortización) quédase ao marxe tal como tamén o fai posteriormente outra das familias<sup>10</sup> litigantes quedando coa titularidade da Illa Dna Joaquina Montenegro Ponte esposa de Javier Martínez (Marqués de Valadares).

Sen coñecerse os pormenores concretos desta suposta factoría de salgadura (1833) non é desatinado pensar que na ceifa da sardiña dos anos 1833-37 houbera unha instalación provisional a modo de galpón de madeira ou barraca que era utilizada de avanzada de prospección da rendibilidade da transformación in situ dos recursos pesqueiros da illa.

Falar da salgadura moderna en Ons é falar dunha muller emprendedora, unha muller que xa de idade e viúva soubo levar con man ferrea e visionaria intuición unha ampla armazón económica e familiar que dirixía dende a Praia de Beluso. Estou a falar de Dona María Rosa Aballe Pereira, oriunda de Baiona, viúva de D. Pedro Plá Refulls aquel que tamén comandou barcos en corso cos Gago de Mendoza ou que recoñecía no seu testamento que non aportara nada de capital ás empresas da familia e que todo fora achegado ás sociedades familiares pola súa muller: propietaria de barcos e salgas (chegou a ter seis), tabernas de viño, etc. inversora de actividades múltiples, coma a súa fábrica de curtidos en Pontevedra, exportadora e especuladora de millo,...



Ruínas da fábrica de salga de Curro. Illa de Ons. 1965

Pero neste ano de 1837 é un ano no que M<sup>a</sup> Rosa Aballe, co “placet” dos seus fillos, fai unha serie de operacións financeiras relevantes para ter maior liquidez cara afrontar novas inversións. Como mostra:

<sup>6</sup> A diferenza do resto da zona meridional peninsular que tamén, e sobre todo, o facía co atún, bonito ou cabala. Currás, Brais (2005 :136)

<sup>7</sup> Este plan é aprobado e sancionado nun despacho real de outubro de 1770 no palacio de San Ildefonso (Segovia).

<sup>8</sup> A primeira proba foi nunha barraca provisional, en Santa Uxía de Ribeira.

<sup>9</sup> Arquivo Histórico Provincial de Pontevedra (no futuro AHPP). Ca-1446 (1) Folio 15. Escribán, José Benito Bermúdez de Castro. Tamén 21-2-1782: Convenio e contrata entre Pedro Marich San Roman (veciño da Coruña) e Francisco Cistere (da freguesía de Bueu) para fazer compañía entre ambos en comercio e fabrica de sardiñas: Duración 4 anos (1786). Aclarase moi ben as competencias de cada un. Sistere pon a fábrica e tinglados, Marich aporta capital, barco,....

<sup>10</sup> De Francisco Genaro Angel

- O día 13 de abril deste ano venden ela e os seus fillos a fábrica de curtidos<sup>11</sup> que tiñan no lugar de Berrón, en Pontevedra.
- O 1 de xuño deste mesmo ano, M<sup>a</sup> Rosa Aballe, vende a metade do seu Quechamarín “Estrella”<sup>12</sup> da matrícula de Cangas a D. Joaquín Relova da matrícula de Muros por 5.400 rs.

Chegado o mes de agosto hai unha serie de gastos polo inicio da campaña pesqueira para pór toda a engrenaxe a punto: embarcacións, redes, velas, factorías, sal... “acaba de sacar dos alfolíns das súas Fábricas, oitocentas fanegas de sal de Cádiz...” por valor de 8.000 rs<sup>13</sup>. Tamén habería que contabilizar as cantidades a abonar por exceso de prezo xa rematada a campaña tendo en conta fanegas de sal invertidas e de quintais de peixe extraídos<sup>14</sup>.

Entremedias Ons é adscrito ao concello de Sanxenxo (31-7-1837) e comeza o Marqués de Valadares a solicitar pase a pertencer a Bueu cousa que ocorrería no 1844<sup>15</sup>

Ao día seguinte de cumplir 23 anos Dona Joaquina Montenegro, un 17-8-1837, pasa pola casa-almacén que Dona M<sup>a</sup> Rosa Aballe ten na praia de Beluso<sup>16</sup>. É onde subsciben ante notario un contrato de arrendamento dunha fábrica de “salpresa de peixe” que xa estaba sendo construída na Illa de Ons pola M<sup>a</sup> Rosa Aballe, coa lóxica convivencia da propietaria da Illa, Joaquina Montenegro. Esta fábrica posuía uns elementos estruturais propios do proceso para o desenvolvimento da salgadura moi semellantes á salga que a mesma M<sup>a</sup> Rosa construíra na praia de Mourisca (Beluso) pois constaba, como aquela, de 22 lagares ou píos<sup>17</sup>, 31 prensas e dúas pías para o saín. Polo aluguer comprometíase a pagar anualmente 2.200 rs.vn<sup>18</sup>.



*Foto superior: Praia das Dornas, ao pé da fábrica de Salga.*

*Foto esquerda: Vista do peirao cos barrios de Curro no centro e Caño á esquerda.*

*Ao final do peirao, á dereita, a praia das Dornas. Enriba dela os restos da fábrica de salga. Ano de 1965.*

<sup>11</sup> AHPP. Ca-3245 f. 18 Escribán: Benito de Aris. 13-4-1837. Véndelle a Bernardo Echevarría que tamén tiña, no local lindeiro, unha fábrica de curtidos de maior envergadura. Pagou 10.000 rs (8000 en seis meses e 2000 ao cabo dun ano). No 27-11-1839 aparece no mesmo escribán unha carta de pagos por esta débeda . O postigo ou porta secundaria de Berrón estaba na perpendicular aos arcos de S. Bartolomeu. A Torre estaba fóra das murallas preto da Torre do Ouro (Santa Clara).

<sup>12</sup> Aínda lle quedaba a propiedade de Barcos de navegación (1 Bergantín-goleta, 2 Polacras-goleta, ½ Quechamarín) e unha morea de embarcación menores (2 Galeóns de dous paus, 2 lanchas da arte, botes da arte e unha ducia de lanchas do xeito...)

<sup>13</sup> AHHP. Escribán: José Graña 15-8-1837 Ca-3373(1)

<sup>14</sup> No ano 1837: Fanegas investidas, 500; Quintais peixe extraído, 1000 e Cantidad que corresponderon abonar por exceso de prezo, 19.138,8.

<sup>15</sup> Por R. Orde do 20 de novembro de 1844

<sup>16</sup> Os motivos de que a marquesa de Valadares se achegase a Beluso poderían ser varios áinda que o constatable é que por esas datas Dona M<sup>a</sup> Rosa padecía “achaques que afectan á expoñente”.

<sup>17</sup> “A chanca máis pequena que atopamos documentalmente nas salgadeiras de Bueu está composta por catro pares de píos, nembarcante o número normal para as salgadeiras pequenas era de seis pares e máis de dez no caso das maiores” (Cerviño-Cidrás-Aldegunde. 1998:50)

<sup>18</sup> Testemuñas José Luis da Vila, José Menduiña y otros.



Os utensilios tanto da fábrica como da vivenda-habitación da mesma están reflectidos na Liquidación e partillas de Dna M<sup>a</sup> Rosa Aballe, viúva de Pedro Plá (salgadeiro), aos seus fillos<sup>19</sup>.

### Enseres dela Fab<sup>ca</sup> dela Isla de Ons<sup>20</sup>

Cinco fanegasde sal de resalgan á seis rs	30,,
Veinte y siete espichadores depresa en cascós, a siete rs	189,,
Diez y siete tacos á real y medio	25,, 17,,
Veinte y una fiola, en junto veinte y ocho rs	28,,
Un embudo de madera para grasa, cinco rs	5,,
Dos portaderas de media vida, a siete rs	14,,
Dos valdes y otro mas, de media vida,y una cubeta de id, todo en diez rs	10,,
¿? arcos de hierro de mediano uso, diez rs	10,,
Un carretón de mano viejo de madera, dos rs	2,,
Tres tinas de mediano uso p <sup>a</sup> agua, a cinco rs	15,,
Un canalete nuevo de madera pino, cuatro rs	4,,
Veinte y tres barras de pino para prensas, á cuatro rs	92,,
Diez docenas de arcos nuevos de castaño p <sup>a</sup> cascós, a tres rs la docena	30,,
Treinta y cuatro liazas de mimbres, a veinte y cuatro mrvs	24,,
Cuatro docenas y media de tablado, a trece rs docena	58,, 17,,
Dos barvetas de mediano uso, y cinco id casi inutiles, en junto v <sup>II</sup> y dos rs	22..
Treinta y seis cabos de piedras viejos, en cuatro rs	4,,
Dos parihuelas, una de media vida y otra vieja, en dos rs	2,,
Dos palos de pino para salar, todos en tres rs	3,,
Un mazo nuevo del muerto, un r <sup>l</sup>	1,,
Diecinove cintas setenta y dos duelas de pino arregladas para medias pipas catorce reales el ciento	276,, 2,,
Cuatro pipas cuasi nuevas, de buena condición p <sup>a</sup> vino, a treinta rs	120,,
Cuatro id de mediano uso, veinte rs	20,,
Tres id casi inútiles, a diez y seis rs, cuarenta y ocho rs	48,,
Una media pipa acondicionada para vino, veinte rs	20,,

### Muebles dela habitación en la propia Fab<sup>ca</sup><sup>21</sup>

Una mesa de madera pino con cajón y llave, doce rs	12,,
Un arca grande de id con su llave, y de poco más de medio uso, doce rs	12,,
Un balde grande de carrear agua, y otro mas peq <sup>o</sup> de id, enj <sup>to</sup> ocho rs	8,,
Un candil de regular uso, tres rs	3,,
Seis tazas de piedra con baño blanco, fab <sup>ca</sup> Ygl <sup>a</sup> Todas cuatro rs	4,,
Dos pocillos y tres platos finos de id, de ig <sup>l</sup> fab <sup>ca</sup> y baño, enj <sup>to</sup> cinco rs	5,,
Un trebede de estribo largo otras diez rs	10,,
Dos alcuzas de hoja lata, una mas grande que otra, cinco rs y medio	5,, 50,,
Dinero existente, veinte y nueve mil quinientos sesenta rs, veinte y siete marav <sup>es</sup> vellón	29.560,,27,,

Ata o ano 1842 a familia de M<sup>a</sup> Rosa Aballe segue co aluguer da salga de Ons. Neste mesmo ano nas partillas dos bens familiares corresponde a M<sup>a</sup> Rosa Aballe o 58,3 % dos útiles da fábrica e enxovals da casa da fábrica de salga da Illa de Ons e aos fillos (José, Teresa, Juana, Agustín e Rosa) o 8,3 % da mesma a cada un.

Mais a partires do 7-12-1842 M<sup>a</sup> Rosa fai nun Sinalamento ou Mellora<sup>22</sup> a favor do seu fillo José Plá Aballe por axudarlle a levar as empresas dende 1812, entre outras cousas, céddelle por valor de 10.000 rs a salgadeira da illa que este rexentará ata mediados do s. XIX momento que toma o relevo o fomentador en O Grove, Vicente Barnet.

<sup>19</sup> AHPP. Escr. Eugenio Soto px. 88-168. Secc. Protocolos Ca-2905 (4)

<sup>20</sup> Noutra relación varían o número de fanegas de Sal de Cádiz, resalga que son cen (a 8 rs); así como: Veinte os espichadores de cascós (120 rs), trinta e seis fiolas (25 rs), catro tinas par lavar a sardiña (20 rs), dezanove barras de pino para prensar (57 rs), nove barbetas (13,17 rs), catro ducias de táboas de aforro (48 rs).

<sup>21</sup> Noutra relación: Seis vasos de vidro e de boca de campá (2 rs), un xerro sevillano (2 rs), dous embudes un para o viño e outro para o aceite (4 rs), unha balanza pequena coas súas copas de folla de lata (10 rs), un xogo de medidas de madeira para o viño (8 rs), un pote de ferro (30 rs), unha tixola de ferro (8 rs), unha grella de ferro (7 rs), unha culler de ferro (3 rs), unha aixada de ferro (20 rs) e unha pá de ferro (5 rs).

<sup>22</sup> AHPP. Escr. Manuel Francisco Rodal pág. 71. Secc. Protocolos Ca-3572 (1). Un grupo de peritos (salgadeiros) valoran os 30 anos que José Plá estivo ao fronte das empresas familiares, en 72.000 rs. (Polos primeiros 27 anos a 2500 rs ano. Os tres últimos a 1500 rs)

O Marqués de Valadares alúgalle a Barnet (13-8-1851), o almacén de salgadura e a horta, por tres anos que logo se prorrogarián<sup>23</sup>. As dificultades de explotación eran moitas o que se reflectiu no prezo (1.000 rs ano) que como se pode comprobar reduciuse a menos da metade que décadas atrás tiña a familia Aballe. Significativo desta penuria tamén e o que pode inferirse do gráfico<sup>24</sup> adxunto xa que na década de 1849-1858 non houbo ningún nacemento rexistrado. Vicente Barnet posuía tamén salgadeiras na Barrosa e Carreirón. Hai referencias deste fomentador noutras documentacións como cando o 17 de novembro do 1856 unha visita do administrador do Distrito de Carril (ao que pertencia Ons pola residencia de Barnet) dada coma existencia de sal: 189 quintais na Illa de Ons. A última referencia de Vicente B. en Ons témola en 1862.

A partires desa data aparece o que fora capitán da polaca “Fraternidad”<sup>25</sup> D. Gerónimo Galup (fillo de Narciso e Magdalena Vergés) e casado con M<sup>a</sup> Josefa Alonso Estrada<sup>26</sup>.

Gerónimo Galup morre no 1864 polo que tivo que tomar as rendas da salga a súa viúva e así a vemos na costeira do 1865-66 en Ons escribindo unha carta (27-3-1866), ao igual que os demais fomentadores, ao Sr. Administrador da Facenda Pública de Pontevedra expónolle que, de seguir aplicándose a ordenanza 12-3-1859, pola que están obrigados a pagar as sales de resalga, non poderían seguir coa actividades salgadeira.

Na costeira do ano 1868-69 aparece Ons como parte da Admón. de sal de Marín e rexendo a salgadeira nese ano D. Antonio Córdoba<sup>27</sup>. A lo menos no 1870, Antonio Córdoba Moar<sup>28</sup> sigue en Ons, e parece que lle vai mellor pois case triplica o número de fanegas de sal solicitadas neste ano (600 quintais).

Un dos últimos fomentadores que utilizou a fábrica de salga de Ons foi o Sr. Villot.

O marqués de Valadares e a súa muller Joaquina Montenegro dende o 1836 e anos sucesivos aluga<sup>29</sup> terreos na illa, algúns destes en zonas próximas á salgadeira pero sempre respectando esta fábrica-almacén. Así o fai constar cando en 1891 Dona Joaquina alugou “*as diáas illas, edificios e lancha*” a José Estévez Barreiro e Salvador Massó Ferrer e lles puxo a condición de : *Non cortar árbores, non cazar, nin establecer salga que prexudique a do Sr. Villot.*

A instalación da fábrica de salga foi un punto de inflexión para as vidas dos insulares dado que a estrutura económica, fundamentalmente agrícola trocouse cunha mirada cara ao mar que se mantivo ata os derradeiros días en que se viron forzados a deixar a illa. Certo é que non so levou aos homes ao mundo do mar senón que tamén o fixo coas mulleres que traballaron na salga coma man de obra maioritaria<sup>30</sup>.

Como pudo comprobarse as salgadeiras de Ons estiveron ligadas, entre outros, a catro mulleres<sup>31</sup> das que eu destacaría a dúas pola súa importancia en relación coa salga de Ons, a unha como descubridora e estudosa, Paula Ballesteros e a outra, Rosa M<sup>a</sup> Aballe, coma emprendedora e construtora da salgadeira moderna. Gustaríame que estas notas tamén serviran como loanza e eloxio de ambas.

<sup>23</sup> No 1862 aínda seguía.

<sup>24</sup> Elaborado a partir dos asentamentos de nacementos no Rexistro do Xulgado de Bueu.

<sup>25</sup> AHPP. Sección Facenda 1838-43 (1) Ca-7268

<sup>26</sup> Ambos os dous de familia de salgadeiros.


<sup>27</sup> AHPP. G-7251 Sección Facenda Fomentadores-Correspondencia. Solicitaba 214 qq garantíndolle o fomentador de Marín, D. José Touza.

<sup>28</sup> Noutros sitios Montoya

<sup>29</sup> AHHP. Escribán: Casimiro Gómez 1-12-1837 Ca-1475: Id. escribán: 6-12-1839 Ca-1475, ...

<sup>30</sup> "... a maioría da forza de traballo nos almacéns de salga sábese desempeñada por mulleres" (Muñoz )

<sup>31</sup> Joaquina Montenegro, propietaria nas datas da salga moderna. M<sup>a</sup> Rosa Aballe, que edificou a salgadeira no 1837 e que as explotou durante cinco campañas. M<sup>a</sup> Josefa Alonso Estrada, viúva de G. Galup, salgadeira no período 1863-1867. Paula Ballesteros Arias que sacou a luz e documentou, entre outras, a salga romana de Canexol.



Nados en Ons. Exterior. Deses nados os que teñen pais ou avós de fóra de Ons.

## Anexo

### Descripcións da salgadeira ao longo do tempo:

“Visitamos o amplo edificio anexo á casa na que existen pías para a salgadura do peixe, e ao fondo o magnífico muíño fariñeiro, a motor, capaz de facer fronte ás necesidades daqueles habitantes en poucas horas de traballo diario. Exponnous o proxecto de iluminación eléctrica, para cuxo efecto está xa encargada a dinamo que alimentará unha batería de acumuladores. Vemos o secadoiro de polbo e os moreas deste peixe xa curado e disposto para a súa venda ou exportación.”<sup>32</sup>

“Contigua ó muelle e porto está a antiga fábrica de salgadura, hoxe desmantelada, que servía de aloxamento aos administradores, (...) É un edificio de planta baixa, con aditamento de extensa galería, con vistas ao mar” (Portela. 1954:68).

No 1932 Álvaro de las Casas fala do que fora salgadoira como lugar onde no momento da visita almacenábase o polbo: “Baixamos ao almacén onde meu grande amigo Dídio Riobó ofreceuños non sei cantas toneladas de polbo...”<sup>33</sup> ou “No punto medio, ourentado á ría, fica o Curro (Areal de los Perros no Fontán), o pequeno embarcadero po-lo que se fai todo o servizo, a taberna, a praia das dornas, o armacén e o casal do dono da illa Don Dídio Riobó, do xeito das antigas frábeas dos fomentadores cataláns” (Casas. 1934:168)

## BIBLIOGRAFÍA

- Arquivo Histórico Provincial de Pontevedra (AHPP) Seccións Protocolos Notariais e Facenda
- Ballesteros-Arias, Paula. Revista “Aunios”, nº 13, maio (2008) “O xacemento romano do cantil de canexol (Illa de Ons, Bueu)” 45-54 e en
- Ballesteros-Arias, Paula. “Cuadernos de Estudios Gallegos”, LVI, N.º 122, enero-diciembre (2009), “O aproveitamento do mar ao longo do tempo. A documentación do xacemento romano de canexol (Illa de Ons, Bueu)” 67-90. ISSN 0210-847 X
- Ballesteros-Arias, Paula. Revista “Aunios”, nº 17, maio (2012) (coautora Yolanda Seoane-Veiga) “Gravados rupestres na illa de Ons” 57-60.
- Ballesteros-Arias, Paula. Revista “Aunios”, nº 18, maio (2013) “Prácticas agrícolas e procesos de cambio no arquipélago de Ons” 35-38.
- Ballesteros-Arias, Paula. “O Patrimonio Cultural da illa de Ons: Impronta do pasado, identidade dunha paisaxe”, no libro “Ons e Onza nos arquipélagos galegos. (2012) Institución Cultural Isleña.
- Ballesteros-Arias, Paula. “Perceptions and Appropriations of Discourses in the National Park Island of Ons (Galicia, Spain)” (20013) Publicación: Ed. Springer.
- Ballesteros-Arias, Paula et al. “Cadernos der arqueoloxía e patrimonio” CAPA-33 (2013) “Estudo arqueolóxico do Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia. Prospección superficial e vulnerabilidade”
- Cerviño-Cidrás-Aldegunde. “A industria da Pesca Salgada. Os portos de Bueu e Beluso”. 1998. Dirección Xeral de Formación Pesqueira e Investigación da Xunta de Galicia.
- Currás, Brais. (2005) en “Cetariae 2005” artigo “Aportación al conocimiento de las industrias de salazón en las Rías Baixas gallegas”, 135-149
- Casas, Álvaro de las. “A Illa de Ons” na Revista Nós nº 130-132 (1934). P. 167-181
- Estévez Castro, José Mª. “Reconocer Bueu” (1996) Servicio de Publicacións da Deputación Provincial de Pontevedra.
- Libros de nacimentos e matrimonios do Xulgado de Bueu
- Lomba, A. Mª. “Contribución al estudio de la industria de la salazón de época romana. El noroeste peninsular” (1987), Lucerna, 2, Porto
- Lorenzo Fernández, Xurxo. “Notas do meu diario arqueológico” na Revista Nós nº 124-125 (abril-maio 1934). P. 87-88
- Muñoz Abeledo, Luís. “Los mercados de trabajo en las industrias marítimas: diferencias de género y desigualdad social” Enlace da Universidade de Zaragoza: <http://www.unizar.es/eueez/cahe/munozabeledo.pdf>
- Muñoz Abeledo, Luisa. “Género, trabajo y niveles de vida en la industria conservera de Galicia 1870-1970” (2010). Publicacións i Edicións, Universitat de Barcelona: Icaria, D.L.
- Pereira de Novaes, Manuel. “Anacrisis historial”. Collección de Manuscritos inéditos – IV (1915). Porto
- Portela Pazos, Salustiano. “Apuntes para la historia de la Isla de Ons”, “Cuadernos de Estudios Gallegos” XXVII, P. 35-73 Consejo Superior de Investigaciones Científicas. Instituto Padre Sarmiento.
- Rúiz Pico e Samper Calvete “Hidrología de las Islas de Ons” (2000) nas “Jornadas hispano-lusas sobre las aguas subterráneas en el noroeste de la península ibérica. A Coruña 2000 Inst. geológico y minero de España
- Vilas Paz, A. et al. “Guía de visita”. Parque Nacional Marítimo-terrestre das Illas Atlánticas de Galicia. Edita: O.A. Parques Nacionales (2005)

<sup>32</sup> T.V. “Una visita a la Isla de Ons” Faro de Vigo 13-11-1926 p. 1


<sup>33</sup> Álvaro de las Casas. “Ultreya, mar adelante” El Pueblo Gallego 24-7-1932 p. 24

# MÁIS COUSAS SOBRE O MECO

Por: Malena Disote Lino

Na actualidade polo Entroido está de moda facer uns monecos recheos de palla aos que chaman “mecos” que colgan nos torreiros das festas e aos que logo pasean e rematan coa súa queima. De onde vén ese costume? Non se sabe a ciencia certa, se ben o que si existe é a lenda do ‘Meco’. Por iso, nesta ocasión imos dar a coñecer, ou no seu caso recordar, unha das lendas do Entroido que ao longo dos tempos saíron á luz despois de permanecer anos case esquecidas sendo a primeira delas dunha grande consideración pola Ría de Arousa pois sucedeu nunha importante localidade daquelas terras, O Grove. Esa é a Lenda do ‘Meco.’

Meco de Antroido. Foto Voz de Galicia



Do Meco, con maiúscula, resulta moi interesante a opinión do lexicógrafo portugués Juan Ribeiro na súa obra,

publicada en 1909: “Frazes Feitas”, que di o seguinte: “No folclore de Galicia hai moitas historias sobre o Meco. Unha delas di que con ese nome había un individuo luxurioso e incontinente que non perdoaba nin doncela nin casada que caesen nas súas uñas” e engade que “esta lenda e outras similares puideron ser imaxinadas baixo a influenza da palabra “mec”, palabra que corre en tódalas xergas, baralletes e argots románicos e que significaba o forte, o poderoso, o xefe, o señor. E así no argot francés chamaselle a Deus o “Mec des mescs”. E remata declarando que “a frase, quen matou ó Meco? aplicase aos crimes colectivos e ven sendo similar a: ¿Quién mató al comendador? ¡Fuenteovejuna, señor!”.

José Miguel Besada, no número 3, desta revista Aunios mostra un interesante e documentado artigo titulado “O Grove, terra do Meco” onde no apartado titulado “O Meco, personaxe de lenda” sinala que este xa aparece nomeado nas copras satíricas de Mingo Revulgo, no século XV e tamén no século XVIII nunha glosa de don Diego A. Cernada, cura de Friume, pola parte de Lausame. Tamén afirma que aparece citado polo P. Sarmiento e por último cita a versión de Montero Ríos.

Esta versión deu moito que falar pois foi recollida polo xornal “El Liberal” con data 20 de setembro de 1898 que di así: “En una aldea de mi tierra, mataron a un sujeto, llamado Meco. La justicia andaba desesperada, buscando al asesino y sin poder encontrar ni un indicio, ni un rayo de luz. Como primera providencia metió en el juzgado, sito en la cárcel, a todos los vecinos varones. Cuando los tuvo encerrados, fue sacándolos uno a uno y sometiéndolos a igual indagatoria:

- ¿Quién mató al Meco?
- ¡Matámolo todos!

Ao fio desa narración eu tómome a liberdade de engadir algo máis tratando de enriquecer, se cabe, o artigo de Besada:

No Diario de Sesión das Cortes Españolas de 1898, sobre o conto do Meco hai unha boa historia, pois cando algúns deputados criticaron o tratado de París e quixeron esixir responsabilidades pola perda de Cuba, Puerto Rico e Filipinas ao ministro galego Montero Ríos, que fora o principal negociador, este afirmou que o desastre non era soamente culpa súa e sacou a relucir a lenda, que anteriormente reflectimos, do Meco salientando a frase: “Matámolo todos”.

O escritor e humorista, tamén galego, Julio Camba referíndose a este mesmo conto do Meco e a alusión de Montero Ríos cóntao así: “*O Meco era o cura do Grove e seguramente viviu, pouco mais ou menos, polos mesmos anos que o Alcipreste de Hita, aquel cura desvergoñado, de boa mesa e branda cama, que lle facía versos ás mozas e outras cousas peores. Daquela a fe era respectada e un alcipreste ou un capelán podía de cando en vez renderlle a honra debida aos seus fregreses, sen perigo de que o sacasen en “El Cencerro”.*

O cura do Grove era un daqueles curas. Comía como se come no Grove, unhas comidas a base de mariscos. Pero mariscos de verdade, *clientes de la Viña de P. Morán y de la Bombilla*: lagostas sen pintar de vermello, vieiras, nécoras, centolas, andoriñas<sup>1</sup>, berberechos e caramuxos!

“O cura do Grove buscábaoo. Coido que era bo mozo e tiña un carácter doado para a familiaridade cos rapazas. Ía a facer as súas dixestións á praia onde traballaban as mulleres metidas no mar coas saias remangadas por enriba dos xeonllos. Ao parecer xa eran bonitas as mulleres do Grove naquela época ou polo menos ao Meco non lle desgustaban”.

“Nun día o nome dunha rapaza foi posto en cuestión e as malas linguas mesturaron o nome do Meco no asunto... A causa foi medrando, medrando... Falouse doutras mulleres. Falouse de casadas, de solteiras, de viúvas. Ao primeiro o Meco tiña algúns defensores.

- É un santo.
- E os nenos?
- O Meco é o pai de todos...

Ata que nun día apareceu pendurado do campanario. A xustiza fixo acto de presenza: xuíces, corridores, escribáns. Un esriban ía de casa en casa cun tinteiro de corno e unha pluma de ave preguntando:

- Quen matou ó Meco?
- Matámolo todos...!”

Desde entón á xente do Grove chámanlle Mecos.

Con relación a este nome, pola parte de Madrid e das provincias de arredor é bastante común utilizar outra frase feita: “*No le vale ni la bula de Meco*” querendo dicir que

<sup>1</sup> Andoriña, nome que lle da Julio Camba á zamburiña sendo, ao parecer, daquela de uso común. Hoxe, polas Rías Baixas, praticamente ese nome non se utiliza.

non lle son de valor nin sequera os mellors privilexios. Meco é unha poboación próxima a Madrid a que lle fora concedida unha bula especial polo papa Inocencio VIII sobre a posibilidade de comer libremente, tanto nos venres como nos outros días de xaxún e de abstinencia, ovos e derivados do leite, agás na Coresma. Como se está a mirar non cabe mestura do cura do Grove coa vila do Meco na provincia de Madrid, partido xudicial de Alcalá de Henares. Da mesma maneira tamén o “meco”, con minúscula, tampouco ten nada que ver co outro “Meco”, con maiúscula.

De tódolos xeitos cumpre estar abertos ás novas iniciativas, como esta do “meco”, sobre todo si serven de divertimento e fan gozar mais tempo ós pequerrechos durante os días que anteceden ó Entroido pero sen esquecer á sardiña, aínda que sexa a de lata, pois a sardiña xa a enterraban os nosos devanceiros.




O meco aforcado. Debuxo de José Miguel Besada Costa para o libro: “O señor feudal ou ¿Quen matou ó Meco?”




# Casa Dora

José del Río, 6 - Teléf.: 986 881 383 - MARÍN

Restaurante





## AS FURNAS NOS CANTÍS DA ILLA DE ONS (II)

Por: Celestino Pardellas de Blas

O ano pasado, cando comecei o primeiro artigo sobre as Furnas, tiña a idea de facer un repaso, ao longo de varios números, a todas as covas interesantes dos cantís atendendo principalmente aos seus aspectos etnográficos pois, os espeleolóxicos e biolóxicos xa están estudiados ou necesitarían un estudio máis profundo por parte de técnicos especialistas.

Este ano, ao consultar os meus apuntes sobre elas, dinme conta que, aínda que cada unha ten a súa particular historia, a maioría ten un fio condutor moi semellante, polo que decidín facer un só traballo, sobre a Furna de Fedorentos por considerala a más interesante despois do Buraco do Inferno, resumindo nela ás diferentes temáticas que as caracterizan.

### AS FURNAS DAS ILLAS COMO ALMACEN DE TESOUROS

No conxunto da costa galega son as Rías Baixas, por mor da súa costa baixa e areosa, as que favoreceron a entrada por mar cara ao continente ao longo dos séculos. Á vez, nelas atópase a coñecida como Ruta Marítima cara a Compostela que seduciu a miles de navegantes, de todo tipo, a aventurarse na procura desta cidade, do seu comercio e das súas riquezas.

É por iso que houbo innumerables incursións marítimas de tipo comercial, pero non debemos esquecernos que, ao seu carón, houbo tamén outras que trouxeron devastación, aniquilación, saqueos e moita desolación a estas costas. Por desgraza isto foi o que contribuíu á formación de moitas historias e lendas enriba das illas que, ao lado de dar protección ás rías, eran tamén un lugar de repouso, abastecemento, preparación e organización das incursións cara ao continente.


Estas correrías invasoras traían consigo primeiro, conquistar a Illa, que polo xeral estaba habitada, e segundo, o abastecemento e preparación da incursión. Todo tería que xurdir moi axiña para evitar que os veciños da costa próxima puideran prepararse, esconder ou desfacerse dos seus bens máis prezados, polo que, todo debía estar ben disposto, planeado e coordinado.

Polo xeral os habitantes das illas non daban moito problema e eran facilmente sometidos. De aí a orixe da única lenda que hai sobre o posible “mosteiro” de Ons e a Laxe do Crego. Conta a lenda<sup>1</sup>

*“Dende o alto do Cerrado viron aproximarse cara á Illa unhas naves que non lle deron bo aquel, polo que se prepararon para defenderse. As naves fondearon entre o Ilote do Centulo e a praia de Melide (puido ser á altura do actual faro do Camouco) o que xa provocou o pánico entre os habitantes de Ons*

*ao pensar que se estaban dispoñendo para o ataque. Apresuráronse a gardar o gando e as súas pertenzas más valiosas na <casa grande> (possible mosteiro), que se atopaba preto da actual praia de Area dos Cans, onde tamén se refuxiaron as mulleres e os nenos. Os homes preparáronse para defenderse.*

*Axiña foron derrotados e os que puideron fuxir, refuxiáronse tamén na <casa grande>. Dende ela fixeron forte resistencia. Cando estaban a piques de renderse, asombrados, viron como os mouros, espavorecidos, fuxían monte arriba sen ningunha explicación visible.*



Laxe do Crego. Praia de Area dos Cans.

*De súpeto, un dos illáns refuxiados berrou abraiado mirando cara ao mar. Todos miraron e, atemorizados, fixeron o mesmo que os seus atacantes, correrón a refuxiarse onde puideron. O motivo era unha grande onda que vindo da ría de Pontevedra ía crecendo a medida que se achegaba á Illa.*

*Os mouros correrón cara á banda oeste de Ons e refuxiáronse nas covas, furnas e*

<sup>1</sup> Transcripción da lenda contada por José Reiriz que no ano 1975 contaba con 76 anos.

**cantís, coidando que a onda non pasaría por riba da Illa. E así sucedeu, escoitaron un forte estrondo pero nada más.**

**Pasado un tempo e vindo que nada ocorría, foron saíndo dos seus acubillos e, ao regresar, viron abraiados que a <casa grande> desaparecera e con ela todos os habitantes da Illa. No sitio que ocupaba apareceu unha tumba escavada na rocha, a que hoxe coñecemos como Laxe do Crego.**

**O seu pasmo foi a máis cando comprobaron que as súas naves estaban intactas, como se a onda as respectara, o que fixo que o medo penetrara áinda máis no seu corpo, decidindo fuxir desta illa enfeitizada.**

Ao igual que Ons, as demais illas da costa das rías Baixas, foron refuxio e zonas de abastecemento das naves que se achegaban ás costas galegas en plan de conquista e saqueo.

Estas illas servían de aprovisionamento e preparación para o ataque, pero tamén para gardar os froitos das súas rapinas cando estas non podían ser trasladadas na súa totalidade ao seu lugar de orixe. Era de supoñer que na súa idea estaría volver e recuperalas.

### **AS FURNAS DE ONS, COMO DEPÓSITO DE TESOUROS**

Segundo a cultura popular illán, praticamente todas as furnas de Ons gardan algún tipo de tesouro e, ata algunas delas, están protexidas por animais, case mitolóxicos, como é o caso da <Furna do Touro dos Cornos Douro> que se atopa na Enseada de Cova da Vella, áinda que algúns cronistas sitúan a este *Touro* na furna de Fontenova e outros co mítico Buraco do Inferno.

Como dixen, as furnas eran empregadas como almacén para gardar os froitos das súas rapinas no continente. Supoñemos que trasladar todo o roubado e saqueado ata o seu lugar de orixe era tarefa complexa e perigosa, polo que considerarían as furnas como un lugar seguro para gardar todo aquilo que non tivera un valor relevante, tendo en conta as dificultades que poderían ter no seu futuro regreso.


Entre as furnas de Ons que contan con lendas sobre tesouros agochados, contos e anécdotas a que se leva a palma e a <Furna de Fedorentos> e será a que vou tocar neste artigo.

#### **FURNA DE FEDORENTOS:**

É unha cova que por mor da dificultade do seu acceso, por estar nunha praia dentro dunha enseada de doado fondeo e entrada de embarcacións, pola súa estrutura interna,..., acadou unha importancia histórico –

etnográfico – natural considerable entre as Furnas de Ons. Situación : Atópase na zona norte da Illa, na enseada de Fedorentos. Radicada na mesma praia de Fedorentos, á banda esquerda desta.

Acceso<sup>2</sup> : Ten un difícil acceso por terra xa que o antigo camiño está pechado pola maleza. Ademais, antes de acceder á praia hai que superar un pequeno cantil que pon a cousa moi complicada. Podemos achegarnos máis doadamente aproveitando a marea baixa e ir camiñando polas rochas dende o Puntal de Fedorentos, áinda que o mellor xeito de se achegar é por mar tendo moito coidado cos baixos existentes antes de acceder á praia se imos con marea baixa.



**Entrada da Furna de Fedorentos.**



Longo, Ancho e Alto.- Longo: Ao intre de entrar na cova, encontrámonos cun fondo que non chega aos 10 metros, pero a 1 m. da entrada, pola súa banda esquerda, atopámonos un estreito corredor polo que percorreremos uns 4 metros, coa posibilidade de continuar.

<sup>2</sup> Hai que ter en conta que a Praia de Fedorentos está radicada nunha illa pertencente a o único Parque Nacional galego e pola súa situación e regulamento do Parque, pode ter o acceso restrinxido.

No seu lado derecho, e despois de subir entre unhas pedras recubertas de barro (subida de 4 – 6 m.) atoparémonos nunha especie de sala de forma circular cun diámetro de 12 metros e cunha bóveda de 8 – 10 metros de altura, que conta cun pequeno buraco por onde entra a luz. Nesta sala hai fermosas stalactitas de barro, algunas cunha cor laranxa ou amarela intensa.

No ancho da furna distinguiremos :

- 1.- Ancho da cova principal : No corredor de entrada sobre os 5 metros, despois, xa na nave principal e cunha forma semicircular, arredor de 12 metros.
  - 2.- Pasadizo da esquerda: o seu ancho non supera o máximo do 1,5 metros.
  - 3.- Subida á cámara da dereita, cun ancho de 2,5 metros.
  - 4.- A cámara cun diámetro de 12 metros.
- O alto da cova vai dende os 15 metros da cámara principal, nada máis entrar, ata os 10 máximo da secundaria .

#### **Ecoloxía :**

Como cova nidificante só podemos constatar ao longo dos anos, niños de pomba bravía, dous de grallas, algunha andoriña e de pequenos páxaros.

Debido a que a cova ten moitas filtracións de auga doce, a ela acoden a beber e refuxiarse gaivotas, galos mariños e outras Aves Mariñas.

Tamén, cando á Illa acudían londras, esta cova servíalles de refuxio.

Coma caso anecdótico, falar de varios varamentos de golfinhos e outros cetáceos nesta praia a carón da furna.

#### **Etnografía:**

Esta cova conta con un bo número de lendas e contos por mor das súas características e á dificultade do seu acceso. Podemos situalas ao longo do tempo, así temos as posibles ocorridas na época castrexa, na época medieval e nos séculos XIX e XX.


#### Etapa castrexa<sup>3</sup>

**“Cando habitaban os mouros no Castro, en Canexol, houbo moitos ataques a esta Illa. Como a situación do Castro dos Mouros era tan boa, o único lugar para entrar na Illa sen ser vistos, era polo norte, pola Enseada de Cova da Vella, ou polo sur, pola praia de Fedorentos.**

**Dende logo Fedorentos era o mellor sitio, xa que o monte do Alto e o da Espadoada dificultaban a visión dende o castro, e a súa**

**praia era a ideal para desembarcar e realizar un ataque por sorpresa. A cova podería servir como cuartel xeral para a preparación da penetración e ataque.**

**Os barcos fondeaban na enseada, o más pegados á banda leste co fin de dificultar o seu avistamento e, en pequenos barcos achegábanse ata a praia.**



**Segundo parece, despois de derrotados os habitantes do castro, as pertenzas destes con algún valor eran transportadas aos barcos quedando agochadas as menos valiosas nas furnas da enseada de Fedorentos”.**

#### Etapa medieval<sup>4</sup>:

Temos lido que na etapa medieval a Illa de Ons era un magnífico lugar para abastecemento de polbo que tiña como destino Marín. Hai documentos que falan de transaccións comerciais de polbo entre os monxes que habitaban Ons e os da Illa de Tambo e estes cos do Priorado de Marín pertencente ao mosteiro de Oseira.

Estes intercambios comerciais na ría de Pontevedra, ben coñecidos polo posterior comercio con zonas do interior de España e con Portugal, taménatraeron a piratas de diferente procedencia co fin de, non só abastecerse dun produto cobizado no mercado, senón polas riquezas que estes negocios traían aos habitantes das illas, neste caso a de Ons, campesiños e pescadores que poderían ser doadamente sometidos, saqueados e despoxados das súas pertenzas.

**“Hai documentación que fala dos innumerables saqueos que sufrieron estas costas durante os séculos que van dende o XI ao XVI. Tamén falan da situación das vivendas illáns daquelas épocas que, como despois fixeron**

<sup>3</sup> Transcripción resumida do escoitado nunha cea de sábado no bar Canas de Canexol-Illa de Ons (rexentado por Francisco Martínez Sampedro) cos tripulantes do <Croll> e outros mariñeiro, antes de poñer o tocadiscos a funcionar e comezar o baile para os illáns. Ano de 1975. Entre os mariñeiro: Méndez, Antonio Patiño, Manolo Reiriz, Delmiro Patiño, Cesareo, Arturo, Chin,...

<sup>4</sup> Documentos varios do Arquivo Histórico Nacional.

*en etapas más próximas, aproveitaban as zonas protexidas dos ventos dominantes para construílas, o que motivou, ao contrario dos castrexos, que a súa visualización do océano fora complicada e, á vez, debido á boa visión que tiñan da banda leste e a problemática de penetración por mar pola banda oeste, fora a sur (praia de Fedorentos) a elixida para a incursión, sendo posiblemente a Furna un lugar importante na preparación do ataque".*

#### Século XX:

Pero cando colle esplendor esta Furna é no século XX. Dous acontecimentos van facer desta Furna un lugar de acollemento. Por un lado, cando despois da Guerra Civil Española, Ons, case sen querer, se converteu nun refuxio de escapados da represión franquista e, por mor das constantes chegadas á Illa de falanxistas, provocaba unhas repentinas fuxidas, de illáns e achegados, cara a lugares (covas e furnas) onde atoparse seguros.

A furna de Fedorentos, nun primeiro momento, poderíamos pensar que non era a ideal para relacionala con este feito por mor da súa facilidade de achegamento por mar, o que constituía un serio perigo; pero á vez, a súa formación interior, facilitaba un lugar de agochamento extraordinario.

No ano 1974 falar destes feitos non era doado. A xente maior, tiña moito reparo en facelo pois, aínda que na Illa a represión foi inexistente, si a houbo nos portos próximos a onde ían vender, e tiñan moi presente o que lle tivera acontecido ao Sr. Riobó ao inicio da contenda.

Contaba o Sr. Olegario "**A guerra xa rematara había uns anos e as cousas estaban moi difíciles. Nós, na Illa, non pasabamos fame, había sempre algo que levarnos á boca, tiñamos animais, traballabamos a terra e pescabamos, non tiñamos cartos, pero non pasabamos fame. Polos anos 40, cando os nosos pais ían a Bueu**


*na dorna co millo para facer fariña, sempre se achegaban ata o muíño homes que entraban en conversa con eles. Explicábanles que eran bos carpinteiros, canteiros, albaneis,..., pero que aquí non había traballo e pasaban fame. Pedíanllles poder ir con eles a Ons e que estaban dispostos a traballar só por un sitio onde durmir e pola mantenza.*

*Ao principio os da Illa foron remisos a traer a ningúen a súa casa, pero cando o fixo o primeiro, que trouxo a un home que dixo ser da montaña de Pontevedra, indo cara a Ourense, e viron como traballaba a pedra para facer arranxos na casa, construír piornos, preparar alboios, facer peches,..., e o facía sen cobrar nada en cartos, os demais non dubidaron en admitir algúun achegado na súa casa."*

É de supoñer que os veciños descoñecían a realidade do especial interese desas persoas por ir traballar a Ons totalmente gratis, á vez que tamén se daría o caso de que non todas foran persoas perseguidas e que si tiveran verdadeiras necesidades para facelo. O que si é importante e que, durante case unha década, os illáns que tiñan terreos, gando e un lugar para acoller a esas persoas viron aumentado ou mellorado o seu patrimonio; arranxábanllles as casas, construíronse un bo número dos piornos de pedra, melloráronse os de madeira, aumentaron os rendementos agrícolas ao haber máis mans para traballar e coidar as terras,...

Despois da contenda e durante os primeiros anos, achegábanse ata Ons grupos de falanxistas que, ao tempo de dar as consignas pertinentes do réxime e aprovisionarse dalgún producto pesqueiro e marisqueiro, obligaban aos veciños a facer instrución co tino de ser útiles ao réxime se os necesitaban.


Eses eran os momentos difíciles para as persoas que estaban en Ons refuxiadas. Xa coñecían as barcazas ao lonxe e, tan pronto as albiscaban, desaparecían de súpito de onde estiveran, algúns poñendo algunha desculpa para non levantar sospeitas e outros, os menos, dicíndollo aos seus caseiros para non ser delatados.



Furna de Fedorentos

Un lugar seguro eran as furnas do lado oeste da Illa, con difícil baixada polo cantil e más complicado e arriscado o intentar achegarse por mar. O Sr. Arturo<sup>5</sup> comentaba: **"Xa tiñan os camiños de baixada feitos e ben disimulados. Ían cada certo tempo a acoloutralos e, como tiñan comida e roupa gardada na cova, cambiábanla para que non se lles estragara. Cando viñan os da falanxe á Illa, estes homes fuxían cara aos seus refuxios e estaban neles ata que marchaban os falanxistas, houbo veces de estar alí case unha semana ..."**

Non todas as furnas de Ons reunían as condicións de habitabilidade necesarias para poder refuxiarse nelas. Manolo, veciño illán, comentaba: **"As covas más empregadas eran a da Londra preto de Melide, a do Xovenco na zona norte, a de Fontenova, a de Cano das Bombas e nas covas do Estropeiral na zona oeste, e a más empregada era a da praia de Fedorentos que estaba comunicada coa das Coviñas na zona sueste ..."**



Furna da Londra, preto da praia de Melide.

<sup>5</sup> Na maioría dos casos vou poñer só o nome do informante ou informantes, a maioría xa falecidos, co fin de evitar susceptibilidades.

Aínda que as características actuais do interior da Furna de Fedorentos darían a entender que a habitabilidade e seguridade alí non ía a ser tan boa, segundo o relatado polos veciños podemos chegar a entender que, noutras épocas, as súas características internas eran distintas xa fora por causas naturais ou pola actuación do home.

En charla co sr. Arturo e o Sr. José, comentaban: **"... recordo que, ao entrar había unhas cavidades á dereita e era alí onde gardaban as caixas tapándoas despois con pedras. Cada un tiña a súa e nela metían algo de roupa, latas de conserva, cousas para pescar, mistos,... Envolvíanas en plásticos, para que non entrara a humidade e, ao cabo dun tempo, volvían para mirar como estaba todo.**

**Ao fondo, á esquerda, había unha subida con mestura de pedra e barro que daba a unha cámara que nun dos seus lados tiña unha abertura que a iluminaba e dende onde se miraba o mar e a praia. Nesa cámara fixeran un buraco, ou pode que xa estivera feito, que comunicaba con outra estancia más grande por medio dunha pequena galería pola que había que ir encollido. Os velllos de antes din que dende esa cámara, que non tiña luz natural, comunicabas coa cova das Coviñas que mira á ría de Pontevedra.**

**Contaban que cando viñan os da falanxe, ían a gorecerse a esta cova e preparaban todo na segunda cámara aínda que estaban á espera na primeira porque dende ela, ao carón de ver coa luz que entraba polo buraco, podían vixiar mellor. Sempre algúin, pola noite e ás escondidas, achegábase polo monte ata Curro para ver se marcharan..."**

Non sabemos canto tempo duraron estas escapadas. É de supoñer que non moito xa que os falanxistas deixaron de ir á Illa e a tranquilidade en Ons reinaba ao carón da pesca e a agricultura. Tampouco se dispón de datos sobre o rumbo que tomaron esas persoas a medida que as cousas en terra se ían tranquilizando; o que si queda é o uso das furnas como refuxio para esas persoas que viron en Ons a un lugar seguro onde vivir ata que as cousas no continente se calmaran.

Pero de novo esta furna de Fedorentos volve a coller esplendor a finais dos anos sesenta e durante case todos os 70 do pasado século XX. Nestes anos o contrabando de tabaco polas rías Baixas galegas collera un enorme esplendor e as planadoras movíanse con grande rapidez entre as rías.

As illas e bateas convértense en improvisados, e non tan improvisados, almacéns á espera da súa introdución e venda en terra. A maioría das furnas da Illa de Ons non eran doadas para servir de depósitos por mor da súa dificultade para entrar nelas por mar ou polo pouco espazo do que disponían no seu interior.

Sen embargo a furna de Fedorentos era a ideal. Con marea alta case entraban coa planadora ata o interior da propia cova. Tiña unha profundidade e altura suficiente para almacenar un bo número de caixas e a súa difícil

accesibilidade por terra faciana ideal para servir de depósito á espera da súa introdución por calquera das rías.

Innumerables foron as anécdotas que se viviron por causa destes almacenamentos. Contaba Ramiro: "... **viñamos do marullo<sup>6</sup> e tiñamos a dorna chea. Fomos á praia de Fedorentos para poñelo a secar mentres iamos por más, xa que, despois de secos, metiámolos nuns sacos e ocupaban menos. Eu quedei na praia a estendelo mentres a muller e os fillos ían ás pedras. Achegueime ata a cova e vin un montón de vultos dentro. Estrañado mirei a ver o que era e cando comprobei que eran caixas de tabaco, nin as toquei porque estes non se andaban con bromas. O malo foi que, ao chegar a Curro, conteino e, segundo parece, pola noite, os mozos achegáronse ata a praia e deron boa conta das caixas.**

**Aos dous días chegaron a miña casa os contrabandistas, eran da zona de Arousa e tiñan moi malas pulgas, conteilles o que pasara, pero non me creron.**

**Entón dixerónme: - Imos marchar, e á noite vamos a volver e ir á taberna, cando están a maioría dos veciños, e preguntaremos por ti. Cando chegues vas a contar en alto o que nos contaches a nós.**

**Efectivamente, sobre as sete chegaron. Na taberna había un bo numero de veciños, a miña muller xa se encargara de darrle ao peteiro. Preguntáronme se sabía algo das caixas e eu contei o mesmo que dixerá na taberna uns días antes. Despois de escoitarme, eles dixerón:**

**- Pois se fuches ti quen as levaches ten moito coidado porque era unha partida que viña contaminada e todos os que fumen dese tabaco van ter cagarriás, dor de estómago e fortes dores de cabeza, polo que, pronto imos a saber se fuches ti ou foron outros.**

<sup>6</sup> Alga que recollían os illáns para, despois de seca, vendela a Checho e este a uns comerciantes da zona do Rosal para a súa transformación e uso medicinal.

**Todos quedaron cun cara de parvos e un pouco asustados. Logo dixerón:**

**- Imos a darvos esta noite para que as caixas ou os paquetes aparezan na finca que está detrás da igrexa, de non aparecer miraremos que ten os síntomas indicados e imos ir por eles, xa sabedes como as gastamos. Nós viremos mañá moi cedo.**

**Aquelhas palabras e co medo que lles tiñamos, pois non se andaban con coñas, deu o seu resultado. Pola noite a zona de Curro parecía ocupada pola Santa Compañía, un montón de luces e xente cargada ía depositando o material no campo do cura. Pola mañá cedo chegaron e levaron o que había.**

**Pasado un tempo volveron e na taberna comentaron: - Que non volva a ocorrer senón os vosos barcos poden pasar a mellor vida.**

Historias como esta ou moi parecidas xurdían nas tabernas tan só con sacar o tema, e a furna de Fedorentos sempre era a protagonista.

Poderíamos afondar máis no tema pero, como digo sempre, eu fun un mero recompilador co fin de que a importante etnografía da Illa de Ons no se perdera. Non me considero un especialista nestes eidos, por iso o meu obxectivo con este e anteriores artigos inseridos nesta revista e dar a coñecer o enorme potencial antropolóxico e etnográfico que ten Ons para que a universidade e especialistas se poñan a traballar nestes campos. Non queda moito tempo; as persoas que hoxe en día nos poden falar desta temática, porque a viviron ou llela escoitaron aos seus pais, son moi poucos e, polas súas idades, pronto deixarán de estar ao noso lado. Animo dende estas liñas a que se traballe neste eido e que as administracións, en especial, Parques Nacionais, apoien todas as iniciativas encamiñadas a estudar, pescudar e dar a coñecer a riquísima cultura popular da Illa de Ons pois, de non facelo, nin tan sequera teremos recordo dela nos libros.



Barco-batea do Grove.

## COLABORA:



## XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

## XOGANDO A PIRATAS

**"Achado fortuito pon ao descuberto rede de narcotráfico"**

Por: Henrique Dacosta López

Cousa cantada, aquela do Eladio do Rego. Mais era a lei do silencio. Si. Se cadra é a mellor expresión. Remusmús de aquén e de alén. Falares coa boca pequena: de desembarcos, de interrogatorios infrutuosos, de inútiles pescudas policiais. Todo aparentando igual, que nada pasa. Os mesmos devalos, as mesmas premares. Algún cartón de tabaco americano varado na area, flotando na auga, pescado no tramallo. Nada estráño.

Cada vez que o recordo... O que xogabamos no obradoiro do padriño! Ás veces, todas a un andar, que até coincidían catro chalanas para construír a un tempo. Que portento el! E mentres a esta colocaba o rodamento de proa, a esoutra o pano de popa, aquela o esqueleto tiña composto, e a cuarta as chumaceiras por terminar. Tratábase do Celso, do mellor carpinteiro de ribeira e con maior fama na redonda. A ribeira, un dicir, unha simple metáfora, pois a eira, onde vai a súa primitiva función!, era hoxe o seu modesto estaleiro.

Lémbroo coma se fose agora. Eu o capitán Keitt, pois doutro xeito non había de ser; Pita, o meu contramestre Jacques Blake; e Fuco, o máis novo de todos, o mariñeiro Jim Mathew. A estampa da embarcación parecérame fascinante, cousa nunca vista, tan pintreira ela. "Chámase galeón", dixérame meu padriño, eu pasmado ollándoa, "É de Eladio do Rego". "Un galeón!", pensei para min, maximando aqueloutros de antano transitando os mares con tesouros para delicia dos piratas.

Fora cuestión tan só de saber agardar até o momento da súa sesta. "Contramestre Blake, abarloe a nave contra o costado. Asegúrese de que o fogo dos canóns non nos alcance". E prestos para a abordaxe, xa o mariñeiro Jim Mathew preparábase para trepar pola amura berrando: "Á abordaxe! Á abordaxe! Ahhhh!". E ao unísono subiamos todos tres para nos bater a espada e descarga de trabuco


contra o inimigo. "Come chumbo, can sarnoso", profería o contramestre. Entre tanto, eu brandía aceiro contra un, contra dous e mesmo tres oponentes, e a todos daba morte con certeiras coiteladas. De alí a un pouco, o galeón caía rendido aos nosos pés tras acabar coa tripulación toda. Ben, con toda non exactamente.

"Non ousaredes tocarme, rufiáns!", escoitaramos de repente desde a cámara do patrón. Ouh, non!, era miña irmá Inés; ás agachadas, coárse no barco e puña empeño en ser a princesa Violet de Yorkshire. Porén, nin tempo dera ao inicio da discusión, nin aos inconvenientes de ela, unha muller, encontrarse alí, cando Jim Mathew atopara aquilo apóis remexer por varios dos tambuchos. Acto seguido, foi xa cando se armou o balbordo. Mais o capitán, pois que para algo ha de selo, en menos do que canta un galo soubera impor o seu principio de autoridade.

A de cigarros que fumaramos na nosa cabana durante tres longos veráns! Ningún dos amigos se estrañou do dispendio con eles. E é que o par de sacas esquecidas no fondo do tambucho deran para unha boa fartura. Con todo, era o noso segredo. Punto na boca. No círculo

de amizades, a ningúen sorprendeou. Ou, mellor sería dicir, ningúen na contorna se habería de sorprender, caso de sabelo. Hoxe case son vinte os anos transcorridos desde aquela. A mesma lei, a do silencio, é a que impera. Por iso, e sen ningún espanto, léoo no diario:

**"A descuberta feita por un mergullador deportivo propicia o achado dunha furna onde se escondían habitualmente fardos de cocaína para a súa posterior distribución pola zona. A pista seguida parece levar até o famoso narco Eladio do Rego..."**





## ENTRE CASEAS E BOUREIS

Por: Manuel Chazo Cores

Noites xa pasadas na procura dun mar onde poder fondear e esperar a pesca do xeito. Entre caseas e boureis navegabamos a motor con pouca marcha para poder sortear os boureis xa fondeados das pezas do xeito; o mariñeiro de proa indicando: A babor! A estribor! Tamén, noites en calma, navegando a vela, trinqueta e mesana, cunha brisa do nordés. Ás veces víamos xurdir un submarino preto de cabo Fisterra e, ao recoñecernos, mergullarse de novo.

O motoveleiro *<Joaquín>* buscando o leste para fondear. Ao estar fondeados acendíamos dous farois e esperabamos a pesca, sempre de garda. Tamén mercábanse as sardiñas que pescaban as lanchas, as bucetas e os botes do Pindo, Ézaro, Quilmas, Caldebarcos,..., cheos de abundante pesca dos xeiteiros de Lira, cando as sardiñas buscaban a costa.

Cando regresabamos a estes mares dende o porto de Vilanova de Arousa, o meu pai José Marcelino Chazo Martínez, se estaba calma, ía buscar fondeo ao pasar os Miñarzos. Dende punta Remedios corre, ata unha milla de distancia, un estreito arrecife no que sobresaen algunas pedras chamadas illotes Forcados, mar de lagostas. Ao estar á altura dos illotes, tirabamos ao mar a poutada. Meu pai púñase a pescar congro (os congros neste mar eran enormes); nós pescabamos faneca grande. Cando tiñamos abundante pesca, metíamos a bordo a poutada e a navegar ata a praia do Cristo en Fisterra.

Mar libre buscaban sempre os xeiteiros de Lira. Había dos xeiteiros chamados *<Arturo>* e *<San Andrés>*

*"Mirando al mar soñé  
que estaba junto a ti,  
mirando al mar yo no se lo que sentí  
y acordándome de ti lloré.  
La vida que se fue  
jamás a de volver  
jamas a de volver a mí  
y eso que estoy mirando al mar  
de la Ría de Arousa.  
Recuerdo aquella aventura que se fue  
y en tus manos temblorosas escuché  
bajo el palio de una luz crepuscular  
aventura que se fue y que nunca volverá."*

que se refuxiaban con bo tempo en Porto Cubelo, esperando que as lanchas saíran a faenan en tardes de calma.

Se se levantaba mal tempo do sur, escapaban a motor dende Porto Cubelo ata a praia de Quenxe en Corcubión, era o mellor sitio para fondear os buques maiores con fondos de 12 – 15 metros de lama e area.

A vila de Corcubión foi fundada polos gregos. Os buques carboeiros fondeados na súa ría serven aos mariñeiros de cataventos. É pobre en pesca e só se podía comer carne. Se as mareas eran vivas, podíanse recoller na praia do porto berberechos para o arroz pois, se o mal tempo duraba días non había outro alimento para os mariñeiros. Se persistía, navegabamos ata a Lobeira Chica, cuberta no seu redor de grandes espazos de algas para pescar.

Manuel Ferro Riveiro e José Manuel Chazo Romero souberon defenderse sempre na pesca da sardiña ao xeito, a máis apreciada para a salga. A meca da salga foi, sen dúbida, Vilanova de Arousa, en tempos en que España estaba en guerra e durante a Segunda Guerra Mundial. Despois, ao iniciarse os *Polos de Desarrollo* en España a salga veu abaxo e comenzaron a montarse fábricas de conserva e marisco. As primeiras foron as de Pérez Lafuente e Francisco Lafuente e logo continuaron os seus fillos que daban traballo a moitísimas familias do municipio. Na actualidade están en pé unhas cinco pero o seu traballo é mínimo por mor da falla de materia prima.

Ézaro



# ILLA DE ONS: NAUFRAXIOS NESTE ARQUIPÉLAGO

## "O CASO DO CÍCLOPE E UN DOS SEUS COMANDANTES: MIGUEL BUIZA"

Por: Fernando Trigo

*De novo, o coordinador desta revista, consigue cos seus artigos e cartas que esta Illa de Ons sexa estudiada e posta en valor pois, dende os Organismos Oficiais e dende a propia Universidade, seguen marxinándoa sendo, como el ben di, unha Illa virxe no que respecta a investigación e estudos de tipo histórico e antropolóxico.*

Cando lin o pequeno artigo que publicou sobre o Cíclope<sup>1</sup>, intereseime polo tema e teño que decir que, ao lado de atopar moita documentación sobre este e outros naufraxios acaecidos en Ons, atopei unha interesante historia sobre un dos comandantes deste remolcador, Miguel Buiza Fernandez-Palacios, que considerei interesante incluílo nunha pequena colaboración sobre o Cíclope nesta revista.

### NAUFRAXIOS EN ONS

Moitos son os naufraxios que tiveron como protagonista o arquipélago de Ons a través do tempo pero poucos os estudiados e mergullados a nivel científico. Coido que estes tristes sucesos, pola perda de vidas humanas que levaron a grande mayoría deles, son parte da historia de Ons e é necesario que se cataloguen e estuden debidamente. Tamén se algunha parte do pecio pode ser trasladada a terra, sen prexudicar a este, para podela expoñer nos Centros de Interpretación de Vigo e de Visitantes de Ons, xunto coa historia do buque e o seu desgraciado accidente, sería dun grande aporte para que os visitantes e mesmo os veciños, coñezan mellor a historia desta Illa poñendo en valor o Parque Nacional.

Aínda que sei que haberá moitos máis e seguindo a aqueles estudosos do tema que os traballaron a nivel hemeroteca e mergullándoos, aquí deixo unha táboa cos naufraxios acaecidos na Illa de Ons.


NOME	DATA	LUGAR	VÍTIMAS
<i>Brilliant</i>	04-12-1799	Ons	?
- <i>Raposo</i>			
- <i>Alcudia</i>	6-6-1801	Cercanías de Ons	?
<i>San Juan Bautista</i>	20-11-1893	Ons	5
<i>Pepita Sobral</i>	01-03-1928	Melide-Ons	0
<i>Constante</i>	17-10-1930	Melide-Ons	0
<i>Azaña</i>	5-5-1932	Ons - Salvora	19
<i>Barsac</i>	09-01-1940	Onza	17
<i>Campos</i>	17-11-1942	Onza	21
<i>Maria Luisa</i>	10-11-1950	Onza	16
<i>Cíclope</i>	23-10-1952	Onza	7
<i>Santiago Cerviño</i>	18-11-1959	Onza	12
<i>General Mola</i>	23-12-1959	Freitosa-Ons	0
<i>Bella Otero</i>	05-08-1967	Onza	0
<i>Nuevo Maruja Costa</i>	31-10-1972	Ons	6
<i>Cordero González</i>	30-08-1975	Melide-Ons	0
<i>Soy de Ons</i>	4-07-1979	Laxe do Crego-Ons	0
<i>Nuevo Virgen del Carmen</i>	17-02-1998	Onza	1

### REMOLCADOR DA ARMADA <CÍCLOPE>

No ano 1920 a Armada tiña unha enorme necesidade de fortalecerse. É por iso que no ano 1921 adquiriu varios remolcadores, entre eles, o Cíclope. O nome que lle puxeron foi o de: *Remolcador de altura, clase Cíclope, RA-1*. A súa eslora era de case 44 m. e estaba propulsado por unha máquina de vapor de 1.200 Cv. Levaba como armamento un canón de 57 mm. A súa primeira dotación foi de 36 homes entre oficiais e mariñeiros.

A lo largo da súa vida fixo importantes labores de remolque, entre os que destacamos en 1924 o da grúa flotante <Atlas> para poder rescatar ao acoirazado <España> varado na costa africana.

Remolcou en 1929 ata Cartagena, ao submarino construído por Isaac Peral. Cartagena, será o seu porto base a partires de 1932.



Embarcamento do "Bella Otero" na Illa de Onza en 1967.

<sup>1</sup> Celestino Pardellas de Blas. "Naufraxios en Ons: O Cíclope". Faro de Vigo. Edición Morrazo. 8 de xuño de 2013.

Durante a Guerra Civil Española mantívose baixo mando republicano sendo o seu comandante o Capitán de Fragata Miguel Buiza. (Coido interesante dedicar unhas letras a este comandante do Cíclope<sup>2</sup>).

**Miguel Buiza Fernández-Palacios** ingresa na Escola Naval Militar de San Fernando en Cádiz no ano 1915. Procedía dunha familia burguesa e conservadora. En 1932 foi nomeado Capitán de Fragata e comandante do remolcador Cíclope.

Aínda vindo dunha familia conservadora, foi un gran defensor da República. Co estalido da Guerra Civil segue no bando republicano xunto con Luís González Ubieta que estaba ao mando do <Ártabro>, buque explorador da Flotilla de Vigo.

Buiza apoia á Frente Popular, actitude minoritaria nos mandos da Armada no 1936, e con certos problemas, conseguiu seguir fiel ao bando republicano. Sobre este feito escribiron: “*Cando estaba amarrado ao peirao do arsenal de Cartagena, ata alí chegou un número de mariñeiros que percorrían o porto arrestando aos oficiais dos buques atracados por ser sospitosos de conivencia cos sublevados. Ao chegar ao Cíclope, piden que baixe o comandante para detelo. A dotación en pleno, co xefe de máquinas á cabeza, fanlle fronte e negánselle a que baixe do barco. Considerárona unha boa persoa, republicano e leal. Buiza conseguía así quedar ao fronte do seu barco ata que as autoridades da Mariña republicana lle mandan ao cruceiro <Libertad> como comandante*”.

Sen embargo dende outras fontes escriben: “*A mi paréceme un personaxe moi interesante, pero tamén hei de dicir que ao seu redor formouse unha lenda, non sei se seriamente sustentada, onde o tachaban de indisciplinado e de dar mal exemplo respecto do que se puidese esperar dun oficial... Dicían que era moi popular e levábase ben coas dotacións. Era moi coñecido en certo barrio de Cartagena pola súa frecuente asistencia e que pagaba para que algúns dos seus homes o pasaran ben...*”

Buiza quere poñer orden nunha flota que carece de oficiais xa que unha grande maioría optaron polo bando nacional ou foran asasinados. Non tivo moita sorte e, ainda que foi nomeado Almirante Xefe da flota republicana tivo un ineficaz mandato, recoñecido nas súas memorias polo propio presidente Azaña.

Foi substituído polo recentemente nomeado Almirante Luís González Ubieta. Posteriormente ocupou varias xefaturas do Estado Maior, da Xunta de Recompensas e da Sección de Persoal. En febreiro de 1939 toma de novo o mando da flota republicana. A partires de aquí propón a rendición debido á baixa moral das tripulacións. En marzo de 1939 ordena partir a toda a flota cara a Túnez onde a entrega ás autoridades militares francesas.

En maio de 1939 pediu o ingreso na Lexión Estranxeira francesa. En 1942 participou na campaña de Túnez co bando aliado. Colaborou cos xudeus e foi arrestado. En 1948 pasou a vivir en Alxeria e despois en Marsella onde morreu en 1963.

*(Personaxe curioso que sería digno dun profundo estudo co fin de coñecer mellor á Armada republicana).*



O Cíclope embarrancado na Illa de Onza. Ao seu lado pequenos botes auxiliares e dornas da Illa de Ons.

No ano 1938, o Cíclope foi alcanzado, no porto de Cartagena, pola aviación nacional. Reflotárono en 1939 pasando de novo ao servizo no ano 1942. Ao ano seguinte pasará a formar parte da flota da Escola Naval Militar de Marín.

### NAUFRAXIO DO CÍCLOPE

Na Escola Militar de Marín desenvolveu satisfactoriamente unha gran cantidade de traballos de remolque e axuda á navegación. No mes de outubro de 1952, o día 23, a Escola Naval realizou en mar aberto unha manobras de tiro. O remolcador Cíclope foi o encargado de remolcar os brancos.

Rematadas as manobras e cando viña de volta cara a Marín, á altura das Illas de Ons, falloulle a máquina,

<sup>2</sup> Victoria Fernández Díaz. “El exilio de los marineros republicanos”. Universidade de Valencia 2009 / guerracivildiaadia.blogspot.com. “Luís González Ubieta (1899-1950)” / foro.todoavante.es. “Historia Naval de España y otros países de habla española - buques 1834 a 1960. / marginadoshistoria.blogspot.com. “Miguel Buiza y Fernandez Palacios”.

concretamente houbo un descenso de presión na caldeira, quedando o barco a mercé do temporal que se levantara naqueles intres.

Intentouse buscar todo tipo de soluciones para evitar que o barco se achegara perigosamente á Illa de Onza, pero os intentos foron inútiles e o barco acabou embarrancando contra as rochas da irmá pequena de Ons. Os primeiros en acudir a axudalos foron os veciños desta Illa, grandes coñecedores da zona, que grazas ás súas manobrables embarcacións (as dormas), preparadas para traballar en duras condicións de mar, puideron achegarse ao lado do barco e facilitar a axuda que boamente podían dar co temporal reinante, participando no rescate de moitos dos 47 mariñeiros da tripulación que puideron salvarse.

Os mariñeiros contan cantidade de anécdotas sobre aquela desgraza<sup>3</sup>: “...chegabamos coas dormas e os mariñeiros, pobriños, querían subir a bordo como fora e tiñamos que desfacernos deles por temor a que a dorna envorcara e foramos nós contra o mallón...” “Era moi difícil axudalos, amarrábanse con tal força á dorna que parecían que estaban apegados a ela e non eramos capaces de subilos. As veces, cando o estabamos a conseguir, amarrábbase outro e coa força que facía e nós subindo xa a un, a piques estivemos de ir ao fondo todos...” “Era moi de noite e o mar tiraba moito, había mallón e achegarnos a eles era difícil. Cando os mirabamos, íamos cara a eles, berrabámoslle, pero era moito o rebumbio e cos nervios non nos escoitaban e nadaban cara a terra, co perigo de esnafrarse contra as pedras. Para nós era difícil ir por eles, o mar petaba con força contra as rochas e podería afundirnos a nós...” .

Anécdotas que, como di Pardellas, lle contaban os veciños que o viviran, como nenos ou adolescentes, da boca dos seus pais.

Tamén me pasou parte dunha copla que lle armaron os veciños a este naufraxio. José Reiriz, que o vivira en primeira persoa, intentou reproducir as estrofas que recordaba<sup>4</sup>:

### **COPLAS ARMADAS POLOS VECIÑOS DE ONS SOBRE O NAUFRAXIO DO CÍCLOPE**

O Cíclope viña de fóra  
cun blanco como unha eira  
e a onde foi encallar  
a debaixo da figueira.

A debaixo da figueira  
onde lle daba o sol  
que o remolque que traía  
deixouno no Canexol.

Cíclope se chamaba o barco  
o comandante Don Juan  
o segundo Don Modesto  
e o terceiro o capitán.

Non lograron quitalo  
e fixeron un galpón  
para que ninguén da illa  
lle vaciara os caixóns.

Houbo sete desaparecidos entre os que estaba o seu comandante, o Tenente de Navío Don Juan Prieto Clavain, os contramestres Don Andrés Somoza e Don Manuel Enríquez, un sanitario Ricardo Fernández, dous cabos e o condestable maior da Escola de Tiro Naval Don Gregorio García Bueno. Contaba a Vanguardia Española o sábado 23 de outubro de 1952 que os corpos dun dos sanitarios e do contramestre foran atopados na praia da Lanzada e trasladados en ambulancia ata a Escola Naval onde quedou instalada a capela ardente.

Aqueles días o mar púxose moi bravo e as dificultades para sacalo do lugar onde quedara encaixado eran cada vez más complicadas, polo que decidiron despezalo alí. Especialistas e mariñeiros da Escola Naval de Marín encárgáronse de ir sacando todo o material de guerra e navegación do barco e construíron unha caseta de vixilancia enriba da praia do sur de Onza para evitar que embarcacións de Ons ou da costa próxima, se fixeran co material do barco.

### **BIBLIOGRAFÍA BÁSICA:**

- Lino J. Pazos Pérez e Alejandro Anca Alamillo. “Naufraxios de la Armada Española”. Amare. 2006.
- Lino J. Pazos Pérez. “Naufragios en las Rías Baixas”. Tórculo. 2001.
- M. San Clodio. “Arqueoloxía subacuática no PNMT Illas Atlánticas. 2011.
- Varios autores. Revista AUNIOS. Diferentes números.

<sup>3</sup> Moi amablemente Celestino Pardellas de Blas, pasoume unhas cantas anécdotas dos seus apuntes sobre o afundimento do Cíclope recollidas dos propios veciños de Ons.

<sup>4</sup> Coplas recollidas por Celestino Pardellas de Blas da boca de José Reiriz no ano 1975.

# O TURISMO PESQUEIRO: MOTIVACIÓN DA DEMANDA E EFECTOS

Por: Xulio X. Pardellas . xulio@uvigo.es

Departamento de Economía Aplicada. Universidad de Vigo

## 1. INTRODUCCIÓN

O turismo pesqueiro (que pode presentarse con certa diversidade de denominacións: “pesca-turismo” en Canarias ou “turismo mariñeiro” en Galicia), ten as súas raíces e garda algunhas semellanzas co turismo rural, no que fundamenta unha parte da súa estrutura de oferta e co que comparte tamén a filosofía dos proxectos ata agora coñecidos. De feito, a Unión Europea mantén unha liña de axudas a proxectos de turismo pesqueiro desde 2002, con referencias ao turismo rural, que ao longo destes anos se desenvolveron con moi desigual resultado nos países nos que se levaron a cabo.

Unha das experiencias pioneiras no produto pesca-turismo pode descubrirse na asociación cooperativa italiana Lega Pesca, que xa nos últimos anos da década dos 80, en Sicilia, decidiu combinar a actividade pesqueira nos meses de verán cunha oferta dirixida aos turistas da zona para coñecer esta dura profesión (*Fishing in Europe* nº 18). O interese xerado entre os visitantes mostrou rapidamente as vantaxes daquela idea para a conservación ambiental e en lóxica, tamén para os ingresos dos pescadores, o que motivou unha definición legal da oferta de pesca-turismo en Italia que en 1999, xa contemplaba a posibilidade de embarcar familias con nenos. Con certas irregularidades na súa evolución, Lega Pesca segue a ser unha referencia europea no turismo pesqueiro e manteñese como a experiencia máis estable nos informes e documentos da UE.



Na mesma liña, o proxecto FARO (acrónimo de Flexibilidade, Adaptabilidade e Reconversión dos Operadores de pesca), aprobado en 2002, dentro da iniciativa comunitaria Equal e financiado co Fondo Social Europeo (CCE 2006). O proxecto integraba a seis rexións italianas (Emilia Romagna, Marche, Puglia,

Campania, Sicilia e Sardeña) en colaboración, ao través dun programa de intercambio, con pescadores de España (proxecto Acuipesca, que será citado a continuación) e Portugal (proxecto Mudança de Maré, desenvolvido pola asociación marítima das Azores). Entre os seus obxectivos descubrimos por exemplo, dar valor á pesca e ás comunidades de pescadores, participar na modernización e a reconversión do sector, crear formas complementarias e transversais á actividade da pesca, crear igualmente novas prácticas de loita contra discriminacións e desigualdades no mercado de traballo ou promover a aprendizaxe ao longo de toda a vida (Pardellas, 2010).

O proxecto denominado MARIMED (2004-2006), integraba tamén a varios países (Francia, Italia e España), co obxectivo de ofrecer experiencias innovadoras para o turismo sustentable e que tivo unha evolución moi desigual nas súas actuacións de cooperación transnacional, con algúns resultados interesantes na rexión de Murcia (Pérez e Espejo, 2012).

As experiencias en España expresan tamén o obxectivo de diversificar as actividades pesqueiras e como unha mellora na xestión dos recursos. O primeiro proxecto cronoloxicamente é o de ACUIPESCA, que nace en 2002, ao amparo do xa citado programa europeo FARO. O seu obxectivo principal centrouse na realización dun Plan Estratéxico para a Pesca e a Acuicultura, que contemplaba actuacións no ámbito do turismo pesqueiro.

O seguinte proxecto, denominado SAGITAL (2004-2008) perseguía a implantación e o desenvolvemento de actividades turísticas como complemento da pesca tradicional, ofrecendo así, xunto aos obxectivos do Fondo Europeo de Pesca, unha alternativa económica e de emprego para as poboacións dependentes da pesca. As actuacións desenvolvéreronse en tres das zonas do litoral español más afectadas pola crise do sector pesqueiro: Andalucía (Golfo de Cádiz), Asturias (Cabo Penas) e Canarias (Illas da Graciosa e A Palma). A elaboración dos contidos do proxecto estivo a cargo da Universidade Politécnica de Madrid ([www.sagital.upm.es](http://www.sagital.upm.es)), coa previsión dun seguimento anual dos resultados que nunca se levou á práctica.

No caso de Galicia descubrimos como trazo especial dos proxectos unha importante iniciativa. O primeiro deles, MAR DE LIRA, foi posto en marcha pola Confraría de Pescadores de Lira no municipio de Carnota no ano 2004, abarcando diferentes actividades de turismo pesqueiro, ecológico, cultural e gastronómico, co obxectivo concreto de dinamizar a contorna social da comunidade pesqueira de Lira e dar a coñecer a complexidade do mundo da pesca ao conxunto da sociedade. As dúas

actividades con maior relevancia consisten nun obradoiro de pesca, no que se mostran aos visitantes elementos do mundo mariñeiro, así como unha oferta específica de turismo pesqueiro. Esta oferta quedou integrada desde 2011, nunha nova marca, MARGALAICA, que se estende á cara norte de ría de Muros-Noia e sur da Costa da Morte, cubrindo actividades a bordo de embarcacións, itinerarios pola costa, aloxamento en casas rurais, un museo da pesca e gastronomía tradicional ([www.margalaica.net](http://www.margalaica.net)).

Máis logo, o proxecto PESCANATUR, foi creado desde as confrarías de pescadores de Cangas, Pontevedra e O Grove, como unha entidade sen ánimo de lucro e a finalidade de ofertar actividades de turismo pesqueiro. O proxecto consolidouse a finais de 2006, co inicio dunha proba piloto no programa “Experiencias do Noso Mar”, composto basicamente por rutas no mar e na praia -actividades de pesca, marisqueo e acuicultura-, coa idea de ofertar tamén no futuro degustacións gastronómicas en restaurantes asociados ao programa (Pardellas e Padín, 2011).

Por diversas e ltuosas razóns (entre elas, o pasamento do Patrón Maior de Pontevedra, especial impulsor do proxecto), as actividades foron reducíndose, quedando limitadas a dous barcos da confraría de O Grove, que mantéñen ininterrompidamente a oferta de pesca turismo ata o momento actual.

## 2. TRAZOS DA DEMANDA E EFECTOS DO TURISMO PESQUEIRO

Cos datos proporcionados pola Confraría de O Grove e a nosa propia investigación (CETMAR, 2010), pode afirmarse que o perfil medio do turista interesado por esta oferta é unha parella urbana, entre 30 e 45 anos, con ingresos medios e que escolleu un destino de litoral para pasar as súas vacacións. Considera esta oferta como un complemento, en combinación á súa estancia no destino de praia e/ou de natureza e en calquera caso, a paisaxe (45 %) e a gastronomía (38 %), son as motivacións principais para achegarse a portos con oferta de turismo pesqueiro. Cómpre destacar que do conxunto, só un 26 % mostraría un interese preferente pola cultura mariñeira, o que debe obrigar a unha fonda reflexión sobre o deseño e a imaxe actual deste produto, na teoría dos proxectos más inclinado a ofrecer as vivencias e os trazos etnográficos da vida dos pescadores.

No que se refire aos efectos do turismo pesqueiro, o enfoque da sustentabilidade implicaría un elevado control social das actividades e dos seus efectos sobre os recursos, buscando ao mesmo tempo o obxectivo de trasladar a maior parte dos proveitos económicos ao conxunto da comunidade nas súas diversas formas: incremento da renda e os ingresos, creación de emprego, equipamentos, etc, (Mathieson & Wall 1982).

Desde a perspectiva ambiental, as actividades de turismo relaciónnanse adoito coas súas repercusións no medio natural, con especial referencia á capacidade de carga física nun destino. Esta definición non está exenta de problemas, xa que a capacidade é un límite impreciso que depende fundamentalmente do perfil sociolóxico dos

visitantes e do modelo de turismo que se demanda ou produce. En todo caso, semella evidente que por exemplo, unhas augas contaminadas nunca serán atractivas para o turista, que as boas prácticas na pesca asegurarán a existencia de recursos e en consecuencia, os turistas poderán pescar e sobre todo, que a delimitación de espazos comúns de pesca e observación da natureza con turistas implicaría un cambio de valores no mundo mariñeiro e un cambio de modelo de estratexias de uso dos recursos.

Algo semellante debe acontecer desde a perspectiva sociocultural, tendo en conta que, se o turismo en xeral define un intercambio de culturas, a relación entre turistas e mariñeiros precisa moito máis situarse nun nivel de igualdade de valores. A propia demanda turística orientada a participar na pesca (o que significa xa darlle valor), sirve para que non só os pescadores, senón o conxunto da sociedade eleven a imaxe e máis a avaliación social desta actividade. Do mesmo modo, a innovación e creación de novas ofertas permitirá recuperar elementos da antropoloxía e da cultura mariñeira, nalgúns casos en risco de desaparecer.



Pola súa parte e finalmente, os impactos económicos xerados polo turismo pesqueiro non son moi diferentes das outras formas de turismo, aínda que a súa estimación presenta aínda unha formalización incipiente. Con todo, o carácter innovador desta oferta, a súa complementariedade co turismo litoral e a súa vocación horizontal, convérteno nun interesante instrumento de desenvolvemento local para as comunidades costeiras, escasamente partícipes dos proveitos do turismo de praia. Debemos ter en conta que este novo produto turístico precisa modificar o modelo organizativo das actividades, ampliando paulatinamente a oferta cara a unha forma de cooperación empresarial, con tres actores principais como mínimo: o pescador profesional, cun importante coñecemento práctico sobre a xestión dos recursos, o responsable profesional do aloxamento, para ofertar un ambiente e un contexto arquitectónico e cultural diferenciado do resto da hostalería tradicional na costa, e máis o responsable profesional dunha oferta gastronómica con calidade e rigor das preparacións culinarias, igualmente diferenciadas das habituais na costa (Pardellas e Padín 2011, cit).

### 3. O FUTURO DO TURISMO PESQUERO: A MODO DE CONCLUSIÓN

Xa foi citada a irregular evolución dos diversos proxectos de turismo pesqueiro nas rexións en que se iniciaron, en xeral co apoio financeiro das institucións europeas. As causas son varias, pero xa foron destacadas as dificultades para elaborar adecuadamente unha nova oferta no litoral, sen experiencia previa e na maioría dos casos, sen formación específica por parte de quem efectivamente terían que ofrecer o servizo. En todo caso, e aínda admitindo os problemas, pode afirmarse con todo, que o turismo pesqueiro ten futuro porque pode contribuír ao desenvolvemento das comunidades locais costeiras, considerando sobre todo a decidida aposta da UE pola súa promoción e porque ten demanda.

De forma moi esquemática, o resumo de todo o exposto é:

Desde 2002 atopamos un elevado número de proxectos de turismo pesqueiro, cofinanciados pola UE, que malia todo, tiveron un desenvolvemento moi irregular

A demanda considera neste momento a esta oferta de turismo como un complemento ou combinación do turismo de praia e as súas principais motivacións conéctanse co interese pola paisaxe e a gastronomía e, a maior distancia, coas formas de vida e a cultura dos pescadores

Os efectos máis relevantes do turismo pesqueiro oriéntanse a conseguir boas prácticas na pesca e, en

consecuencia, a lograr un incremento da conciencia ambiental nos pescadores. Ao mesmo tempo e no ámbito sociocultural, tende a elevar o valor social e a imaxe do traballo dos pescadores. Na esfera económica, un dos obxectivos más importantes será conseguir unha sensible achega ao desenvolvemento local, fundamentada na cooperación horizontal de diversas actividades complementarias do turismo

### 4. REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- CETMAR (2010): La pesca de bajura: situación y perspectivas para una orientación sostenible. Ed. Cetmar. Pontevedra
- CCE (2006): “Una nueva política turística en la UE: hacia una mayor colaboración en el turismo europeo”. COM (2006) 134 final. Bruselas
- MATHIESON, A. & WALL, G. (1982): *Tourism: Economic, Physical and Social Impacts*. Ed. Longman, London.
- PARDELLAS, X (2010): “Turismo e lecer” in Varela, M (coord). *Unha estratexia marítima para Galicia*. Ed. Galaxia. Vigo
- PARDELLAS, X y PADIN, C (2011): “Turismo pesquero: experiencias en Europa y España”, *Papeles de Economía nº 128, pp 221-228*
- PEREZ, P Y ESPEJO, C (2012): “La pesca como factor de desarrollo del turismo sostenible: el caso de Águilas (Murcia)”, *Cuadernos de Turismo nº 30, pp 267-284*

### SITIOS WEB:

POLITÉCNICA DE MADRID (2007) *Proyecto SAGITAL* in [www.sagital.upm.es](http://www.sagital.upm.es)

CONSELLERÍA DE PESCA. *MARGALAICA*, in [www.margalaica.net](http://www.margalaica.net)



**Hemicar, S.L.**

Pintura al horno  
Bancada de Carrocería



TALLERES

**HEMICAR, S.L.**

CHAPA - PINTURA - MECÁNICA

Avda. Médico Ballina, 5  
LÉREZ -PONTEVEDRA

Teléf.: 986 870 045  
Móvil: 689 300 438  
Particular: 986 852 525

## **Deixín ou deixei A Illa de Ons?**

Por: José Manuel Dopazo Entenza

Hai persoas que adoitan poñer o oído cando pasean por vilas e aldeas que non son as súas. Deste xeito son capaces de detectar formas lingüísticas (sexan de tipo léxico, sexan de tipo entonativo ou sexan de tipo morfolóxico).

De todas estas, as diferenzas léxicas son as más doadas de identificar. Isto débese a que a linguaxe humana ten como un dos fins más fundamentais o de transmitir información. Neste sentido, o léxico é o elemento que maior carga de significado contén.

Por exemplo, se queremos emitir unha mensaxe como “*o millo está no hórreo*”, dependendo do lugar de Galicia ó que vaimos, atoparemos diferentes realizacións: “*o millo está no piorno*”, “*o millo está no canastro*”, “*o millo está no cabazo*” e un longo etcétera máis.



As diferenzas de tipo entonativo tamén son facilmente perceptibles por calquera persoa mesmo se non presta atención a como fala unha determinada persoa. Estas variacións son as que habitualmente se coñecen como *acentos*. Facilmente se identifica un inglés, un francés ou un chinés cando fala na nosa lingua; mais tamén é posible identificar entoacións diferentes dentro do propio galego (as Rías Baixas fronte a Mariña Lucense, por exemplo).

Por último, temos as diferenzas morfolóxicas. Isto non quere dicir que non haxa máis variación na lingua, senón que estas tres son as más doadamente recoñecibles polos falantes. Dentro da variación morfolóxica atopamos, por exemplo, os pares de sufíxos *-bel / -ble* (*amábel / amable*), as construcións do plural nos tres bloques

dialectais *-óns / -ós / -ois* (*cancións / canciós / canciois*), pero tamén podemos atopala nas terminacións dos verbos.

Dentro da grande variación que temos para as terminacións verbais, neste caso quixería traer á luz a que xa se apuntaba no título: *deixín / deixei*.

O máis pertinente será comezar dándolle unha denominación. Todo aquel que estudase algo de lingua na primaria ou na secundaria saberá que estou a falar dunha terminación da P1 do pretérito de indicativo. Pero podemos incluso facer unha puntuación máis pertinente, se cabe, do elemento que aquí se analiza, pois a variación entre *-ín* e *-ei* non se pode dar en todos os verbos. Esta alternancia atopámola nos verbos da primeira conxugación (os rematados en *-ar*, do tipo *deixar*).

Haberá quen poida dicir que os verbos da segunda e terceira conxugación (rematados en *-er*, tipo *comer*, e en *-ir*, tipo *vivir*) tamén presentan as formas en *-ín* (*comín* e *vivín*). Pero non entran nesta descripción porque non presentan esta variación (\**comei* e \**vivei*).


Por tanto, para a P1 do pretérito de indicativo dos verbos da primeira conxugación podemos atopar formas tipo *deixei* e formas tipo *deixín*. Pero cal é o territorio xeográfico que ocupa unha e outra forma? Fernández Rei (1996:81) céntra a ambos os dous lados da Ría da Arousa como foco central de uso. A esa descripción habería que puntualar que na ría de Pontevedra tamén existen usos minoritarios e moi localizados no concello de Marín e na parroquia de Cela (concello de Bueu).

E que ocorre na fala da Illa de Ons? Esta illa está xeograficamente a medio camiño entre a Ría da Arousa e a Ría de Pontevedra. Historicamente, as súas relacións sociais eran más intensas coa primeira que coa segunda (mudando pasenxadamente este feito desde comezos do século XX).

Por tanto, este trazo lingüístico parece que puidera estar tomado de calquera das dúas rías. Se contamos con que a relación desta illa coa península do Morrazo era exclusivamente co concello de Bueu. E, dentro deste, maioritariamente coa parroquia de Beluso (en menor medida coa de Bueu). Dentro da península do Salnés tiña contacto co concello de Sanxenxo (parroquias de Portonovo, Noalla...) e tamén co concello de Ribeira na península do Barbanza.

Á luz destes datos, cabe pensar que esa realización *-ín* na desinencia do pretérito de indicativo para a P1 dos verbos da primeira conxugación debe estar intimamente ligada ás falas da Ría da Arousa (nas que se inclúen tamén por área lingüística as do norte da Ría de Pontevedra).

Cabe destacar que esta variante morfológica, hoxe en día, ten unha cada vez menor aparición entre os illáns que viñeron para O Morrazo. Non sei cal será o nivel de uso dos que marcharon para puntos da Ría da Arousa, na cal está vivísimo este trazo.



Así e todo, parece mostrar un maior mantemento canto máis ascendamos na idade da persoa e habendo unha clara distinción entre o sexo dos informantes. É dicir, as mulleres conservan máis esta realización cós homes e, canta máis idade teña a persoa, maior mantemento haberá del.

Canto á distribución en xeracións que fixen na miña memoria de licenciatura (e que expliquei e argumentei no artigo “Introducción á fala da Illa de Ons” publicado en *Aunios* 18), é un elemento ó que aterse para matizar algo máis sobre este trazo.

Ata o momento só me estiven a referir, dunha maneira máis ben implícita, á Xeración Primixenia (persoas nadas antes de 1959). Neste amplio grupo, teño recollidas formas do tipo: *deixín*, *topín*, *arríñ*, *traballín*, *casín*... (á par de *deixeí*, *topei*, *arrieí*, *traballeí*, *caseí*...). Por tanto, a alternancia está presente na súa fala.


Para calquera achega, corroboración ou rexeitamento pode poñerse en contacto conigo no correo electrónico [dopi\\_19\\_bueu@hotmail.com](mailto:dopi_19_bueu@hotmail.com). Do mesmo xeito, se quere enviarre algún tipo de gravación dunha persoa da Illa de Ons para facilitar as miñas investigacións, agradecido quedo.

No salto á Xeración do Éxodo (persoas nadas nas décadas de 1960 e 1970), este trazo parece disiparse ata desaparecer por completo. Actúan a favor desta ausencia o factor antes apuntado da variable etaria. Do mesmo xeito e ligado fortemente ó antes descrito, tamén se pode apuntar o nivel de estudos. Esta xeración foi a primeira en acceder a unha educación más constante e, nalgúns dos casos, mesmo ata acadar os estudos superiores (carreiras universitarias).

Por último, a Xeración Alóctona (persoas nadas a partir da década de 1980), a xeración máis nova, presenta unha tendencia levada pola inercia que lles provocou a transmisión lingüística dos falantes anteriores. É dicir, non se atopa rexistro ningún deste trazo pese a que, na gran maioría das variables fonéticas e mesmo léxicas que estudei ata o momento, teñen unha clara relación coa Xeración Primixenia.

Todo hai que dicilo, para estas dúas xeracións últimas non conto con informantes afincados na Ría da Arousa, por tanto, a descripción lingüística non pode ser tan sistemática como debera ser. Agardo que, nun futuro máis próximo, poida contar con persoas deses lugares que se presten a seren gravados con fins de investigación e análise.

Podo concluír que *deixín* ou *deixeí* a Illa de Ons depende de se é un home ou unha muller, de se ten máis ou menos anos e, supón, de onde viva actualmente. Se le isto algún illán, ínstoo a que comprobe se a miña análise se adegúea ou non á súa realidade.



# 1921: TRAXEDIA NA BOCA DA RÍA

Por: Javier Fernández Soutullo

Cóntase que nesta terra, os mortos están preto dos vivos, e que os vivos non se afastan dos mortos.

As traxedias marítimas forman parte activa da memoria das xentes do mar. Os vellos do Grove e Santa Uxía de Ribeira foron testemuñas do acontecido á 1:45 da madrugada daquel dous de xaneiro do ano 1921. Unha virulenta tempestade sacudía todo o litoral galego.

## O Barco

O Vapor “Santa Isabel”, procedente de Bilbao cubría a chamada ruta do norte – Bilbao, Santander, Xixón, A Coruña, Vilagarcía, Vigo e Cádiz-. Este itinerario era o enlace cos grandes transatlánticos que unían a península co Mediterráneo, as colonias de África, e sobre todo co soño da época: a emigración masiva cara a América, en especial a países como Arxentina e o Uruguai.

O Vapor Santa Isabel xunto co seu xemelgo o San Carlos, pertencían á compañía Transatlántica Española con sede en Barcelona, construídos a cargo dos estaleiros Matagorda, en Cádiz. Os dous eran buques modernos para a época, dos chamados correos, cun desprazamento bruto de 2492 Tm, unha velocidade de cruceiro de 12,5 nós e cunha potencia de 1350 cabalos. Tiñan unha eslora de

85 metros por 12 de manga, levaba un rol de 85 homes entre oficiais, mariñeiros e persoal de servizo, e axeitadas instalacións para 100 persoas de primeira clase e outras 400 repartidas entre o segundo e o terceiro sollado.

O navío estaba ao cargo dun comandante mozo aínda que experimentado, Don Esteban García Muñiz. Esta foi a sexta e última travesía despois da súa botadura o domingo 26 de agosto de 1915, tan só 40 meses despois do afundimento do Titanic. A súa construción era a base de pranchas de ferro, armado con remaches de aceiro, típica da construcción naval da época.

## A viaxe


O buque levou áncoras de Cádiz o 20 de decembro de 1920 ás 16 p.m., atracou o 25 ás 17 p.m. en Vigo, fixo a travesía ao porto de Pasaxes onde inicia o retorno ás 19:20 p.m. do día 28 de decembro. O 29 recollen 122 pasaxeiros en Bilbao, o 30 recalcan en Santander, onde embarcan outros 41 pasaxeiros. Atracan o 1 de xaneiro ás 2:00 a.m. no peirao de A Coruña, onde embarcan 31 pasaxeiros máis. Hai que engadir outros 8 nos que non consta o lugar de embarque pero sábese que ían abordo ata completar un total de 269 persoas entre pasaxeiros e tripulantes. As 13 p.m. o buque leva áncoras de A Coruña con destino a Vilagarcía de Arousa, a onde que nunca chegaría.

## A traxedia

Un fortísimo temporal do suroeste que sacudía todas as Rías Baixas agudízase na madrugada do día 2 de xaneiro. O vapor avanzaba con moitos atrancos no medio dun mar embravecido, e unha choiva espesa e constante apenas deixaba adiviñar as sinais dos fachos da costa.

Habería que tomar como referencia o facho da illa de Ons e abrirse á entrada da Ría de Arousa polo sur da illa de Sálvora. Esta marca unha canle que discorre entre os baixos da Pegar a uns cen metros do faro e o ilote de Pombeiro á entrada do cabo San Vicente na península de O Grove.

O buque entra lento ao reducir a media máquina: ao virar de costado as olas lévanlo ás pedras, quedando tocado de morte con tres brechas no casco. O temporal faría o resto empurrando e azouzando o barco ata afundilo.



## O rescate

O asolagamento das augas entrando por todas partes non dou tempo para máis; incluso o sinal de radio pedindo socorro quedouse a medias ao inundarse a dinamo.

Os botes salvavidas da banda de estribor estaban desfeitos. Os pasaxeiros comenzaron a subir á cuberta e tirarse ao mar querendo alcanzar terra; os soldados de segunda e terceira inundáronse en instantes polo que a maioría pereceron dentro sen tan sequera ter a oportunidade de loitar polas súas vidas.

O barco afundíase de proa rapidamente; a popa coas hélices no aire levantábase sobre os rochedos da Pegar ameazando con partir o buque en dous. Os que conseguiran subir á cuberta do castelo de popa xunto con algúns oficiais e tripulantes trataban desesperadamente de arriar os botes de babor algo máis ao amparo do buque. O temporal non fraqueaba nas súas intencións e onda tras onda arrancaba á xente da cuberta. O ruxir do mar e os desesperados gritos fixeron desta unha escena dantesca. Os botes arriados desfacíanse contra os rochedos con e sen xente a bordo, tan só o número oito pudo ser armado en condicións seguras e arriado con trinta persoas a bordo.

Cerca das tres da mañá os cans da aldea de Sálvora comenzaron a ladrar desesperadamente. Esta algarabía e os gritos das xentes, uns no mar e outros no barco, espertaron aos fareiros. Un asomouse pola fiestra e ao ver o barco coas luces acendidas e pousado nas rochas indicoulle ao seu compañoiro que começara a facer sinais cunha lanterna intentando explicar que pediría axuda. O facho estaba en obras e non había estación de radio (aínda pasarían catro anos ata que lle fose instalada).

O fareiro botou a correr cara á aldea todo o que lle daban as pernas. Ao chegar tan só había uns vinte veciños: vellos, nenos e algunhas mulleres, pois as datas das festas fixeran que os mozos estiveran en Ribeira e outras localidades próximas, engadíndolle a isto que o temporal non animara para volver á illa.

Tres dornas armáronse para o rescate. Unha foi a remos ata Ribeira para dar aviso ás autoridades e así organizar o rescate. Botaron toda a noite vogando Juan Parada García, de 61 anos e Juan Fernández, de 59. Outra tripulada por José Parada, Manuel Caneda e Francisco Oujo, acudiou ao rescate de inmediato cara ao barco. Momentos máis tarde, movidas pola curiosidade e as ganas de axudar, catro mulleres da aldea: Cipriana Crujeiras, Josefa Parada, Cipriana Oujo Maneiro e María Fernández Oujo botáronse a aquel mar coa terceira dorna. Estas intervencións dos veciños de Sálvora foron cruciais no rescate de ese bote número oito e dalgúns persoas más que a duras penas permanecían a flote, entre eles o segundo de a bordo, Don Luís Cebreiro López. A noite foi longa e sucedíanse os tráxicos episodios ata a madrugada cando outras embarcacións de Ribeira se sumaron ás tarefas de

rescate, deixando en primeira instancia pasar os mortos polo costado para ir na procura dos vivos. A contenda co mar orixinou un sen fin de causas tráxicas e algún que outro milagre acontecidos na Ría de Arousa, deixando un arrepiante saldo de 213 mortos e 56 vivos no que a prensa nacional e mesmo europea denominaría “O Titanic de Europa” 40 meses despois do afundimento deste. Aínda hoxe ningunha outra catástrofe marítima europea superou o número de vítimas do Santa Isabel.

As heroínas de Sálvora coa medalla de Salvamento.



## Lendario

Despois dun gran acontecemento, aínda que este sexa tráxico e, sen dúbida polos costumes dos homes e mulleres da costa galega, sempre xorden episodios canto menos curiosos, tanto para poder contalos como para que non se perdan, aínda que sexa 94 anos despois dos feitos.

Ao amencer, coas primeiras luces do día, os veciños de San Vicente decátanse do acontecido a noite anterior. A pesar de que a situación xeográfica da aldea non permite divisar a illa de Sálvora, o costume, que aínda persiste na actualidade, de percorrer a costa despois dos temporais para ver e, se cadra, recoller o que o mar bota, descubriu a situación. Pese a que os dereitos de naufraxio quedaron abolidos na segunda metade do século XIX, aínda impera o costume de que o que o mar bota fóra por naufraxio ou abandono de buque era para quen o atopase. A desaparición de 213 almas (algunhas nunca se atoparon) e os tempos socioeconómicos da época daban pé á tentación para volver a ser raqueiros. De seguido a Capitanía Marítima de Vilagarcía de Arousa organizou a recollida dos corpos que o mar botaba ás praias e rochedos de toda a Ría, principalmente no lado sur, pois as correntes más fortes de entrada manteñen ese sentido.

Dúas motoras equipadas e tripuladas cun sargento, un cabo 1<sup>a</sup> e tres mariñeiros alternábanse cada dous días para patrullar a Ría e recoller os mortos. Estes estibábanse en cuberta e tapábanse con sabas (ata que estas se acababan, polo que algúns quedaban sen tapar). Unha destas patrulleiras despois de estar todo o día recollendo corpos das augas decidiu fondear na illa de Areoso, ou Xidoiro (illote preto da Illa de Arousa). Os gases provocados pola descomposición dos corpos inchaban os cadáveres favorecendo a súa flotabilidade. Cántase que a partires do noveno día saen a flote. Nesa xornada ao solpor e coa cuberta chea de cadáveres, estableceuse a bordo o reparto de quendas para pasar a noite e ao mediodía seguinte pór rumbo a Vilagarcía para o relevo coa segunda motora.




Era unha noite clara e de calma, das que suceden ás tormentas: como se soe dicir : o mar era un espello. Sobre as dúas da mañá levántase unha airexa do nordeste, de garda un rapaz de San Miguel de Deiro montaba a súa quenda en cuberta, lía un cigarro e mirando os corpos aliñados observa que os cadáveres que non estaban tapados pestanexábanlle os ollos. O rapaz observou que ata o miraban fixamente, puxérase onde se puxera. Non esperou máis e saltou dentro do pañol de popa espertando a todos e cada un dos tripulantes. Estes, con bastante mal humor pois era o primeiro sono, foron subindo a cuberta un a un, entre reproches e bromas. O rapaz contou que estaba seguro de que os mortos non estaban tal e ao mesmo tempo que o miraban. Entre o asombro e a incredulidade, un novo refacho de vento acabou de convencelos a todos: os mortos pestanexaban. Sen pensalo máis tiráronse todos ao mar, nadando ata o Areoso e alí acurrunchados pasaron toda a noite e parte da mañá ata que, ao día seguinte, o relevo da segunda motora levou áncoras antes, pois non contestaban á radio e polos mariñeiros xa correra a nova de que a motora estaba sen goberno, como á deriva. A outra embarcación recolleunos e acompañounos ao porto de Vilagarcía, aos vivos e más aos mortos, pois negáronse a regresar eles sós cos cadáveres para terra.

Nas mesmas datas, pero en terra, acontece outro caso máis que tamén ten que ver cos antes mencionados

raqueiros que durante moitos anos eran temidos por navegantes nas costas de Irlanda, Inglaterra, Bretaña e Galicia. Personaxes que acendendo fogueiras nos cantís, atraían enganados aos barcos que padecían as inclemencias do mar nos días de temporal indo a parar a mercancía e os tripulantes a outro destino peor.

Dez días despois da traxedia do Santa Isabel unha parella de O Grove, que se dedicaban co carro e o boi á colleita de algas pola illa da Toxa e logo axudaban nas casas que tiñan fincas a apañar patacas ou millo, trocando as algas (usadas para estercar as fincas) por unha parte da colleita e mesmo unhas moedas, atopábanse o 31 de xaneiro dedicados, como habitualmente, á colleita de algas na costa oeste da illa da Toxa (fronte ao Grove) dende a ponte ata a punta da Cabreira. Fixeran varias viaxes xuntando unha morea de alga do verde froito que os temporais espallaban polas praias. Chegados á punta da Cabreira, existe unha pequena cala do mesmo nome na que as correntes arremuñan, e alí xúntase de todo. Chegaron co carro e o boi e, ao pé da area, atópanse coa desagradable imaxe dun corpo de varón alto e robusto, medio espido. Estaba boca arriba, paralelo á liña que forma a praia co mar, cun brazo no mar e o outro semisoterrado na area que lle facía ás veces de áncora. O home baixou correndo ante o medo e as protestas da súa muller que sabía e presentía que iso era un problema. O seu home, sen facer caso, desenterrou o brazo da area. Cal foi a súa sorpresa que no seu dedo tiña un selo de ouro moi grande coma nunca tal vira. Axeonllouse e coas súas mans propúxose quitarollo, a el non lle faría máis falta, pensaba. O corpo estaba inchado e aquel anel non saía por máis que o home rifara. A muller, tapándose a cara e chorando, contemplaba a escena por entre os dedos para non perder detalle. De pronto un golpe de mar levantou o brazo que estaba na auga e golpeou ao asaltante con virulencia, que caeu fulminado enriba do corpo.

Ela botou a correr berrando ata Peralto, meteu-se na primeira taberna que atopou e alí catro mariñeiros e algún veciño que se atopaban xogando a partida, tentaban comprender o que aquela muller quería dicirles no seu estado de shock. Tateando pediu-lles: vide,vide, vide á Cabreira! Que ao meu home matouno un morto! Incrédulos e case que entre risas, marcharon varios homes moi apurados no seu socorro. Ao chegar á Cabreira, toparon certamente ao home da muller axeonllado e tombado sobre o cadáver xa medio descomposto coas dúas mans tentando arrancar o selo de ouro. Co morto xa no Grove, o médico certificaría que morreu dun infarto repentino ou “de repente” (como dicimos no Grove). O que non consta no informe, pero si no ruxerruxe é : que foi a primeira vez que no Grove un morto matou a un vivo.



## O VOCEIRO DO CUCORNO, UN PERIÓDICO FUGAZ (2ª Parte)

Por: Xoán Xosé Pérez Labaca

Seguimos na teima de facerlle unha homenaxe a Tinón xa que os seus méritos son de sobra coñecidos e recoñecidos por todos engadíndolle ese, case esquecido, de director dese desaparecido periódico “O Voceiro do Cucorno”.

Dito isto, para min moi importante, resulta necesario canto antes, non facer una comisión que coordine o proxecto, pois as comisións o único que fan e saír polos Cerros de Úbeda e darrle largas ao asunto e nunca chegar a un acordo. Fóra comisión! O mellor e xuntarse dous, un do Grove e outro dos arredores e digan: Ímolo facer! E xa está. Como proposta podería ser unha mariscada, con maiúsculas, a bordo dun barco facendo a travesía de arredor da súa amada Illa con paradas de fondeadoiro en lugares axeitados, para brindar e tomar uns “champús”, como Liñeiro, Melide, Fedorentos, Canexol ou outros que sinale o propio Tinón, de acordo cos ventos, as “nevadas” e os mares.

Dito isto quero comentar que no número anterior de Aunios titulabamos o artigo como “O Voceiro do Cucorno, un periódico fugaz” porque efectivamente foi una publicación de moi curta duración pois soamente foron editados tres números. O máis interesante do número 1 abrangüía, como ben puidemos apreciar no citado número 18 de Aunios: a súa liña de actuación, o procedemento editorial, o seu financiamento, as distintas seccións e sobre todo a singular composición da redacción.

No pasado número de Aunios dicíase: “Naquela época no Voceiro do Cucorno apareceron artigos moi singulares asinados por firmas de categoría relevante como as que formaban o equipo de redacción sobresaíndo un artigo titulado “A illa de Ons declarada República Independente”. Esta nova, publicada tamén nun pequeno panfleto, deixou un gran sinal entre todo o persoal (propio e alleo, local e visitante,


branco e negro, do Madrid e do Barcelona, incluso do Atl. Osasuna, católico e protestante, alto e baixo, louro e moreno, etc.), xa que explicaba a primeira parte como saíu a nova formación dunha República Independente da Illa de Ons e o que sería o seu primeiro goberno. Daba unha ampla información subliñando os que saíron nomeados como ministros.

Pois ben, o número 2 do “rotativo” informaba do que a continuación aconteceu na Illa. O primeiro foi a celebración dun Consello de Ministros onde decidiron dividir a Illa en dous Concellos: Un pequeno ao Norte coas parroquias de Melide e o Centolo e outro más grande ao Sur formado pola parroquia do propio Cucorno, ademais das de Chan de Pólvora, Caño, Curro, Canexol e Pereiró.

Despois de transcorrer o necesario período electoral, o xornal informaba do seguinte:

*“No concello de Melide non houbo problemas para elixir aos posibles candidatos e tampouco na elección de alcalde e concelleiros. Só un candidato á Alcaldía de Melide, Manolo, un rapaz pequenote, unha “ratiña” de porto, pero moi apreciado na Illa, saíu proclamado alcalde por unanimidade; desde aquela se lle coñece como “O Alcalde de Melide”. (Segundo se pudo saber máis tarde, este pasaba grandes temporadas embarcado nun buque, fondeado en terra, chamado La Parda).*

*Como Tenente de Alcalde foi nomeado o “Maracas” todo un lobo de mar, ao que un forte temporal rompeulle o cabo do rizón do seu barco fondeado en Melide. A nave, coa que con tantas singraduras compartira, quedou esnaquizada. (Contan que volveuse tolo e vagaba pola Illa coma un espírito)*



Manolo. “Alcalde de Melide”

Como concelleiros encargados do Consumo de "Alcholes", Canutos e Cervexas foron nomeados uns rapaces que, chegados de Madrid desde fai anos, dan grolo solto as súas vacacións. Por ocupar unha concellería de mala sona preferiron quedar no anonimato. (Pero todo o mundo sabe quen son)

Por ser un concello de poucas parroquias e tamén por non haber moitos candidatos soamente formouse una concellería máis, a de Relacións Exteriores, que caeu nas mans dos dous alemáns: Tobi e Tom. (Coñecidos como "Os mensaxeiros de alén dos mares").

Seguidamente o "Voceiro do Cucorno" informa con nitidez e veracidade do acontecido no Concello do Sur no que, por certo, houbo moitos problemas para elixir aos seus representantes e así, despois de dar conta de máis de vinte días de campaña e un día de Caldeirada Oficial como xustificante dunha profunda reflexión, sinala:

"Alcalde: Foi nomeado o "Dali de Ourense", más coñecido por Manolo Carallo, se cadra foi elixido polos seus longos anos de loita na Illa e sobre todo polas coñecidas relacións co que fora o seu can, hoxe Presidente da República de Ons, Carallo.

Tenente Alcalde: Caeu na man de Tinón, más coñecido por o "Depredador do Océano" pois contan as malas linguas que cando viste o traxe de rá xa poden andar os peixes finos, pois enseguida aparecen na pota ao lume. Tamén din que colleu este posto polo aquel da

Inmunidade Pesqueira como concelleiro dunha Illa, e así dar boa conta do marisco.

Tamén optaron a este posto Juan e Vieites, más coñecidos como o "Robalo" e o "Sargo de Torrelavega", polo mesmo fin da Inmunidade Pesqueira pero a máis estreita relación do Tinón co Goberno Central serviu para el levar o posto.


**Concelleiro de Contrabando, Defraudación en Campamentos e Tendas de Comestibles:** Foi nomeado Juanjo Labaca, coñecido por "Barriguita do Condado"; fálase de que a súa elección foi debida ás boas relacións con Pepito Castro, para ver así de conquerir o tan necesitado helicóptero para a Illa.

**Concelleiro Unificado do Mando de Dornas, Gamelas, Tractores e demás "Voitures":** Foi nomeado José Luis, coñecido como o "Halcón Callejero" polo seu ir e vir na Harley Davidsón da súa propiedade pola Illa adiante.

Por último para a Concellería de Consumo de "Alcoholes", Papadelas, Champús e Cogorzas atopáronse moitos candidatos que reunían as condicións necesarias e que ademais foron moi votados o que puxo en moi comprometida situación aos membros do Goberno para nomear ao Concelleiro.

Os candidatos eran:

**Carlos Fran:** Máis coñecido como "Lola Flores", o do nome non se sabe si é polos problemas que ten co ministerio de Facenda, Contrabando e Defraudación



**"Barriguita do Condado". Concelleiro de contrabando e defraudación en campamentos e tendas de comestibles.**

ou por aquelas sandalias neronianas a modo de Labrego Valenciano coas que apareceu un día na Illa.

**Elias, o Roxo:** Un aprendiz de Lobo de Mar, coñecido por "Tom Sawyer" polo sombreiro de palla que leva en todas as singraduras. Pénsase que tiña poucas posibilidades polas súas relacións con algúns xefes de antes da proclamación da República.

**Domingo:** Coñecido polo "Beato Dominges" polas súas constantes visitas ás tres "capelas" existentes na Illa.

**Miguel, de Ourense, "o Manzanita":** Coñecido por o "Play Boy da Photographi" polas súas incursións fotográficas pola praia de Melide.

**Ramón:** Coñecido polo "Sudaca do Xallas" é de supoñer que polas súas famosas parrilladas.

Ao final elixiron, despois de moitas caldeiradas de traballo a modo de deliberación, a Miguel de Ourense, pois o ser fotógrafo e Play Boy pode dar moita imaxe turística á Illa.

Para rematar esta información "O Voceiro do Cucorno" indicaba que como a maioría destes nomes non dicían nada, o Goberno da Illa debía convidar a todos aqueles que queiran pasar un día en Ons veñan cargadiños de bo viño, empanadas, churrasco e todo o que se tercie para xantar. Unha vez na Illa deben preguntar polos *interfectos* descoñecidos e xa xuntos, convidalos a compartir todo en "Papadela Oficial", para coñecerse mellor.

O Voceiro remata tamén dando cabida a unha moi interesante nota de prensa que facilitou aos medios O

Maracas, o Tenente de Alcalde do Concello do Norte que se publicou, tal cal, en castelán, sen mover sequera unha coma:

### **ISLAS DE ONS. MOVIMIENTO PELÁGICO ABISAL.**

*Todo el poder de los Soviets de los seres libres del Planeta 1990.*

*El Gran Tabú vencerá en los momentos más "trascendentales" de la evolución de la vida en la Tierra.*

La acción por el cambio de rumbo comienza con la Sociedad Industrial Avanzada, industrialmente estamos en la contradicción del Sistema Capitalista que se desarrolla en una involución.

Su destrucción es el paso al equilibrio.

**Mara**

Despois de ler este comunicado o lector nota, por forza, unha paz interior profunda que o fai preguntarse, estou ben aquí ou poñome na fila? Dúbida que che queda no corpo e que pouco a pouco vai corroendo o espírito. Polo menos a min pasoume,

De todos os xeitos o equipo de redacción do periódico O VOCEIRO DO CUCORNO decidiu, por unanimidade, felicitar a Maracas polo ben que se explica. O que fai público para coñecemento das xentes... en xeral.

Máis fácil é entender o da homenaxe a Tinón así que non nos fagamos os despistados e dunha vez por sempre fagamos un acto de recoñecemento a quen o merece pois hai que pensar que o tempo pasa e como di a canción:

*"No somos 'naide', la 'vida' es una 'inquietú'  
Ayer murió mi compadre, mañana te mueres tú..."*

# VERTEBRADOS MECOS.

## I: Peixes continentais, anfibios, réptiles e mamíferos terrestres do municipio o Grove

Por: Cosme Damián Romay Cousido<sup>1,2</sup>, Martiño Cabana Otero<sup>1</sup>, Juan Carlos Cabrero Figueiro, Gustavo Ferreiro Martínez, Antonio Fontoiría García & Encarna González Rodiño.

<sup>1</sup> Dpto. de Bioloxía Animal, Bioloxía Vexetal e Ecoloxía. Facultade de Ciencias da Universidade da Coruña. Cámputo da Zapateira, s/n. 15071 A Coruña.

<sup>2</sup> E-mail: c.d.romay@udc.es

### Introducción

Co presente artigo comeza unha pequena colección de catro traballos sobre os vertebrados (isto é, animais con columna vertebral ósea ou cartilaxinosa) rexistrados no municipio do Grove titulada “Vertebrados mecos”. Contará coas seguintes entregas: I: Peixes continentais, anfibios, réptiles e mamíferos terrestres. II: Peixes mariños. III: Réptiles e mamíferos mariños. IV: Aves.

Considerando aparte os atlas faunísticos existentes para o territorio galego (referencias bibliográficas A, B, C, D, E, F) e aqueles de cobertura estatal (G, H, I, J), existen poucos traballos previos en Galicia onde se caractericen de xeito exhaustivo e con cuadrículas de referencia (neste caso UTM) os vertebrados dunha zona concreta. Ese é o caso do Parque Natural do Complexo Dunar de Corrubedo e Lagoas de Carregal e Vixán, que conta coas guías de aves (K) e de anfibios e réptiles (L) con distribución en malla de 0,25 km de lado, ou o Parque Nacional das Illas Atlánticas, coas súas guías de aves nidificantes (M) e anfibios e réptiles (N), con idéntica cuadrícula. Para os dous casos, faltarían a día de hoxe as guías de mamíferos e peixes para completar o elenco de fauna vertebrada. A colección de “Vertebrados da Limia” tiña publicada ata 2013 só un volume de aves (agás passeriformes), coa súa distribución en UTMs de 1x1 km (O), mentres que ANABAM ten mapeado, entre outros grupos de seres vivos, os anfibios e réptiles do Baixo Miño (P, Q). Existen relatorios máis ou menos exhaustivos, pero sen mapas de distribución, da fauna vertebrada (e tamén invertebrados e flora) doutros espazos, como é o caso de Punta Balea, en Cangas do Morrazo (R) ou do mencionado Parque Nacional das Illas Atlánticas (S), se ben non existe aínda ningún traballo que abranga todos os vertebrados e que detalle, tamén, en que cuadrículas UTM do territorio está presente cada especie. Este sería o caso, por exemplo, de “La Fauna Vertebrada d’Osuna”, onde empregan a retícula de 5x5 km para a representación da distribución dos taxóns (T).

No caso do municipio do Grove e a súa contorna só se abordou parcialmente un inventario dos vertebrados presentes (U), existindo tamén listas de aves do concello ou do conxunto do Complexo Intermareal Umia-O Grove (V, W).

Os presentes artigos de “Vertebrados mecos” pretenden actualizar e ampliar o coñecemento sobre este grupo de seres vivos neste municipio, abordando, por primeira vez, a diversidade e distribución de todos os vertebrados, tanto terrestres como mariños.

## Área de estudio e métodos

O municipio do Grove sitúase no litoral suroeste de Galicia, na ribeira sur da ría de Arousa. Posúe unha extensión de 21,9 km<sup>2</sup>, sen contar coa porción marítima adxacente, e unha poboación de 11,241 habitantes en 2011. Comprende a totalidade da península do Grove, así como o istmo do Vao, as illas da Toxa Grande, A Toxa Pequena, Ortigueira, Loraña, Tourís, Colmado, Redonda, Pombeiro e Rons e multitud de pequenos illotes e conslitorais. Non se consideran dentro do Grove os illotes de Beiró (asignado ao concello de Cambados) nin o de Marma (pertencente a Sanxenxo).

Parte do territorio meco atópase protexido baixo as seguintes figuras de protección: Lugar de Importancia Comunitaria (ES1140004), Zona Húmida de Importancia Internacional (7ES011), Zona de Especial Protección para as Aves (ES0000087) e Humidal Protexido.

A efectos de estudio, considérase esta área dividida en 48 cuadrículas UTM de 1x1 km, todas elas con ao menos unha parte dentro do municipio do Grove, considerando tamén as súas zonas intermareais. A cada unha destas cuadrículas se lle asigna un número de referencia (Figura 1). Considéranse na Táboa 1 todas aquelas cuadrículas con ao menos unha cita (observación directa ou rastros) dunha determinada especie no período 1986-2013, inclusive.

## Resultados e discusión

No período 1986-2013 contabilízanse no municipio do Grove 2 especies de peixes continentais, 10 de anfibios, 12 de réptiles terrestres e 19 de mamíferos terrestres, xunto con 12 especies (3 anfibios, 2 réptiles e 7 mamíferos) sen datos posteriores a 1985 ou con presenza dubidosa (Táboa 1). Non se contabilizan nesta entrega as aves terrestres.

En parte debido á súa conexión co continente, o concello meco presenta unha fauna vertebrada terrestre variada, aparentemente similar á doutras zonas veciñas, aínda que atesoura varias especies (como o sapo de esporóns *Pelobates cultripes* ou o esgonzo ibérico *Chalcides bedriagai*) raras ou ausentes noutros puntos de Galicia. A distribución dos distintos vertebrados terrestres aquí tratados (43 especies) foi en xeral reducida no contexto da área de estudio, cunha media de  $6,1 \pm 4,7$  cuadrículas UTM de 1x1 km ocupadas por especie, cun rango de 1 a 20 cuadrículas (máximo para a toupa *Talpa occidentalis*) e con só 10 especies que acadan ou superan as 10 cuadrículas ocupadas.

Entre as especies desaparecidas, comentar que existe unha única cita de lobo en 1966, xa detallada nesta revista Aunios (X). Das outras 11 especies non rexistradas despois de 1985 ou de presenza dubidosa, considérase moi probable a presenza puntual das seguintes tres: morcego das ribeiras (*Myotis daubentonii*), morcego de Cabrera (*Pipistrellus pygmaeus*) e visón americano (*Mustela vison*).

Agradécese o envío de rexistros das especies da Táboa 1 en novas cuadrículas UTM de 1x1 km da zona considerada ao enderezo e/ou correo electrónico do primeiro autor (ver asinantes).

## Referencias bibliográficas

- A.** Bas, S. (coord.). 1983. *Atlas provisional de los vertebrados terrestres de Galicia. Años 1970-1979. Parte I: Anfibios y reptiles*. Instituto de Estudios y Desarrollo de Galicia (IEDG) / Universidad de Santiago de Compostela (USC). | **B.** López, Z. & Guitián, J. (coord.). 1983. *Atlas provisional de los vertebrados terrestres de Galicia. Años 1970-1979. Parte II: Aves*. IEDG / USC. | **C.** Sociedade Galega de Historia Natural (SGHN). 1995. *Atlas de vertebrados de Galicia (2 tomos)*. Colección do Patrimonio Ecológico. Consello da Cultura Galega. | **D.** Asensi, M. (coord.). 2011. *Atlas dos anfibios e réptiles de Galicia*. SGHN. | **E.** Hervella, F. & Caballero, P. 1999. *Inventariación piscícola de los ríos gallegos*. Xunta de Galicia. | **F.** Drosera. 2014. *Atlas dos morcegos de Galicia*. URL: <http://www.morcegosdegalicia.org> (con acceso: 3/2/2014) | **G.** Doadrio, I. (ed.). 2002. *Atlas y Libro Rojo de los Peces Continentales de España*. Dirección General de Conservación de la Naturaleza (DGDN). | **H.** Pleguezuelos, J. M.; Márquez, R. & Lizana, M. (ed.). 2002. *Atlas y Libro Rojo de los Anfibios y Reptiles de España*. DGDN-AHE. | **I.** Martí, R. & Del Moral, J. C. 2003. *Atlas de las aves reproductoras de España*. DGDN-SEO. | **J.** Palomo, L. J.; Gisbert, J. & Blanco, J. C. 2007. *Atlas y Libro Rojo de los Mamíferos Terrestres de España*. Tragsa - DGB - SECEM - SECEMU. | **K.** Domínguez, J.; Otero, M. & Vidal, M. 2006. *Guía de las aves*. Parque Natural Complexo Dunar de Corrubedo e Lagoas de Carregal e Vixán (PNC). Xunta de Galicia. | **L.** Galán, P. 2006. *Guía dos anfibios e réptiles*. PNC. Xunta de Galicia. | **M.** Domínguez, J.; Tapia, L. E.; Martín, G.; Arenas, M.; Quintero, I.; Rego, L. E. & Vidal, M. J. 2003. *Atlas de las aves nidificantes de los archipiélagos de Cíes y Ons (Parque Nacional de las Islas Atlánticas)*. Organismo Autónomo Parques Nacionales (OAPN). | **N.** Galán, P. 2003. *Anfibios y reptiles del Parque Nacional de las Islas Atlánticas de Galicia*. OAPN. | **O.** Villarino, A.; González, S. & Bárcena, F. 2002. *Vertebrados da Limia. I- Aves: Gaviiformes a Piciformes*. Limaia Produccións. | **P.** Ferreira, A. 1995. *Atlas dos anfibios do Baixo Miño*. Monografías da Asociación Naturalista do Baixo Miño (ANABAM) nº 3. | **Q.** Ferreira, A. 1997. *Atlas dos réptiles do Baixo Miño*. Monografías ANABAM nº 8. | **R.** Fernández-Cerdeiro, A.; Álvarez, D.; Dasairas, A.; Rial, S.; Pastoriza, A. & Piñeiro, J. 2006. *O espazo natural de Punta Balea*. Grupo de Anelamento Anduriña. | **S.** Arcea. 2004? *Guía de la fauna terrestre del Parque Nacional Islas Atlánticas de Galicia. Vertebrados*. Arcea-PNIAG. | **T.** Baucells, J.; Camprodón, J. & Ordeix, M. 1998. *La fauna vertebrada d'Osona*. Lynx Edicions. | **U.** Romay, C. D. 2009. Historia Natural. En: Rubirosa, C. (coord.). *O Grove, foron outros tempos*. Pp. 382-385. Teófilo Comunicaciones / Deputación de Pontevedra. | **V.** Rodríguez, Á. 1991. *As aves*. En: Álvarez, A.; Caamaño, V. M.; Rey, X. L.; Rodríguez, Á. & Rodríguez, J. A. *Enseada do Umia-O Grove*. Pp. 116-158. Asociación de Ensinantes do Salnés (CANDEA). | **W.** Romay, C. D. 2009. *100 aves comúns do municipio de O Grove e árees veciñas*. Aporta Comunicación - Proyecto PIO - Concello do Grove – Fundación Biodiversidad – Xunta de Galicia. | **X.** Romay, C. D. & Fontoira, A. 2010. Situación do lobo (*Canis lupus*) na península do Grove e nas Rías Baixas. *Aunios* 15: 37-38.

**TÁBOA 1.** Peixes continentais, anfibios, réptiles terrestres e mamíferos terrestres rexistrados no municipio do Grove ata 2013. Para a referencia dos números no apartado “cuadrículas ocupadas”, ver Figura 1. Os nomes galegos e casteláns foron tomados das referencias bibliográficas C, D e I.

**Especies rexistradas recentemente (1986-2013)**

Grupo	Nome científico (sinónimo)	Nome galego (sinónimo)	Nome castelán	Nomes locais	Cuadrículas ocupadas (total en negriña)	Notas
Peixes	<i>Anguilla anguilla</i>	Anguía (=A. atlántica)	Anguía	Anghila, anquila	12: 2, 3, 7, 9, 10, 17, 18, 20, 22, 28, 36 e 43.	Esteiros, regatos. Pesca esporádica.
Peixes	<i>Gasterosteus aculeatus</i>	Espiñento (=E. común)	Espinoso		1: 47.	Pozas.
Anfibios	<i>Salamandra salamandra</i>	Píntega común	Salamandra común		12: 1, 3, 7, 8, 9, 18, 22, 24, 26, 27, 35 e 36.	Zonas avesías, sobre todo forestais.
Anfibios	<i>Triturus marmoratus</i>	Limpafontes verde	Tritón jaspeado		7: 1, 22, 24, 26, 36, 43 e 47.	Lavadoiros, pozas, zonas avesías.
Anfibios	<i>Lissotriton boscai</i>	Limpafontes común	Tritón ibérico		9: 1, 17, 22, 24, 26, 27, 35, 36 e 43.	Lavadoiros, pozas, zonas avesías.
Anfibios	<i>Lissotriton helveticus</i>	Limpafontes palmeado	Tritón palmeado		3: 26, 36 e 47.	Pozas.
Anfibios	<i>Discoglossus galganoi</i>	Ra das veigas	Sapillo pintojo ibérico	Ran, arrán	8: 1, 2, 8, 24, 26, 36, 43 e 47.	Pozas, sobre todo de trasduna.
Anfibios	<i>Pelobates cultripes</i>	Sapiño de esporóns	Sapo de espuelas	Ran, arrán	6: 1, 26, 31, 36, 43 e 47.	Pozas. Ameazado en Galicia (vulnerable).
Anfibios	<i>Bufo bufo (=B. spinosus)</i>	Sapo común (=S. cunqueiro)	Sapo común	Sapa	3: 1, 22 e 27.	Zonas litorais.
Anfibios	<i>Bufo (=Epidalea) calamita</i>	Sapo corriqueiro	Sapo corredor	Sapa	2: 35 e 36	Pozas en áreas soleadas (sur da Siradella).
Anfibios	<i>Hyla arborea (=H. molleri)</i>	Estroza (=Rela común)	Ranita de San Antón	Ran, arrán	7: 7, 8, 24, 26, 36, 43 e 47.	Matogueira preto de humaidas. Vulnerable en Galicia.
Anfibios	<i>Pelophylax perezi</i>	Ra verde	Rana común	Ran, arrán	7: 1, 8, 24, 26, 36, 43 e 47.	Pozas, lagoas.
Réptiles	<i>Chalcides bedriagai</i>	Esgonzo ibérico	Eslizón ibérico		3: 27, 28 e 36.	Zona dunar con piñeiro. Pouco común en Galicia.
Réptiles	<i>Chalcides striatus</i>	Esgonzo tridáctilo (=E. común)	Eslizón tridáctilo		3: 26, 36 e 47.	Chans de piñeirais, zonas dunares.
Réptiles	<i>Lacerta schreiberi</i>	Lagarto das silvas	Lagarto verdinegro	Lagharto	3: 16, 23 e 36.	Matogueira densa.
Réptiles	<i>Podarcis bocagei</i>	Lagartixa (=Lagarta) galega	Lagartija de Bocage	Laghartigha	11: 2, 7, 8, 20, 22, 34, 36, 38, 39, 42 e 47.	Rochedos, valos, construções humanas.
Réptiles	<i>Podarcis hispanica</i>	Lagartixa (=Lagarta) dos penedos	Lagartija ibérica	Laghartigha	5: 2, 26, 35, 36 e 42.	Rochedos, construções humanas.
Réptiles	<i>Timon lepidus</i>	Lagarto arnal	Lagarto ocelado	Lagharto arnau	16: 1, 2, 7, 8, 16, 18, 19, 22, 24, 26, 27, 28, 35, 36, 42, 47.	Rochedos con matogueira, soleados.
Réptiles	<i>Anguis fragilis</i>	Escáncer (=E. común)	Lución		7: 3, 8, 18, 25, 27, 36 e 47.	Hortas, zonas dunares.
Réptiles	<i>Rhinechis scalaris</i>	Serpé riscada	Culebra de escalera	Culebra	7: 3, 8, 9, 17, 27, 36 e 42.	Bordo de rochedos, valados.
Réptiles	<i>Coronella girondica</i>	Cobra lagarteira meridional	Culebra lisa meridional	Culebra	7: 17, 25, 26, 27, 36, 43 e 47.	Valos, bordo de piñeiral, zona dunar.
Réptiles	<i>Natrix maura</i>	Cobra viperina	Culebra viperina	Culebra	5: 24, 26, 36, 43 e 47.	Charcas, tamén en zona dunar.
Réptiles	<i>Natrix natrix</i>	Cobra de colar	Culebra de collar	Culebra	1: 26.	Charca en zona forestal (A Siradella).
Réptiles	<i>Vipera seoanei</i>	Víbora de Seoane	Víbora de Seoane	Víbora	2: 18 e 33.	Bordo de piñeiral.
Mamíferos	<i>Erinaceus europaeus</i>	Ourizo cacho	Erizo europeo	Cachouriso	4: 1, 8, 27 e 42.	Mosaico rural.
Mamíferos	<i>Sorex granarius</i>	Furafollas ibérico	Musaraña ibérica	Furón	2: 7 e 8.	Mosaico rural.
Mamíferos	<i>Crocidura russula</i>	Furaño común	Musaraña gris	Furón	1: 9.	Bordo de zona urbana.
Mamíferos	<i>Talpa occidentalis</i>	Toupa (=T. cega)	Topo ibérico	Toupeira	20: 1, 2, 7, 8, 9, 16, 17, 18, 19, 22, 23, 24, 25, 27, 28, 33, 34, 42, 43 e 47.	Zona de cultivo, pradeiras, dunas.
Mamíferos	<i>Rhinolophus hipposideros</i>	Morcego pequeno de ferradura	Murciélagos pequenos de ferradura	Morsegho	1: 36	Mina de auga, bordo de piñeiral. Citada tamén en San Vicente (referencia bibliográfica 6).
Mamíferos	<i>Eptesicus serotinus</i>	Morcego das hortas	Murciélagos hortelanos	Morsegho	1: 27. Dubidosa na 7	Borde de zona forestal.
Mamíferos	<i>Pipistrellus pipistrellus</i>	Morcego común	Murciélagos enanos	Morsegho	10: 7, 8, 22, 23, 24, 32, 34, 35, 36 e 39.	Mosaico rural e forestal. Con detector heterodino
Mamíferos	<i>Vulpes vulpes</i>	Raposo	Zorro rojo	Raposo	9: 8, 9, 10, 20, 24, 27, 28, 32 e 36.	Forestal e mosaico rural.
Mamíferos	<i>Mustela nivalis</i>	Donicela (=Denociña)	Comadreja	Denuxiña, delusxiña	2: 1 e 23.	Matogueira, dunas.
Mamíferos	<i>Lutra lutra</i>	Lontra (=Londra)	Nutria paleártica	Londra, alondra	11: 3, 6, 7, 9, 11, 17, 20, 34, 36, 43 e 47.	Litoral.

Mamíferos	<i>Meles meles</i>	Teixugo	Tejón	Porco teixo	3: 8, 17 e 23.	Bordo de piñeiral, mosaico rural.
Mamíferos	<i>Genetta genetta</i>	Algaria (=Rabisaco)	Gineta	Marta	5: 8, 9, 17, 19 e 42.	Bordo de piñeiral, mosaico rural.
Mamíferos	<i>Sus scrofa</i>	Porco bravo (=Xabaín)	Jabalí	Ghabalí	13: 7, 17, 18, 24, 26, 27, 28, 31, 32, 36, 38, 42 e 47.	Bordo de zona forestal.
Mamíferos	<i>Sciurus vulgaris</i>	Esquío	Ardilla roja	Ardilla	13: 4, 9, 10, 11, 13, 17, 18, 20, 26, 27, 35, 36 e 39.	Piñeira. Presenza recente (desde os 90).
Mamíferos	<i>Apodemus sylvaticus</i>	Rato do campo	Ratón de campo	Rato	1: 8	Mosaico rural.
Mamíferos	<i>Rattus norvegicus</i>	Rata común	Rata parda	Rata	11: 1, 2, 3, 7, 8, 9, 16, 17, 19, 28, 39	Zonas humanizadas, industrias.
Mamíferos	<i>Mus domesticus</i>	Rato caseiro	Ratón casero	Rato	1: 8	Zonas humanizadas.
Mamíferos	<i>Microtus lusitanicus</i>	Corta dos prados	Topillo lusitano	Furón	1: 8	Mosaico rural.
Mamíferos	<i>Oryctolagus cuniculus</i>	Coello bravo	Conejo de monte	Conexo	8: 8, 17, 18, 22, 26, 27, 35 e 36.	Claros en áreas forestais, bordes de mosaico rural.

#### Especies de presenza dubidosa ou desaparecidas

Grupo	Nome científico	Nome galego	Nome castelán	Nome local	Cuadrículas ocupadas	Notas
Anfibios	<i>Chioglossa lusitanica</i>	Saramaganta (=S. rabilonga)	Salamandra rabilarga		0. Dubidosa na 17.	Citada só no período 1980-1985 en San Vicente.
Anfibios	<i>Alytes obstetricans</i>	Sapiño comadrón	Sapo partero común			Citado só no período 1980-1985 en San Vicente.
Anfibios	<i>Rana iberica</i>	Ra patilonga	Rana patilarga		0. Dubidosa na 26.	Citada só no período 1980-1985 en San Vicente.
Réptiles	<i>Psammmodromus algirus</i>	Lagartixa (=Lagarta) rabuda	Lagartija colilarga		0. Dubidosa na 35 e 36.	Citada só no período 1980-1985 en San Vicente.
Réptiles	<i>Malpolon monspessulanus</i>	Cobregón	Culebra bastarda			Citado só no período 1980-1985 en San Vicente.
Mamíferos	<i>Myotis daubentonii</i>	Morcego das ribeiras	Murciélagos ratonero ribereño		0. Dubidosa na 24 e 47.	Citado só no período 1980-1985 en San Vicente.
Mamíferos	<i>Pipistrellus pygmaeus</i>	Morcego de Cabrera	Murciélagos de Cabrera		0. Dubidosa na 35.	Rexistra con detector heterodino, precisa confirmación
Mamíferos	<i>Canis lupus</i>	Lobo	Lobo	Lobo	1: 31	Só un rexistro, en 1966. Divagante
Mamíferos	<i>Mustela vison</i>	Visón americano	Visón americano		0. Dubidosa na 48.	Presenza dubidosa
Mamíferos	<i>Martes foina</i>	Fuíña (=Garduña)	Garduña			Citada só no período 1980-1985 en San Vicente.
Mamíferos	<i>Rattus rattus</i>	Rata cincenta	Rata negra			Citada só no período 1980-1985 en San Vicente.
Mamíferos	<i>Arvicola sapidus</i>	Rata de auga (=Aguaneira) común	Rata de agua		0. Dubidosa na 24 e 47.	Citada sen data (antes de 2001) en San Vicente.

**FIGURA 1.** Mapa do municipio do Grove e concellos adxacentes, detallando as cuadrículas UTM de 1x1 km numeradas para o presente estudo.



# ALGÚNS HIDROTOPÓNIMOS ILLÁNS

Por: Fernando Cabeza Quiles

En dúas ocasións anteriores (Cabeza Quiles, 2006: 13 e 2009: 48) planteamos a posibilidade -de certo moi de pasada e de maneira totalmente hipotética- de que o hidrotopónimo de Ons, **A Área dos Cans**, fixese alusión na súa segunda parte, **Cans**, ao animal do mesmo nome ou ao elemento pedra. Hoxe, despois de termos estudiado polo miúdo e *in situ* este topónimo, aseguramos, esta vez de maneira definitiva, que recolle a palabra *area*, no seu antigo e xenuíño significado de praia ou areal, e a de *cans*, que antes foi, con total seguridade *canales*, en alusión a varias canles submarinas, limpas de pedras, perfectamente visibles dende a superficie na actualidade, que se achegan á praia e que deberon ser utilizadas dende antigo polas pequenas embarcacións illás para se achegar e desembarcar no devandito areal, que por iso recibiría o apelativo de **Área dos Cans**, igual a area ou praia das canles ou dos *canales* (submarinas), hidrotopónimo similar na súa forma e no seu significado ao de, igualmente illán, **Praia do Canexol** ou **Canixol**, nome doutro pequeno areal

próximo á **Área dos Cans**, cuxo segundo formante, **Canexol**, fai referencia a outro canal ou canle submarino, que recibe, neste caso, o significativo nome de **O Rego de Limpo dos Cons Pequenos**, a primeira parte do cal, **Rego de Limpo**, do mesmo significado que o topónimo **Canexol**, se refire a un rego en canto a franxa ou canle submarina alongada e estreita de area limpa de pedras (de aí **Rego de Limpo**), que facilita neste segundo caso a arribada das pequenas embarcacións illás á **Praia do Canexol**, a cal tamén puido se chamar, pois, **Praia do Rego do Limpo**, xa que os hidrotopónimos **O Canexol** e **O Rego de Limpo** se refiren e nomean a mesma realidade submarina, a saber: o citado “rego de limpo”, “canexol” ou canle submarina; realidade topográfica do fondo do mar


que se repite noutros hidrotopónimos illáns, tales como **O Rego de Limpo da Figueira Brava**, referido a outra canle ou rego submarino, tamén visible con bo tempo dende unha pequena embarcación e, mellor ánda, en fotografías aéreas, nas cales aparece e destaca, efectivamente, a cor branca do rego, limpo alongado ou franxa de area en contraste co fondo máis escuro das pedras.

A outros regos, limpos areosos alongados ou canles submarinas que se abren por entre as pedras facilitando a navegación e a aproximación a terra das pequenas embarcacións refírense os hidrotopónimos illáns **O Rego do Castelo**, **O Rego das Pontes**, **O Rego do Centulo** (*este é un rego non só submarino, pois tamén forma en superficie un estreito marítimo-terrestre*), **O Rego de Terra**, etc.

Noutras ocasións os regos ou canles submarinas comunicáñanse con terra a través dun burato ou buraco terrestre á maneira dun pequeno entrante costeiro, clase de topografía marítimo-terrestre que debeu crear o hidrotopónimo **O Rego** ou **Os Regos do Buraco**

**da Londra**, rego ou canle submarina a través da cal chegaría a terra unha londra, animal acuático abundante noutro tempo, non só na illa de Ons, senón en todas as Rías Baixas galegas, que constrúe o seu niño (buraco ou cova) en seco ou en semiseco, pero con entradas e saídas subacuáticas, algunha das cales conectaría, como no caso que nos ocupa, co rego ou canle submarina contemplado no hidrotopónimo **O Rego do Buraco da Londra**.

O mesmo cómpre dicir do hidrónimo, así mesmo illán, **O Rego da Cova do Lobo**, outrora moi probablemente frecuentado por un lobo mariño ou foca, que se mergullaría e avanzaría polo rego ou canle submarina contemplada no hidrotopónimo ata chegar ao seu niño ou cova, situada nun pequeno entrante costeiro.



Rego e estreito do Centulo. Illa de Ons



#### Regos da Praia de Area dos Cans e Canexol.


(Autor da foto: Agarazo. Libro: "Toponimia mariñeira do mar de Bueu. <O Buraco do Inferno>")

- |                            |  |
|----------------------------|--|
| 407 Os Cons Pequenos       | 413 Debaixo das Cortes                 |
| 408 O Con Pequeno de Terra | 414 Enseada de Debaixo das Cortes      |
| 409 O Con Pequeno de Fóra  | 415 O Rego de Limpio da Figueira Brava |
| 410 Punta do Canixol       | 416 Punta da Figueira Brava            |
| 411 O Areeiro do Canixol   | 417 A Laxe do Crego                    |
| 412 Praia do Canixol       | 418 A Cama do Abade                    |

- |                            |
|----------------------------|
| 419 O Puntal da Sepultura  |
| 420 Praia da Area dos Cans |
| 421 As Pedras da do Abade  |
| 422 A Golfeira             |

Volvendo aos hidronímicos **A Area dos Cans** (das canles) e **Praia do Canexol** (da canle), topónimos terrestres da mesma forma que certifican e confirman o seu significado son, entre outros moitos que sería tedioso e repetitivo enumerar, os de **A Fonte do Can**, microtopónimo do concello pontevedrés de Marín publicado e estudiado polo profesor Elixio Rivas (Rivas, 1982 a: 255), que esconde unha antiga “fonte do canal ou da canle”, en alusión, neste caso, loxicamente, non a un canal ou canle que vai polo fondo do mar, senón a un canal que levaría a auga a unha fonte ou dende ela. A canles de rego ou para mover muíños débese referir o topónimo, igualmente terrestre, **Cans**, que aparece en documentación do século XIII latinizado como “*Canalibus*”, nome dunha parroquia do concello pontevedrés do Porriño, regada polo arroio de **Os Cans**, afluente do río Louro. Outro lugar chamado **Cans** está na parroquia de Nebra, O Porto do Son (A Coruña); por el pasa, así mesmo, outra pequena corrente fluvial chamada **Cans**, da que, no momento da creación do topónimo, saíran canais ou “cans” para regar as fincas ribeirás ou para levar a auga a algún muíño contiguo ao río.

Regos da Praia de Area dos Cans.




Se os topónimos terrestres **Can** e **Cans** son iguais e expresan unha idea significativa parecida ao hidronímico da mesma forma **Cans**, contido no formante completo **A Area dos Cans**, o hidronímico illán **Praia do Canexol** ten así mesmo o seu paralelo ou análogo terrestre no de **A Canexa**, nome antigo e popular de senllas rúas da cidade de Vigo e da vila de Moaña, onde habería canles ou “canexas”. Tamén **A Canexa das Bouzas**, microtopónimo do concello de Marín igualmente estudiado por E. Rivas, que o retrae ao latín *canalis*, palabra derivada, á súa vez, de *canna*, en alusión a outro antigo canal ou canle para conducir auga (Rivas, 1982 a: 255). Ao mesmo detalle refírese o nome de lugar **A Canaxoa**, microtopónimo situado na Limia Alta, que o devandito autor retrae a *\*cannagiola*, diminutivo latino de *cannagium*, “caneiro, canle” (Rivas, 1982 b: 21); microtopónimo, este de **A Canaxoa**, en todo similar ao hidronímico illán **O Canexol**, o cal, expresando igualmente a idea significativa de canle, caneiro ou canal, neste caso submarino, se pode retrair a unha base antiga *\*cannagiolo*, diminutivo de *canna*, que daría primeiro **\*Canexó** e despois o actual **Canexol/O Canexol**,

en alusión á devandita canle que vai por debaixo do mar, a cal, ao facilitar o paso de barcas de pequeno calado sen risco de encallaren, debeu facer da **Praia do Canexol** ou da pequena canle un dos portos naturais ou lugares de parada e atraque da illa de Ons, xunto coa **Area dos Cans** ou dos canais, antes da construción do seu molle de pedra. A mesma función de pequeno porto ou abrigo costeiro debeu facer **A Praia das Dornas**, que dá nome a un pequeno pero decidido e claro entrante costeiro, dende o que logo partiu a construción do molle actual de Ons, cuxo comezo, situado no lado sur da devandita **Praia das Dornas**, recibe o significativo nome de **O Peirao Vello**.

Outros hidrotopónimos illáns que como os de **A Area dos Cans**, **Praia do Canexol** ou **O Rego de Limpo** fan referencia a regos, canles, pasantes e pasantías submarinas son os de **A Pasantiña das Laxes do Centulo** e **A Pasante do Illote do Gaiteiro**, faltando, que nós saibamos, o de **O Carreiro**, o cal, aínda que nós non o temos documentado na contorna marítima de Ons ou nas súas costas, si aparece noutros contextos marítimos próximos referido a carreiros ou pasos submarinos, aproveitados pola navegación dende tempos antigos; caso, por citarmos un sobranceiro, e que non está sinalizado como é debido, de **O Carreiro** de Aguiño, tamén chamado polos mariñeiros **A Pasantía do Trancoeiro**, paso, carreiro, canal ou pasantía, que constitúe a segunda entrada natural máis importante da ría de Arousa, situado entre as chamadas Centoleira Chica e As Pedras do Sargo, moi utilizado pola navegación, especialmente pola flota de litoral de Santa Uxía de Ribeira, que faena nos caladoiros dende Corrubedo para o norte.

**Illote de O Cairo. Canexol. Illa de Ons.**



Volvendo á hidrotoponimia da illa de Ons, noutras ocasións (Cabeza Quiles, 2006: 14 e 2009: 49), tamén posibilitamos que o nome do pedregoso illote chamado **O Cairo** proviñese dunha antiquísima base indoeuropea \*car, “rocha, pedra”, de certo presente noutros topónimos terrestres galegos e peninsulares similares, tales como **Penacaira** (tautoloxía ou repetición de pedra), **Cairedo** (abundancia en -edo de \*car, “pedra”), **Queriza**, **Queira**, etc. Hoxe, sen descartar de todo esta opinión, queremos plantear tamén a posibilidade de que o hidrotopónimo illán **O Cairo**, neste caso concreto (e non no doutros lugares pedrosos chamados **Cairo**, de terra dentro) sexa moito máis recente e que simplemente reproduza a palabra galega “cairo” co seu significado de “dente canino ou agudo”, o que concorda coa realidade topográfica e a forma do illote ou pedra mariña chamada **O Cairo**, que, efectivamente, recorda a figura dun grande cairo ou dente de can, idea significativa, seguramente creada polo imaxinario popular dos mariñeiros illáns, que se repite noutros hidrotopónimos próximos, que vemos recollidos en *Toponimia mariñeira do mar de Bueu*, a saber, outra pedra mariña chamada precisamente **O Dente do Can** e unha paraxe marítimo-costeira de nome **O Puntal do Dente do Can**, situados, ambos os dous hidrotopónimos, en dous puntos diferentes da illa de Onza e referidos, moi probablemente, por non dicir seguro, a pedras mariñas más ou menos afiadas, que, como a chamada **O Cairo** da costa próxima de Ons, semellan e poden evocar un cairo ou, o que é o mesmo, o dente dun can.

## BIBLIOGRAFÍA

- CABEZA QUILES, F., 1992. *Os nomes de lugar. Topónimos de Galicia: a súa orixe e o seu significado*, Edicións Xerais, Vigo.  
 CABEZA QUILES, F., 2000. *Os nomes da terra. Topónimos galegos*, Editorial Toxosoutos, Noia.  
 CABEZA QUILES, F., 2006. “A topónimia da illa de Ons”, en *Aunios*, núm. 11. Asociación Cultural Pineiróns, O Grove.  
 CABEZA QUILES, F., 2008. *Toponimia de Galicia*, Editorial galaxia, Vigo.  
 CABEZA QUILES, F., 2009. “A hidrotoponimia da illa de Ons. Parte leste: dende o peirao á praia de Pereiró”, en *Aunios*, núm. 14, Asociación Cultural Pineiróns, O Grove.  
 RIVAS QUINTAS, E., 1982 a. *Toponimia de Marín, Verba* (anuario galego de fitofisiología), anexo 18, Universidad de Santiago de Compostela.  
 RIVAS QUINTAS, E., 1982 b. “Abeleda e Cerdeira. A Limia Alta, Ourense”, en *Boletín de Estudios del Seminario*, núm. 4, Seminario Fontán-Sarmiento de Hagiografía, Toponimia y Onomástica de Galicia, Santiago de Compostela.  
 VV. AA. 2011. *Toponimia mariñeira do mar de Bueu. O Buraco do Inferno*, Confraría de Pescadores San Martiño de Bueu.

**COLABORA  
ACTIVIDADES:**

Concello de  
**BUEU**



# PARQUE NATURAL DO RÍO BAROSA


Atópase na parroquia de Barro, no lugar de A Maquieira, a 12 km. de Pontevedra pola estrada de Santiago.

É un lugar paradísíaco, formado polo río Barosa, a súa fervenza e os muíños que se atopan a ambos lados dela.


Todo forma un magnífico conxunto onde se unen natureza e etnografía.




Fervenza do río Barosa no inverno




Fervenza do río Barosa na primavera



Muíños de abajo do río Barosa



noticiasbarro.com. "Historia da Barosa". Adolfo Caamaño



Área recreativa de descanso e merendeiro

## XUNTOS E REVOLTOS

Por: Lolita Aguín



*A memoria recolle e conserva todos os aspectos da existencia. É o cerebro, o que fai aflorar os recordos a través de percepcións.*  
Henri Bergson

### SEÑORITAS FRITAS

Na casa da miña amiga Teresa vivía Carme.

Carme era a serventa. Sen embargo mandaba alí mais que ninguén. Gobernaba a súa vida e as dos demás, e tamén a miña cando ía alí a xogar.

Era da outra banda do mar. Pequena de estatura e de andar rápido e silandeiro. Vestía con más colorido que as mulleres do Grove onde o negro predominaba. Levaba na cabeza un pano amarelo de flores atado ao curro. Falaba distinto, cos “eses” moi asubiantes e un acento moi marcado e cantarín. Era limpia - limpia demais - por iso nos facía descalzar se entrabamos a xogar na casa.

As veciñas non lle querían demasiado. Enfadábase e discutía por calquera cousa. Dicían dela que era moi mala de asoar. Pese a todo tiña días en que era amable e divertida. Ás veces incluso xogaba con nós ás cartas -a brisca ou ao burro-. Outras sacaba de debaixo da súa alta cama de ferro unha vella caixa chea de estampas “do cine” que abría con grande ceremonia. Unha a unha íaas espallando polo chan ao mesmo tempo que nos relataba algo acerca delas. Nós escoitabamos fascinadas todas aquelas historias que nos somerxían nun mundo máxico. Unhas veces aparecían en escena as de *caballistas* e entrabamos de cheo no Oeste profundo. Outras internábanos na selva con Tarzán, pero invariablemente acababa contándonos sempre a historia de Sor Angélica, película de 1934, a súa preferida, que recordaba como unha das melhores, e non solo pola protagonista, Lina Yegros, guapísima, senón tamén porque era un drama no que ocorrían toda sorte de desgrazas “*Salin do cine cos ollos inchados de tanto chorar*”.

Mentres nos dicía isto ía recollendo e gardando na caixa as estampas co mesmo ceremonial que cando comezou.

“Bueno por hoxe acabouse. Mañán vamos a ir xuntas a un sitio que vos vai gustar”.



Estampa da película “Sor Angélica”. Cine Marino. O Grove

Por iso agora imos camiño do río da Jatiñeira, cun atado de roupa na cabeza que Carme nos vai a ensinar a lavar. O lavadoiro máis preto era o da Abisinia, pero Carme, cando os días eran longos, prefería o da Jatiñeira: “porque é mellor auga e hai menos xente, áinda que é mais lonxe”. E tanto. Había un bo treito por camiños empinados, cheos de **petoutos**. Carme facíanos ir a **catrappear** para chegar pronto e escolller o sitio mellor -**o picho-** polo que manaba a auga. Situounos ao seu lado e comezou a explicarnos a complicada tarefa. “*A roupa hai que enxaboala, refregala contra pedra ben forte, botala ao clareo e poñerlle pedras enriba para que non voe e tamén regala a miúdo pa que branquee. Imos a deixala aí no campiño todo o tempo posible -canto más tempo más branquea - e mentres nós comemos coma reinas sentadiñas na herba: Señoritas fritas, patacas coa tona, viño tinto do noso con gasosa e de sobremesa (xa que somos de casa rica) queixo con marmelo. Cando acabemos de comer, descansamos un pouco e imos recollella para aclarar e torcer. Falta secar. Pero iso xa o farei na casa*”

Volvemos xa no solpor cunhas amigas de Carme que non paraban de falar e rir. Contábanse contos entre elas que non compartían con nós. Áinda que o intentamos. “*Ninguén vos dou vela neste enterro*” nos espetaron con **fedespallo**. Canto mais ría unha, mais rían as outras. E nos tamén nos botamos a rir.

Para min fora un día divertido. Ao marchar dinlle as grazas a Carme.

- “*Divertido dis? Eu coido que isto de lavar a roupa é un castigo divino*”

Agora no presente, asústome cando penso na extrema dureza daquel traballo que enredaba tantas horas da vida das mulleres. Que sempre urxía facer. Sempre inevitable. Chovera ou ventara.

## **EL RELOJ DE PARED**

-Baixa a cabeza rapaz e para quieto.



A cabeza en cuestión era a de meu irmán que sentado na butaca da perruquería abrazaba con forza unha gaiola cun xílgaro dentro. Era unha das condicións que lle puxera a meu pai para ir a cortar o pelo caladiño. E non só iso; tamén que o corte fora ao estilo *amadeu* e non ao rape. Daquela os nenos eran rapados sen contemplacións e el non o levaba con paciencia. O corte ao *amadeu* non era total. Deixaba un pouco de pelo enriba da fronte. Unha especie de topete, moi feo por certo, e así llo dixen, pero a el non lle importou. Saíu da perruquería todo crecho cheirando a colonia, encantado co seu recién estreado corte e tan abrazado á gaiola do xílgaro coma cando entrou.

Mientras esperaba a vez eu observaba todo o que acontecía ao meu redor. Escoitaba o que falaban. Os temas que recordo das conversacións non eran moi variados. Case sempre eran temas ao redor do mar: de barcos, da pesca, da seca ou das fábricas de conservas Thenaisie, o Fabriquín, a de Piñeiro,... En todas traballaban o mesmo: sardiña, ameixa, **birbiricho**, **patajillón**, mexillón, bonito,...

O *Fabriquín* estaba no centro do pobo. Á unha da tarde tocaba a sirena: hora de saída para comer. Esa sirena que anunciaba as entradas e as saídas marcaba o ritmo da xente naqueles anos. Todo se movía ao compás deses estridentes sinais. O día non se media en horas, había espazos de tempo

marcados polo toque implacable da sirena do *Fabriquín* e, con ese son, o pobo adquiría un ritmo vertiginoso... Á xente entráballe a presa e poñía fin, entre outras cousas, ás interminables conversas:

- **Silveiras** que se começaran na rúa e das que ninguén tiña moita presa por zafarse. A culpa das **silveiras** sempre a tiñan os demais. Sempre se encontra unha **silveira**, ninguén sabe quen as fai. É unha desculpa perfecta para xustificar tardanzas que áinda está funcionando actualmente, e moi ben por certo.

Pero eu áinda seguía esperando e escoitando ...

Nalgún momento as voces baixaban moito de intensidade, tanto que se convertían en murmurios Iso sucedía cando alguén se daba conta de que **había roupa ao clareo**: (expresión utilizada para advertir da presenza de nenos) para que as conversacións non subiran de ton (había que aterse a estreita moral do momento) ou se tocaban outras temas que non entendíamos (anda escapado, ou botouse ao monte, está agochado, foise no Endem...) pero sentíamos curiosidade. Eu facía preguntas á miña avoa, sobre o que oía. Tan só lograba que me dixese en voz baixa, sempre en voz baixa, asustada co dedo marcando o sinal de silencio nos beizos: - *Diso non se fala*

Pero agora Juan está a cantar: “*Mi abuelito tenía un reloj de pared se lo compraron cuando el nació... pero un día el reloj de repente se paró y con el mi abuelito se murió*”. Gustábame esa canción e a el tamén porque a repetía a miúdo.

No ar flotaba o aroma da colonia de sempre, *feita por min* -diciá Juan, e a dos pos de talco que poñía no pescozo para pasar o cepillo. Áinda agora nalgún momento por algúns deses enlaces misteriosos, chegan envoltos en melancolía esa mestura de aromas, o ruidiño das tesoiras cortando o pelo e a voz de Juan cantando “El Reloj de Pared”

## MANS LIBRES

Daquela as rúas estaban cheas de mulleres portando algo sobre a cabeza. Todo o que era necesario para a vida cotiá era susceptible de ser carrexado desa maneira: bañeiras de roupa, patelas de peixe, cestas de patacas, monllos de paúlo ou fento... a lista sería interminable pero non podo esquecerme, das verdadeiras estrelas da rúa que destacaban pola súa beleza: os baldes.



Illa de A Toxa


## COLABORA:



**Deputación  
Pontevedra**

## Buscar balde con iniciales

Utilizábanse para ir a fonte a por auga para beber. As mozas andaban as **retesías** a ver quen o levaba mais brillante. Conseguíano grazas a *arenilla* (area da praia) moi fina e de color tirando a granate que utilizaban mesturada con limón. Algúns deles, os mais numerosos, eran zinc. Outros eran de madeira con aros dourados ou prateados. Todos levaban as iniciais dos donos, ben visibles e colocadas para atrás



O momento de ir por auga á fonte era aproveitado polas mozas para saír ás horas en que as rúas estaban mais concorridas. Aparecían en escena cos baldes na cabeza, que se movían ao ritmo do seu andar. Era agradable ver con que grazas se balanceaban. Cando se vián de lonxe parecía que cobraran vida e que iniciaran entre eles unha danza aprendida de séculos. As mulleres ás veces nin tiñan conciencia de que portaban algo na cabeza tal era a liberdadade de movemento que tiñan conseguido, quizais transferido polos seus ancestros. Pero esta autonomía non sería posible sen a protección do mulido, un trebello indispensable para este mester. Nunca nada tan sinxelo coma un trapo enroscado en forma de caracol prestou tantos servizos á xente.

Sen mulido a vida non se tería desenvolvido da mesma maneira, porque a muller non podería transportar de todo na cabeza cos fillos pola man.



O carro de man transformou o xeito de transportar os monllos de paulo que antes facíase na cabeza.

## Palabras aparecidas no texto típicas de O Grove.

**Da outra banda do mar :** Dende o Grove, mirando á outra banda da ría, non se distinguía entre habitantes de Ribeira, Castiñeiras, A Poboa do Caramiñal etc., Ese outro lado era visto dende aquí como un todo.

**Atado ao curro:** Referente ao pano da cabeza, un xeito de atalo. En vez de atalo debaixo do queixo, atalo na caluga.

**Mala de asoar:** De moi mal carácter

**Caballistas:** Xinetes- Por extensión : películas de caballistas : películas de vaqueiros.

**Petoutos:** Pedras que sobresaen nos camiños onde é seguro que se tropeza

**Catrappear:** Andar moi de présa .

**O picho:** Cano natural ou feito (unha tella, un tubo de uralita etc.), por onde a auga chega ao lavadoiro.

**Fedespallo:** Desenvoltura, resolución - pero inclúa grazas, facilidade de expresión,etc

**Patajillón:** Agulla en conserva.

**Silveiras:** Matogueiras, marañas. En sentido figurado: Engancharse nunha silveira: Parar a falar moito tempo na rúa coa xente.

**Había roupa o clareo:** Frase feita. cando está fóra de contexto convértese nun sinal de silencio.

**Andar as retesías.** Competir ou atacarse verbalmente e de forma obstinada dúas ou máis persoas.

## PALABRAS, FRASES OU EXPRESIÓNS DE O GROVE.

En O Grove, como en calquera vila ou cidade do mundo, temos unhas palabras, frases ou expresións únicas que contribúen a reforzar o noso idioma e fan da nosa fala algo especial.

Algunhas xa foron expostas ao longo deste e de anteriores artigos e agora, a modo de exemplo, vou a dar a coñecer outras e o seu significado, co fin de que non queden no esquecemento, xa que eran de uso diario hai uns anos e agora estanse a perder e, sen dúbida, forman parte da nosa riquísima cultura popular meca.

Desta poñerei algunhas das más empregadas, deixarei para anos vindeiros o completala. Para este fin, animo a todos aqueles grovenses que se acorden de máis frases a poñerse en contacto comigo ou con membros da asociación Pineiróns co fin de ampliala.

\*\*\*\*\*

**Función fémina no cine “El Marino” :** Oferta que se facía para fomentar a asistencia das mulleres os días laborables. Entraban gratis si ían con parella .

**Tatana:** nena

**Tatán:** neno

**Cacharreta:** Servía para medir bivalvos. Utilizábase unha lata baldeira de conservas cuxa capacidade era aproximadamente de 1,600Kg

**Biol:** Medida en forma de cilindro longo cunha capacidade de tres cacharretas.

**Bordincar:** Rebordar, pasar do límite.

**A cajulo:** Cheo ata rebordar os límites do jabido ( calquera tipo de envase) con contido sólido hasta alcanzar o máximo posible.

**Ata que o mar me bote fóra:** Estar na praia mariscando ata que a marea suba e non se poida seguir.

**Tiven a onde ir:** Unha contestación ambigua para unha pregunta indiscreta.

**Falar para a feira:** Temas que non interesan, chismes insustanciais.

**De Rapatarrón:** De repente, inesperado.

**U-lo?:** Onde está?

**E-ló?:** Saúdo con significado difícil de describir. Nesta pregunta tan curta caben un sen fin de interrogantes. Que é ou que foi da túa vida?, é só unha mostra. Tamén pode empregarse como pregunta: Entón, que pasou?

**Pingar a lepia:** Aspecto desastroso.

**Mingancheiro/a:** Persoa pouco xenerosa, suspicaz, malicioso.

**Fedespallo:** Desenvoltura, ousadía, con personalidade, seguro de si mesmo,...

**Palinear panos:** Expressa dificultade para conseguir un fin.

**Pór de pé:** Maneira de pisar - (pexorativo).

**Brensa:** Cordel que se enrola na buxaina para que xire.

**Non lle tires pola brensa:** Frase feita que significa: Poñer a alguén ao límite.

**Lideira/ delandeira:** Monotema recorrente.

**Poalla:** Choiva fina

**Mangoleteira:** Persoa que intenta manexar a vida de outros

**Escoar:** Escorrer.

**Alleeiros/as:** Nunca están na casa.

**Jadellas:** Pelo moi desordenado, pouco coidado.

**Jorxa:** Garganta

**Morno:** Temperado

**Atadora:** Cosedora de redes.



Porto de O Grove

Quedan outras na recámara para outra ocasión por mor da falla de espazo: *Estache boa a navalla...* . *Nin che vou alá, nin che fajo falta. Por un lado non sei e, por outro, qué queres que che dija? Ó que chejou Lamiña... Etc.*

# OS MANANCIAIS DA ILLA DA TOXA

Por: Emilio Ferrer Jaureguizar

Animosos lectores, penso que cando escoitamos falar do descubrimento dos mananciais da Toxa, á maioría de nós vennos á memoria a lenda dos burros chagados e a súa posterior curación ao bañarse nos lodos daqueles mananciais; sen embargo, pode existir outra explicación, como apunta D. ANTONIO CASARES no seu traballo titulado: "ANÁLISIS DE LAS AGUAS MINERALES DESCUBIERTAS EN LA ISLA DE LOUJO O TOJA GRANDE", datado en 1841. Como reza na portada de dito traballo, D. Antonio Casares era Doutor en Filosofía, Licenciado en Farmacia, Catedrático de Química das Artes e interino de Historia Natural, Secretario 2º da Sociedade Económica de Santiago e socio correspondente da de Lugo. Todo un currículo.

Comeza o traballo comentando os métodos que van a usar para medir a composición das augas e agradecendo: "*a todos los Señores , que tanto en la Isla , como fuera de ella , me han facilitado con excesiva complacencia los medios necesarios para hacer las operaciones practicadas en éste análisis al pie de la misma fuente ó en sus inmediaciones, donde me fue preciso determinar la naturaleza y cantidad de los gases contenidos en el agua, ó que brotan con ella en la superficie de la Isla*"<sup>1</sup>.

A continuación, o Sr. Casares desenvolve o seguinte:

## SITUACIÓN DE LAS AGUAS.

*"Entre las varias islas que están esparcidas en el pequeño mar mediterráneo, llamado Ría de Arosa, se hallan colocadas entre la Península del Grove y la embocadura del Río Umia dos de pequeña extensión y separadas por un canal bastante profundo. En el mapa que de esta Ría formó el Sr. Flórez, Capitán de fragata, las señala con los nombres de Toja pequeña y Toja grande<sup>2</sup>; mas los naturales de Cambados llaman a esta última Loujo ó Louja , y a la otra simplemente Toja. En el Loujo ó Toja grande es en donde se hallan las aguas minerales de que me ocupo en este análisis. La estension de la Isla es de una legua de circunferencia , mas larga que ancha y colocada en la dirección de Norte a Sur. Su terreno es granítico , como todo el de las inmediaciones y principalmente el de la península del Grove , de la que está separada por un pequeño estrecho poco profundo, que en las bajas mareas puede muy bien atravesarse a caballo. Las rocas graníticas se descubren solo en la proximidad del mar, pues en el resto de la Isla se hallan cubiertas por una capa de tierra de un pie o dos de grueso en la que solo se ven vejetar algunos brezos, helechos, jaras, zarzas y juncos. La pequeñez de estas plantas, su color oscuro, y la falta absoluta de árboles y matas dan a la Isla un aspecto sumamente triste y árido, que contrasta con la hermosa perspectiva de las próximas tierras de Cambados, donde se ve una vegetación muy lozana, abundancia y variedad de plantas, y un cultivo bastante esmerado. Dicen que antiguamente hubo en la Isla un pinar,*

Fig 1. Carta náutica da Ría de Arousa . Capitán Fernández Flórez. 1835.



*y no dudo que con pocos esfuerzos podrían conseguirse allí la mayor parte de las plantas y árboles que crecen en otras islas de la misma ría".*

<sup>1</sup> O texto correspondente ao traballo do Sr. Casares está copiado literalmente, o que explica a ausencia dalgunhas tiles e dalgunhas letras como o xe.

<sup>2</sup> Casualmente, a reproducción deste mapa aparece na obra do Dr. Ramiro Viloch, "Tiempos de Vela", do cal insiro un fragmento.

Despois vén, ao meu parecer, a parte máis interesante:

“Nuestros paisanos y aún los de otras provincias tienen creído que en varios puntos se encuentran tesoros ocultos bajo tierra y no pocas veces hacen esfuerzos prodigiosos para descubrirlos, tomando siempre ciertas precauciones al emprender sus trabajos, por que ó los suponen guardados por un Moro encantado, ó metidos en ollas de barro puestas al lado de igual figura, llenas de fuego de alquitran. Una equivocación al elegir la vasija es fatal, dicen, pues si se toma alguna de las últimas, todos quedan al momento reducidos a cenizas. Acaso estas ideas tienen algun orígen; las continuas guerras de que en antiguos tiempos ha sido teatro la Península, y principalmente la larguisima de los Sarracenos y la espulsión de éstos habrá sido causa de que algunos enterrasen sus riquezas, ó bien que al huir de sus enemigos se ocultasen con ellas en las cuevas y breñas tan comunes en los países montuosos, donde su repentina aparición habrá asustado a los sencillos habitantes de los alrededores, y dado lugar á la idea de moros encantados, y el hallazgo de algunos intereses á la de los tesoros escondidos<sup>3</sup>.

Sea lo que quiera, á tal preocupación se debe el descubrimiento de las aguas de Loujo. Algunos paisanos habían notado que en el extremo meridional de la Isla se sentía al pisarlo calor en el pie: desde luego se les ocurrió la idea de tesoro escondido guardado por un moro con una lanza de fuego, y se determinaron á buscarlo. Vinieron unos cuantos, hicieron una excavación y á poco tropezaron con un tesoro, no el que buscaban, sinó otro que puede ser de mayor precio: un agua mui caliente que les asustó, pues creyeron que era cosa del moro guardador. Mui pronto se divulgó lo ocurrido en la Isla, y un francés achacoso, que sin duda había usado en otros puntos baños minerales, quiso probar los termales de la Isla, y le surtieron buen efecto. Comunicó esta noticia á un curandero de aquellos lugares inmediatos llamado Mosquera, y le escitó a mandar allí algunos enfermos, con lo que se fue estendiendo cada vez mas la nueva del hallazgo de las aguas minerales. Con la muerte del Mosquera quedaron olvidados algunos años y en el de 30<sup>4</sup> un cura párroco, que recordaba las curaciones conseguidas con su uso, se fue allá con un criado, que también estaba enfermo, y les probaron bien: desde entonces todos los años han ido algunos allí a tomar baños, pero su número se aumentó considerablemente hace tres ó cuatro, y en el que estamos hubo cientos de personas, y muchas fueron orden de facultativos que prácticamente observaron su eficacia en la curación de ciertas dolencias”.

De seguido fai unha serie de comentarios:

“Lo ocurrido en estos baños es un argumento fuertísimo contra los que solo ven en el uso de los minerales un pretesto para viajes y distracciones, á las que atribuyen sus resultados favorables. Es indudable que la variación del clima, los paseos, la sociedad que se reúne en tales puntos y las comodidades, que en muchos de ellos se encuentran, contribuyen poderosamente y en muchos casos son la causa del alivio de varias enfermedades ¿Y podrá á esto el que han experimentado muchos de los que han ido á la Isla de



<sup>3</sup> Moitos de nós, de nenos, escotiamos estas historias de tesoros e mouros.

<sup>4</sup> 1830.

#### AGRADECIMENTO Á:



XUNTA DE GALICIA

SOCIEDADE ANÓNIMA DE XESTIÓN  
DO PLAN XACOBEO



Loujo? Ciertamente que no. En ella no hay una mala choza en que meterse, no hay un árbol bajo que guarecerse, no hay paseos, no hay distracciones y no una vez sola se han visto los enfermos sin pan para comer, por no haber llegado a tiempo la lancha que desde Cambados, distante media legua les lleva las provisiones. Hasta para tomar el baño se ven precisados a abrir en la peña un hoyo á manera de sepultura, que llenandose por su fondo del agua mineral les sirve para su uso. A pesar de esto el número de enfermos, que ansiosos de encontrar salud van á los baños de esta Isla, se acrece continuamente, sin que pueda atribuirse tal concurrencia á elogios interesados ó noticias supuestas de sus virtudes, pues hasta ahora nadie hubo que en ello tubiese objeto particular”.

Despois desta extraordinaria narración pasa o autor a referirse ás propiedades físicas e químicas das augas e, ao fin a análise da mesma:

**“O lo que es lo mismo en mil partes de agua = 1.000**

Ácido carbónico.....	0,28
Cloruro sódico.....	19,15
Cloruro cálcico.....	1,41
Cloruro magnésico.....	0,48
Cloruro potásico.....	0,39
Sulfato cálcico.....	0,68
Carbonato cálcico.....	0,17
Carbonato de magnesia.....	0,14
Carbonato ferroso.....	0,08
Sílice.....	0,06
Yoduro alcalino.....	Indicios <sup>5</sup>

**El gas que se desprende por las hendeduras de la roca al mismo tiempo que el agua es una mezcla de ácido carbónico y aire atmosférico, en la que domina el primero.”**

A continuación o Sr. Casares fala das virtudes das augas minerais da Illa de Loujo e compáraas con outras similares como as de:

**“Bourbonne -Les – bains, Sylvanes, Lucques, Las de Balruc. Bagners y otras que gozan grande reputación en Francia tienen una composición mui semejante a las del Loujo... y debe también advertirse que la presencia de Yodo aunque en pequeña proporción las hace mui a propósito para el tratamiento de los vicios escrofulosos”.**

Finaliza o traballo o Sr. Casares facendo unha recomendación para mellorar as condicións hixiénicas e a construcción de: “un establecimiento regular donde puedan tomarse comodamente los baños”. E remata co seguinte parágrafo: “Creo también interesante noticiar que en la misma Isla se encuentra una fuente de agua potable que he analizado, y en la que solo encontré una pequeña cantidad de cloruro de sodio y una porción imperceptible de sal caliza. Es sumamente notable que en una pequeña extensión de terreno se hallen dos corrientes de agua tan diferentes en su composición, y tan diversas ambas de la del mar que dista de ellas cuatro ó seis varas.”

Como conclusión, aparte do indubidable valor científico do traballo do Sr. Casares, chama a atención a teoría do descubrimento dos mananciais pola mera cobiza dos paisanos do lugar e a relación coas lendas dos tesouros dos mouros que, coido, é unha novidade con respecto á dos burros enfermos.

<sup>5</sup> Se algún lector o estimara, podería compararse coa composición actual dos mananciais.

# ARPÓNS, NIGROMANTES, BISPOS E METRALLADORAS CONTRA ARROACES

Por: Francisco Calo Lourido


O home, depredador de xeito exclusivo durante millóns de anos, conservou o instinto a traveso dos tempos históricos ata os nosos días, polo que segue practicando a caza e a pesca, sen outra motivación que o pracer que lle causa. Pero, desde avanzado o pasado século, a transformación que se produciu na sociedade con respecto á ecoloxía, ao coidado da natureza, foi xigantesca. A conciencia social, acompañada da lexislación, fixo, en moi poucos anos, que o que a todos nos parecía natural (eliminar animais perigosos, cazar paxaros con garamelo nas propias prazas das vilas ou matalos cos tirapedras ou, quen a tivese, con escopeta de balotes, amais de lle coller os ovos dos niños, pescar gaivotas con brinca, dar unha couce a un gato ou correr un can a pedradas...) estea hoxe proscrito e sexa unanimemente considerado un acto de barbarie. Cómpre ter isto presente para comprender o tratado neste artigo, introducindo feitos e accións no seu tempo histórico.

O home sempre se defendeu dos animais perigosos, perseguíndoos e eliminándooos ata onde lle era posible, con aspiracións a chegar ao máximo, como sucedeu co lobo en Suíza ou na Grande Bretaña. Pola contra, hoxe están protexidos por lexislacións máis ou menos ben pensadas e desenvolvidas ou hipócritas e transaccionais.

Xa que veño de citar o lobo, podo engadir que nos foros que don Diego Xelmírez deu no ano 1113 á Diocese e Terra de Santiago lemos o seguinte: “*Todos los sábados, á excepción de los de Pascua y Pentecostés, los Presbíteros, Caballeros y campesinos que no estén legítimamente ocupados, se reunirán para perseguir a los lobos y prepararles las trampas, que vulgarmente se llaman fogios (foxos de fossos). Cada iglesia (parroquia) presentará siete cañas ó chuzos de hierro. El que se retrasare en acudir á la montería, si es sacerdote (á no ser que estuviese ocupado visitando enfermos), o caballero, pagará cinco sueldos, y si es campesino una oveja ó un sueldo*” (López, 1895: 160). Restos topográficos destas actividades cinexéticas obrigadas, que consistían en escorrentar os lobos ata os facer caer na trampa do foxo de cachotería, áinda son visibles hoxe en moitos lugares. Do acoso e morte dos animais dos que agora nos imos ocupar non quedaron restos materiais; pero si documentais e literarios.

O perigo que significaba o lobo para o labrego, por lle matar facenda e cans e mesmo chegar a agredilo, podemos comparalo, obviando a ataque directo, co que, no mundo mariñeiro, ocasionaba o arroaz, golfiño, boto, delfín ou como queiramos chamarlle.

O pontevedrés Padre Sarmiento ocupouse, en varios dos seus escritos, do problema que os arroaces significaban para os pescadores galegos. Todos os que nos criamos nun porto de mar e vivimos inmersos no mundo da pesca e das súas múltiples tribulacións, -incluíndo o feito, desgraciadamente frecuente, de aproveitar o recreo da escola para ir ver un afogado na praia ou nos baixos do concello, onde se velaba, entrementres non era reclamado por alguén ou as autoridades non dispoñían o seu enterro-, escoitabamos aos xeiteiros queixarse todos os veráns de que os arroaces entraron na ría e lles desfixeron os aparellos. Estes cativos cetáceos, sendo gregarios, forman en ocasións grupos de moitos individuos que percorren o mar perseguinto os cardumes de sardiña. O acoso aos cupleidos fai que estes se xunten formando grandes manchos, o que facilita o traballo aos barcos que se dedican ao cerco; pero, cando está largo o xeito, trazando unha parede descontinua de pezas e pezas ao longo de quilómetros e con sardiña mallada, entran a saco, comendo e rachando ata desfacer os aparellos. Non resulta estranho, por conseguinte, que os xeiteiros os considerasen inimigos e tentasen por todos os medios desfacerse deles.



Os mariñeiros da ría de Pontevedra coidaban, a mediados do S. XVIII, que había nigromantes en Ons.

O ilustrado bieito escribe desde Madrid, o 9 de marzo de 1757, unha carta a seu irmán Francisco Javier García Sarmiento, “Comisario de Marina” en Pontevedra, na que, entre outras cousas, lle di: “*El espantar los arroaces tiene mil arbitrios, pero como non é uso nen costume tentar alguno de ellos, es excusado gastar papel y dejar a estos cerrilísimos que recurran a los conjuros de los gurumantes que*

**están en Ons".** Segue dicindo que o modo de acabar cos arroaces “*es apurar su semilla*”. É decir, acabar con todos; e exemplifica: “*Los ingleses apuraron los lobos de su isla, en virtud de batidas a tiempo. ¿Y por ahí no se debía entablar batida de arroaces? Más útil traerá un arroaz por el saín, que un lobo*”. Extraemos de aquí dúas cousas. Unha: a ironía de “non é uso...”, pois sempre se irritaba, cando, ao propor unha innovación, que el xulgaba lucrativa, se lle respondía con un “aquí iso non se fai...”. Dúas: os mariñeiros da ría de Pontevedra coidaban, a mediados do S. XVIII, que había nigromantes en Ons.

A continuación confesa que ignora se o arroaz é un delfín e se ten “*huevas o si pare hijos vivos como los cetáceos. Averígualo y avísame. Sean ovíparos o vivíparos, se debe observar cuando están en huevas o están en celo. Entonces se debe hacer la batida*”. Propón que se cerquen con redes de xuncos, esparto, vimbios ou xestas e que se maten con francadas, arpóns, dardos, escopetas, lanzas, etc. Ironiza coa crenza dos mariñeiros de que a sardiña foxe do sangue doas arroaces; pero, como previsiblemente estarán ovados ou en celo na primavera e as sardiñas áinda non chegaron, que lle fagan as batidas nese tempo. Insiste en que se maten, o mesmo que se fai coas baleas, xa que o saín extraído costearía os gastos. Engade que, deste xeito, non se remataría con eles nun ano nin en dez, pero que cada vez irían a menos.

O 11 de abril de 1758, noutra carta a seu irmán, dille que leu que no norte matan a paus centos de arroaces durante o mes de xuño, xa que, nesa época, unha membrana nos ollos fai que se volvan cegos e anden atordados polo mar adiante. Pídelle que faga saber isto na ría e que se fixen se andan con “*movimientos desatinados*”, entre maio e xullo. Se isto é así, poderanse matar de mil maneiras e “*conjurar a palos los guzumantes das illas*”. Supón que cando chegan ata os peirao e a ponte de Pontevedra será porque veñen cegos; pero é consciente de que se rirán disto na ría “*y no habrá diablos que los disuadan de los guzumantes o nigromantes*”.



O 13 de xuño de 1759 escribe a seu irmán que falou en Madrid cun tal Macarti de Marín, nacido en Bilbo, pero de estirpe irlandesa, e que este lle dixo que, para pescar arroaces, tentara largar unhas redes na Barca, desde San Pedro Finz ata a Moureira; pero que, aburrido da oposición dos “moureiros”, enviou as redes a Vilanova da Arousa, para que as empregasen alí. O 7 de maio de 1760, noutra carta, insiste no asunto da cegueira e pide que os curas de Marín, Rande ou os tan ociosos de Portonovo e Sanxenxo controlen e se fixen nas evolucións dos arroaces. Engade: “*Es cierto me alegraría que todos los arroaces se juntasen y saliesen a tierra, a moler a palos a todos los pescadores de esa ría y que fuese en junio para que los apaleados palpaseen que eran palos de ciego...*” Un capítulo dos Simpson semella estar inspirado neste parágrafo. Segue a insistir en que se maten algúns e se lles miren os ollos. Cre lembrar que o texto que fala diso é de Mr Adison e di que había que pór unha copia en todas as tabernas ás que concorren “*los marineros borrachones y no se les había de medir neto alguno si antes no leían u oían leer la dicha copia*”. Conta que un montañés (santanderino) lle dixo que naquela costa “*hai la necesidad de creer que hay arroaces porque no hai quien los conjure. Así se ve que las necesidades se comunican, no las verdades útiles*”.

Na chamada *Obra de 660 pregos* (tomo XIV), en 2217 repite que os pescadores de sardiña “*son tan supersticiosos que no hay apearlos de la tontería en que viven, que en las islas viven unos nigrománticos, y que estos echan los arroaces a la ría, y su porfiada tema es que los sacerdotes los conjuren*”. E continúa: “(2218) No sé en que tiempo, aunque me será fácil saberlo a vuelta de correo, concurrían tantos arroaces a la +ría de Vivero, que [282v] los pescadores pusieron pleito formal ante el obispo de +Mondoñedo, quejándose de agravio de los arroaces. Siguióse el pleito, con todas las familiaridades, al modo del pleito que en otras partes dicen se siguió contra los ratones. Al fin, sentenció el obispo contra los arroaces. No apuntaría aquí esta noticia a no haber oído ayer noche a un cura de aquel país que él mismo había visto los autos y que paran hoy en el archivo de la dignidad. Pase esta historia por lo que fuere”. Recoñece, pois, que, amais da crenza popular en nigromantes, tamén andan crédulos os bispos. En 2219, di que o devandito autor é Mr Anderson (na carta citada era Adison) e que “*los de +Groenlandia los matan a palos, y cogen a trescientos y cuatrocientos de una vez, por ser fácil arrinconarlos a una ensenadita. Sacarán dos utilidades [283r] los pescadores. Primera, la seguridad de las sardinas. Segunda, el gran lucro que sacarán del mucho aceite y saín de los arroaces.*

Y siendo esto tan fácil, ¿por qué no se ejecuta?". Hoxe, cando varan na praia, facemos esforzos físicos e pecuniarios para que volvan ao mar; antes rematábanos a paus. Mudan os tempos e as sensibilidades.

Juan Cuveiro (1890: 193-194) describe unha "corrida de arroaces" en Pontevedra, onde os mariñeiros da Moureira largaban un aparello forte de esparto entre esta beira e Poio, unha vez que os arroaces subiron río arriba coa marea. Ao baixar esta, descenden eles, tropezan coa rede "e entón, é cando comeza á festa". Fala das carreiras entolecidas, dos chimpas querendo saltar en terra, de como homes e rapaces lles montan no lombo, cabalgando sobre eles, de como lles tiran "arpóns, pedras é hastra tiros", de como os cetáceos turran coa rede e de como rematan masacrados e convertidos en saín para pagar os gastos do espectáculo. Di logo que os arroaces seguen os barcos, pero non porque lle queiran ao home, como pensaban os gregos, senón por comer os peixiños que van na estela. Conta que son moi amantes da familia e que, estando el "nós baños d'a illa d'a Toja ou Loujo, qué o mesmo", veu que nun con que hai na beira do mar e que ten un laño moi estreito duns dous metros de fondo andaba un grupo de arroaces a ir e vir arredor del, mentres a marea o cubría. Cando devalou, achegouse ata a pedra e veu, con sorpresa, un arroaciño alí metido, aínda dándolle ao rabo; pero sen poder saír. Os do grupo familiar tentárono, pero non foran quen de sacalo.

Aínda existe na Moureira a casa, restaurada, onde se gardaba o aparello para estas corridas. A partires desta descripción de Cuveiro, tropezamos en distintos textos coa "corrida de arroaces" en Pontevedra. En 1947, Borobó xoga coa comparación entre esta corrida e as de touros, e dous anos despois, en 1949 (cito pola 2º ed. de 1952), describe Prudencio Landín outra con título idéntico, incorporando uns versos alusivos de José Benito Amado, lidos o 23 de agosto de 1877.

Hai moitas Reais Ordes, xa desde o século XIX, prohibindo os arpóns e sobre todo o emprego de armas de fogo para eliminar arroases e denegando a cesión solicitada das mesmas; pero tamén autorizando as batidas, mesmo con metralladoras e con premios aos que presentasen exemplares. O 10 de maio de 1878, unha Real Orde desestima a instancia de "varios fomentadores de salazón y pescadores de sardina de la ría de

Arosa en solicitud de un número de carabinas Remington para ahuyentar los delfines, por considerar perjudicial el uso de las armas de fuego a la referida pesca". Na solicitude pedían 18 carabinas, correndo de conta deles barcos e tiradores (García Solá, 1880: 795-800). No Diccionario... de 1923 de Benigno Rodríguez, amais de ler que "los pescadores les tienen un odio mortal a estos animales", temos unha serie de Reais Ordes prohibindo o emprego de arpóns ou o de armas de fogo para matar arroases, como na que se nega (23 de xullo de 1906) aos armadores de Biscaia autorización de levar armas..., ou na que bota atrás a petición de eliminación de arroases feita polo alcalde de Mataró, ou na que, en 5 de febreiro de 1916, dispón que se deixe sen efecto un acordo da Deputación Provincial de Barcelona, no que se destinaba un premio de 500 pesetas para os que mataran os 200 primeiros arroases; pero tamén lemos unha Real Orde de 23 de abril de 1921 (no texto di 1911), na que se ordena perseguir aos arroases, dotando a certos barcos de "ametralladora y armas portátiles, y premiando a los que presenten ejemplares" (Rodríguez, 1923: 101-103).

Illa da Toxa ou Louxo.



En poucos anos, pasamos de metrallar arroases a facer que, cando eu vou no meu barco rumbo a unha fanequeira, se os vexo pola proa, teña que caer a unha banda para non importunálos.

## Bibliografía:

- BOROBÓ: "Corridas de delfines". In PORTELA PAZ, A. (1947): *Pontevedra, Boa Vila*. Pontevedra, s/p.
- CUVEIRO PIÑOL, Juan (1890): "Unha corrida d'arroaces". *A Monteira*, Ano II, nº 25, 22 de marzo de 1890, Lugo, pp. 193-194.
- GARCÍA SOLÁ, FANCISCO (1880): *Memoria sobre la industria y legislación de pesca que comprende desde el año 1874 al 1879*. Tipografía de G. Estrada, Madrid.
- LANDÍN TOBÍO, Prudencio (1952): "Corridas de delfines". In *De mi viejo carnet*. Vol. I., 2ª ed. Pontevedra, pp. 113-117.
- LÓPEZ FERREIRO, Antonio (1895): *Fueros Municipales de Santiago y de su Tierra*. (Ed. facsímil, Ediciones Castilla, S.A. Madrid, 1975).
- P. MARTÍN SARMIENTO: *Epistolario do P. Sarmiento*. (Disposto por X. Filgueira Valverde e Mª X. Fortes Alén, 1995). Consello da Cultura Galega. Santiago de Compostela, pp. 63, 102, 152 e 208.
- RODRÍGUEZ SANTAMARÍA, Benigno (1923): *Diccionario de artes de pesca de España y sus posesiones*. Madrid.

# OS GARRIDO: UNHA SAGA DE CARPINTERIOS DE RIBEIRA

Por: Lino J. Pazos Pérez

Todo comezou nun afastado día do século XIX cando o tataravó dos actuais propietarios, decide facer unha dorna para un veciño..., deste xeito arrancou unha saga que, máis de 100 anos despois, continúa a darlle forma á madeira.

Como todo oficio milenario, o carpinteiro ensinou os seus segredos ó seu fillo, José Garrido Moldes (bisavó), que a súa vez traspasou os seus coñecementos a Manuel Garrido Álvarez (avó), continuando coa tradición familiar o seu fillo, José Garrido Vidal, dando paso á xeración actual composta por Pepe, Carlos e Fabián Garrido Fernández, que conforman a empresa, "Fillos de J. Garrido". <Foto 1>.



Foto 1: Estaleiro

A situación segue a ser a mesma na que comezou esta andaina, áinda que daquela o mar chegaba ata o pequeno alboio onde se traballaba, ó carón da fábrica de salga dos Goday; as instalacións, nun primeiro momento precarias, foron dando paso a un galpón de pedra duns cen metros cadrados, no que se acubillaban as madeiras e as rudimentarias ferramentas, permitindo traballar ó abrigo das inclemencias do tempo...; desa primitiva carpintería saíran dornas, botes e algún veleiro dos utilizados na pesca e cabotaxe.

Con José Garrido Moldes, xa no século XX, traballou o seu curmán José Garrido Carrera, que faleceu con 96 anos (en 1997) e, segundo nos conta Pepe Garrido <Foto 2>, nestes anos construíuse unha dorna de nove cuartas, un racú, e dúas motoras a vapor, *María e Rosita*, de 22 metros de eslora e que se motorizarían posiblemente en Vigo.

A seguinte xeración, a do avó, Manuel Garrido Álvarez fíxose coas rendas da carpintería nos anos trinta, botando ó mar barcos como o *Voltaire*, un racú duns 14 metros de eslora e motor de gasolina, ou *O Meco*, con popa de "rabo de galo", tipo de construcción que soamente os carpinteiros máis experimentados poden realizar.




Foto 2: Pepe Garrido




Foto 3

Sobre a construcción deste barco (*O Meco*), sabemos, grazas á foto que reproducimos, e que cedéronme amablemente os Garrido (a instantánea fora realizada por José Garrido Míguez), que contén no seu reverso a lenda:

*"foi feita no Grove el día 15 de agosto de 1937 (en plena guerra civil), del barco pesquero llamado O Meco cuando se estaba construyendo en los astilleros de dicho pueblo. En la fotografía se ve, de izquierda a derecha, Manuel Barral, José Padín, un tripulante del barco, Sr. Caneda y un carpintero. En el fondo de la popa del buque se ve la cabeza del maestro llamado Manuel Garrido..."*. <Foto 3>

Nos anos sesenta do século pasado faise cargo da carpintería, que seguía a estar situada no mesmo galpón, con poucas variacións sobre o que levantaran os seus ancestrais, José Garrido Vidal, pai dos actuais propietarios, que atopou una nova liña de traballo ó facer numerosas bateas do mexillón, e os caixóns para mantelas a flote, traballo non tan vistoso pero que rendía bons beneficios, ou arranxar os cascos dos velllos barcos que xa estaban arrobaron para esa estática misión. <Foto 4>

Coa chegada de Pepe Garrido a traxectoria da carpintería cambia de rumbo e apróase á construcción e mantemento de barcos de recreo, dada a afección deste grovense pola vela, actividade que practica en canto pode, ademais de reparacións e acondicionamento de veleiros tan emblemáticos como o *Nocturne* ou *Ortac*, este, deseñado por Robert Clark.



Foto 4: José Garrido e Marcelino Galiñanes construindo unha batea



Foto 5: Fabian, co fiel Bul




Foto 6: Elsa Iglesias



Foto 7: Carlos Garrido

Pouco a pouco os irmáns van incorporándose ó traballo, Pepe entrara no ano 1975 Carlos no 80 e Fabián en 1988 ; outro irmá, Juan, dedícarse a outros mesteres; neste mesmo ano incorpórarse Elsa Iglesias, dona do mestre Pepe, que fai os traballos administrativas. <Photos 5 - 6 - 7>

Eu a Pepe coñecino nos anos noventa do século pasado, debido ó meu traballo relacionado coa náutica deportiva, visitándoo repetidas veces no estaleiro, que xa ocupaba as actuais instalacións, fraguándose entre nós unha especie de entente, unha complicitade que me levou a estar presente nalgúns dos actos por el protagonizados, botadura de dous galeóns incluída....

É precisamente coa botadura destes galeóns no Grove, o 5 de agosto de 2002, nomeados *Sanxenxo* “Caixa Galicia” e *Silma* “Telefónica” (deseñados polo enxeñeiro naval Íñigo Echenique; de 12,95 metros de eslora e 18,35 toneladas de desprazamento; que poden portar un trapo de 120 metros cadrados, e levan un motor de 100 Hp para manobras e encalmadas) <Photos 8 - 9 - 10>, que se relanza en Galicia a construcción e posta en valor de numerosas embarcacións, que dan sentido na actualidade ás concentracións de barcos, que se aglutinan baixo o paragua de Federación de Embarcacións Tradicionais (a Federación comezou a súa andaina no ano 1993), a cal pertengo ó ser tripulante do patache *Joaquín Vieta*, unha das xoias que se manteñen a flote dende 1916, ano no que foi construído en estaleiros do Freixo.



Foto 8: Galeóns en construcción



Fotos 9 - 10:  
Botadura  
dos galeóns  
Sanxenxo  
“Caixa Galicia”  
e Silma  
“Telefónica” en  
O Grove

Entre os barcos que saíron das mans dos Garrido, temos que salientar a dorna xeiteira nomeada *Irmandiña* <**Foto 11**>, coa que tentaron atravesar o Atlántico, epopea que non se levou a cabo debido a imprevistos, pero que xa tiña xuramentada a dotación entre uns cantos aloucados mariñeiros que vían nesta travesía a maneira de darlle un pulo máis ás nosas embarcacións tradicionais.



Foto 11: DORNA IRMANDIÑA. A *Irmandiña* a todo trapo, cunha duzia de persoas a bordo

Pero os tempos cambian e as empresas teñen que adaptarse ós novos mercados; por iso, en 2010 os Garrido preséntanse no Salón Náutico de Barcelona co seu último barco; a *Sara*, dorna con aparello de cangrexa, cun acabado difícil de igualar e con todos os adiantos que se ofrecen hoxe en día para unha navegación segura, causando grande expectación. (**Foto 12**)






Foto 12: Pepe e Fabián  
Garrido presentando á *Sara* no  
Salón Náutico de Barcelona

# O GROVE: ANOS AQUELES



# ILLA DE ONS: AQUELES ANOS



# OS TRANSPORTES NA ILLA DE ONS

Por: José Taboada García


Pouco se sabe ou nada dos antigos poboadores da Illa de Ons. Supонse que estes históricos habitantes dedicáronse á gandería e a agricultura e a pesca. Tamén se pensa que ao vivir nunha illa, áinda que fose, terían pequenas embarcacións. Así estarían comunicados por mar con Bueu, Noalla, San Vicente,...

No ano 1585 os franceses, coa axuda de dous veciños saquearon a Illa, levándose gando, gran e outros bens. Segundo un escrito de época a poboación foi respectada.

A última foi visita foi a dos piratas berberiscos no 1601 que volveron a roubar na Illa. Isto fixo que os colonos a abandonaran, quedando esta deshabitada a mediados do século XVII.


No ano 1810, a Xunta de Defensa da provincia de Santiago, ordena que a Illa sexa repoboada. Manda tamén que se fagan obras de defensa para evitar posibles ataques por mar. Constrúese un forte, o Castelo da Rueda. Parte deste forte está en pé, áinda que nunca se usou nin tan sequera estivo armado.

Restos do Castelo da Rueda. Ons.



O transporte máis antigo en Ons foi, e segue sendo, o coche de San Fernando: <un pouquín a pé e outro pouquín andando>. Logo viñeron os de tracción animal, ao levar para alí os carros de bois e vacas, para carretar as pedras para a construcción do forte. Tamén foron

canteiros, e irían tamén mulleres para facerllas a comida. Posiblemente algúns destes homes e mulleres se quedase xa na Illa, formando parte da nova repoboación.



Non é o burro de Ramón, pero foi o último burro que houbo en Ons e pertenceu a Rogelio.

## O BURRO DE RAMÓN

Foi o burro máis famoso da Illa. Vivía Ramón no barrio do Centulo. Ramón, como era coxo, tiña o burro para ir dun sitio a outro. Mirade se era famoso que tiña ata canción:

*"Me despido do Sentulo  
por ser buena pueblación  
por coche de línea tienen  
al burrito de Ramón."*



**MAQUIEIRA**  
PESCA DEPORTIVA

Plaza de España, 4  
Teléf.: 986 851 814

PONTEVEDRA



## MOTOS

Está a de José Luís o “Halcón Callejero”, pintada de gris a brocha que nin se sabe de que marca é. Por casco usa o pelo que lle cubre a fronte e fai xogo coa cor da moto.

A moto de Cesáreo (O Pedrosa de Ons), é sen dúbida a moto máis famosa da Illa e parte do estranxeiro. Marca Vespino, de cor negro -en xaponés: Kasemoto-. Moto moi potente, pode con el, coa muller, con Cesariño (o neto) e unha caixa de peixe.

Cando hai carreiras de motos na tele, ningúén pregunta: Como vai Pedrosa?, senón: Como vai Cesáreo?, ou: Como quedou Cesáreo?

Por casco usa unha viseira tipo inglés, preparada para o sol, vento, chuvia, lóstregos e tronos.



A poderosa moto de Cesáreo ancorada na zona de Curro.

Un día, no mes de agosto, viña de varar a dorna na praia e saíu co rizón ao lombo, cun bo cache de cabo, pois no se fiaba moito dalgúns visitantes. Así subiu á moto para levarlle peixe ao seu irmán < O Charles Bronson> da Illa. Para enriba todo ben, más ao baixar, rompeulle o cable do freo da roda de atrás, pois o de diante xa non tiña. Aquela costa que se empinaba cada vez máis e se facía cada vez más costa abaxo, empezou a preocupar a Cesáreo, que nin por nada do mundo quería dar cos ósos no chan. Lanzou o rizón con forza cara arriba con tan boa sorte que se enganchou nun salgueiro, ao mesmo tempo que se agarra ao cabo e se abría de pernas para saltar da moto. Desta maneira salvouse Cesáreo dun golpe seguro, como tamén se salvou a moto, que caeu nunha silveira. Cando a foi coller, seguía de pé e acendida.

Dende aquela anda sempre co rizón que lle serve de freo de emergencia e como antirroubo. Cando aparca, amarra o rizón á roda de atrás cun nó de mariñeiro, quedando así asegurada contra os amigos do alleo. Ao ser unha moto tan famosa ten esta canción:

“A moto de Cesáreo  
é poderosa  
anda polos camiños  
coma Pedrosa”.

Tractor engalanado para transportar aos noivos ata o lugar onde farán a reportaxe fotográfica.



## OS TRACTORES

O tractor xa forma parte da paisaxe da Illa. É o medio de transporte máis usado e camaleónico; tanto fai de camión cando leva mercadorías, como fai de taxi cando leva xente. Tamén de tractor pateira cando carga de tendas de campaña, neveiras, mochilas, sacos de durmir, bolsas, botellóns,..., e campistas. De limusina, cando os engalanan para as vodas da Illa. De ambulancia, cando alguén resulta ferido... E ata de coche oficial cando algunha autoridade visitaba a Illa.

Tractor facendo de “Coche Oficial”. Nel podemos distinguir a Fraga iribarne, Jose Luís Barreiro,... Depois dunha visita ao Campamento da Xunta.




## CARREIRA DE TRACTORES E CHIMPÍNS

Aínda que en Ons nunca houbo policía de forma permanente, alá polos anos noventa do pasado século, mandaron polo verán a dous Garda Civís en prácticas. Era o mes de agosto e faltaba pouco para as festas da Illa. Como traballo case non tiñan, andaban polos bares.

Maky (visitante asiduo da Illa) déuselle por andar a falar cos illáns, con voz alta e a modo de retranca:

- Ben que!, para as festas facemos a carreira de tractores echimpíns? E dicíanlle:
- Hai que facela, e faise.




Así un día e outro. Ata que un dos gardas, movido pola curiosidade, achegouse a Maky e preguntoulle:

- Que é iso da carreira de tractores echimpíns?

Maky respondeulle que polas festas era costume darlle a volta á Illa en tractores echimpíns e, como ese ano ía a ser de competición, pregáballes que, como fá a haber moita xente, senón lles importaría colaborar coa carreira, poñéndose nos cruces de máis perigo- Cousa a que accederon de boa fe.

Ata aí, todo ben, senón foxe porque, ao cabo de tres día, compareceu o capitán na Illa a facerlle unha visita. Despois de darlle as novidades, que eran poucas, tamén lle contaron o da carreira de tractores echimpíns. O capitán, ao oír iso, entroulle un ataque de risa que non paraba:

- Carreira de tractores echimpíns! Vós non sabedes que na Illa só hai un



O Alcalde de Ons, preparado para realizar algún control de alcoholemia

chimpín?. Ben, si, agora hai tres, con vós os dous!

Cando xa o capitán se fora, atopouse Maky cos dous Gardas, que lle botaron unha ollada asasina de moito coidado. Todo iso sen decirlle nada, porque o que el fixera, tampouco era nada do outro mundo.

## OS COCHES

Houbo dous coches dos fareiros ou torreiros, como soen nomealos en Ons. Un era un 600 que funcionaba a butano que, debido a que levaba as bombonas dentro e, pola estatura do fareiro, case era un monopraza; e un 4L. Quixerón máis tarde traer outro coche máis, pero non chegou a desembarcar debido a que a vella grúa que había no peirao rompeu e foi ao mar.

Con tanto parque móvil, as autoridades asfaltaron a estrada dende o peirao ata o faro. A única da Illa que tivo asfalto e canción:

*"La carretera del faro  
no la pasean chavales  
la pasean marineros,  
pilotos y capitanes"*

Con tanto vehículo, tamén houbo accidentes. Un, de Pepiño, o tractorista máis precoz da Illa, que aos cinco anos sacoulle a marcha e foise cunha pasaxeira, dende a porta da de Checho ata a praia das Dornas. Os dous saíron ilesos.

Outro foi o de Cesáreo, choque de fronte contra outra moto, e iso que se miraban os dous, pero ningúen se quixo apartar. Tamén sen feridos.

O último foi un tractor que caeu dende o peirao ao mar, indo Alex de copiloto. Resultaron feridos os dous, recuperándose axiña.

## CONTROLES DE ALCOHOLEMIA

Son cousas de Rafa, o Alcalde, o único autorizado. Fainos cun acendedor grande de gas acendido. Manda soprar; se se apaga poden seguir; se a chama se fai máis grande, multa. O sancionado pode escoller entre ir a apagar a "Pedra que Alumbra", medir a temperatura do Buraco do Inferno ou ir a contar as gaivotas da Freitosa.

# BAR LONXA PORTONOVO

Teléf: 986724333

\* ALBARIÑO

ESPECIALIDAD

\*PESCADITOS

EL PUERTO. CÓMODA TERRAZA

\*MARISCOS

CÓMODA TERRAZA

# "UNHA HISTORIA DE GUERRA A CARÓN DO PARQUE NACIONAL DAS ILLAS ATLÁNTICAS"

Por: Francisco Meis Durán

Nunha de tantas pescudas na procura de liñas de investigación nos fondos parroquiais e rexistros civís, estrañoume encontrar o nome dun cidadán chino no libro de defuncións do noso municipio. Este señor que rompía coa homoxeneidade dos nomes latinos facíase chamar Leung Yaw e, con apenas trinta anos de idade, perecera afogado preto das nosas costas. Sen familia no Grove, enterrouse no cemiterio civil do municipio, o 29 de maio de 1940 sen máis compaña que a do enterrador. Pasado o tempo a Xefatura Provincial de Sanidade da cidade de Pontevedra reclamou o traslado dos restos cadavéricos dende o concello do Grove ata o cemiterio de Bilbao, e durante o mes de setembro de 1951 a derradeira viaxe de Leung Yaw, chegou o seu fin no cemiterio inglés da cidade vasca. Detrás de aquel enterramento, había un suceso que se nos escapaba e que escondía unha sorprendente historia.

O personaxe enterrado no Grove era un cidadán británico que morrera afogado entre Ons e Sálvora porque o barco do que formaba parte como tripulante afundírase. Aquel incidente abríanos a fiestra a contemplar un incidente da 2º guerra mundial a carón do actual Parque Nacional das Illas Atlánticas.

Hitler converteu a Galicia nun enclave estratégico dentro das súas campañas bélicas por varios motivos entre os que figuraban en primeiro lugar, a existencia de abundantes minas de volframio en lugares como o Barbanza, Valdeorras, Bergantiños -todas elas destinadas a blindaxe das temidas Divisións Panzers alemás e o armamento de precisión-, seguido das liñas de costa ou as redes de espionaxe alemáns e contraespionaxe británica. Todas esas razóns deron pé a que Galicia fose un importante enclave dentro do mapa do estratégico alemán. No afán de Hitler por facer un único imperio, entre os meses de abril e maio de 1940 ceden ante as hordas nazis, Dinamarca e a práctica totalidade de Noruega. Seguirá avanzando triunfal por terras Europeas iniciando en maio a invasión de Bélxica, Holanda e Luxemburgo e praticamente dous meses máis tarde Francia estará ocupada. Neses derradeiros meses, de considerable acción bélica, a costa galega tornarase nunha baza importante para culminar o éxito da guerra no Atlántico Norte. Dentro deste marco, en 1940 veñen a Galicia varios camións alemáns cargados de pezas metálicas destinadas a montar as antenas nazis "Electra-Sonne" de Cospeito - desgraciadamente derribadas no ano 2006 polos vendavais- que permitirían que os submarinos alemáns coñeceran en todo o momento a súa posición sen ter que saír á superficie así como, a posición e radicación de calquera buque, avión ou aeronave nunha franxa importante do Atlántico, o Golfo de Biscaia e o Norte de África.

Na madrugada do 29 ao 30 de maio de 1940 doulos barcos que viñan de Xibraltar, sucaban o mar preto do Parque Nacional das Illas Atlánticas. Un deles era un petroleiro británico chamado "Telena" e o outro un mercante francés cargado de cereais cuxo nome era "María José". Grazas ao sistema de localización que daban as antenas nazis de Cospeito, un submarino alemán foi quen de alcanzar e posicionar aos doulos buques á altura da Illa de Sálvora, e alí, co amparo da noite, deulles alcance producíndose unha terrible tragedia marítima.

Tripulación do U-37 saíndo do submarino antes da campaña que fixo nas nosas costas



Bundesarchiv Bild 101I-144-2812-30A  
Foto: Taxis | 18. April 1940

ACTIVIDADES "PineirÓns"

Agradecemento á:

Colabora



**CONCELLO DE O GROVE**  
**CASA DE CULTURA DE O GROVE**

O ataque tivo lugar ás cinco e corenta e cinco da madrugada “afundido o petroleiro británico “Telena” de seis mil toneladas e tripulado por cincuenta e cinco homes, deles, trinta e sete chineses e dezaoito ingleses. O mercante francés “Mari José” de cinco mil toneladas, cargado de cereais e tripulado por trinta e dous homes deu co seu casco no fondo do mar onde continúa, a díña de hoxe, despois de 70 anos.

Os mariñeiros galegos do entorno foron no auxilio dos buques rescatando a numerosas persoas. Foron precisamente mariñeiro de Marín que se encontraban desenvolvendo os labores do mar preto do lugar do suceso, os que acudiron primeiramente a dar os auxilios. Segundo as versións recollidas dos mariñeiros galegos que presenciaron o ataque relataron que: “un submarino alemán emerxeuse preto dos barcos que navegaban moi próximos á costa e disparou sobre o mercante francés e logo sobre o petroleiro. O submarino, fixo aproximadamente trinta disparos a cada un dos barcos. Aos oito segundos unha gran columna de fume elevábase do petroleiro mentres o mercante desaparecía da superficie. Pescadores do Grove, Cambados, Marín e outros pobos costeiros, saíron ao mar para proseguir a busca de náufragos.”

**U-37 atracando en Wilhelmshaven o 18 de abril de 1940**



esarchiv, Bild 101II-MV-5013-03A

Tews | 18. April 1940

Vigo e recibiron sepultura en Pereiró. A historia do “Telena” non rematou alí, na praia de Meira, senón que o 17 de agosto dese mesmo ano de 1940 chegaba a Sestao (Biscaia) onde o someteron a unha fonda reconstrucción. Saíu do estaleiro con un novo nome, o “Gerona” e remataría os seus días en 1975 en Barcelona.

O submarino U-37 que visitou a nosas costas foi un dos máis destrutivos que tivo a mariña alemá durante a chamada “Batalla do Atlántico”. Entre agosto de 1939 e marzo de 1941 levou a cabo once patrullas de combate, afundindo 53 buques mercantes e dous buques de guerra. Aquela noite do mes de maio o capitán que se encontraba dentro do submarino era Victor Otto Oehrn (1907-1997), un nazi da Kriegsmarine que acadou, durante o seu mando, que o submarino fixera unha das 11 campañas más brillantes da súa singradura, con un total de 25 barcos afundidos dos 53, que anotaría na súa traxectoria. En 1945 o submarino U-37 foi afundido na baía de Sonderburg, levando tras de si, un dos *U-boots* que máis campañas exitosas fixo contra as tropas aliadas durante a Segunda Guerra Mundial.

O balance final do torpedeiro nazi neste incidente, censouse en vinte e sete ilesos, vinte feridos, trinta desaparecidos e seis mortos que remataron enterrando na cidade de Vigo, Marín, Ribeira e un, precisamente, no Grove. Alí xaceu durante 11 anos o cidadán británico de raza china Leung Yaw que deu orixe a esta historia da Segunda Guerra Mundial preto do lugar, tan apracibel e tranquilo, que hoxe forma o Parque Nacional das Illas Atlánticas.

Realmente o petroleiro británico non chegou a afundirse de todo e a última hora da tarde do 30 de maio chegaba ás illas Cíes. Un remolcador levouno do punto do sinistro ata alí con un incendio importante no seu casco. O gardacostas español “Uad-Martín” logrou sufocalo xa que afortunadamente só se declarara nun dos tanques, impedindo que se propagase ao resto da nave. O “Telena” quedou fondeado durante toda a noite ata que á mañá seguinte volveron a remolcalo ata a praia de Meira (Moaña) onde, o persoal do xulgado de instrución nº2 que estaba de garda, compareceu no lugar para proceder ao levantamento de varios dos tripulantes que morreran carbonizados. Trasladáronnos a

**Victor Otto, o capitán do submarino U-37**



## AS VODAS EN ONS

Por: María Jesús Otero Acuña

As vodas en Ons foron sempre un importante rito social. A dura economía que sufrieron, os medios de que dispónian, o seu illamento,..., e a familia, xogaban papeis fundamentais.

Na época de maior esplendor veciñal, anos 50 do pasado século, as vodas celebrábanse de xeito diverso. A maioría eran na Illa, aínda que algúns se celebrou en Beluso, parroquia do concello de Bueu á que pertence a Illa, pero logo o banquete facián en Ons, chegando nalgúns ocasións a dividirse, quedando algúns familiares e amigos na península a celebralo e outros volver á Illa para o convite.

A idade que dominaba nas parellas casadeiras era entre os 18 e os 20 anos. Os homes tiñan que ter cumplido o servizo militar e dispoñer de dote, a máis importante, a Dorna, que ía a ser o medio de vida para manter á familia pois a súa economía estaba baseada na pesca.

A voda sempre se realizaba na casa da noiva e todo o convite corría a cargo dos pais da rapaza. A comida más típica nas vodas illeiras era sopa e cocido galego, algo sorprendente e curioso cando estaban residindo nunha illa farturenta en peixes e mariscos. Sen embargo para esa celebración, era o cocido a comida principal.

O costume era que as mulleres invitadas levaran galletas para, unha vez rematada a comida, puideran continuar coa sobremesa que se volvía moi especial para todo tipo de comentarios sobre o enlace. Os homes e mozos tiñan que levar o coñac ou anís para acompañar a esas galletas.

A cerimonia era sempre de día e, unha vez finalizada, a parella que acababa de casar volvía á súa vida normal. Non existía a tan ansiada *Lúa de Mel*: o que correspondía era ir traballar ao día seguinte, ela para as labores agrícolas e el para o mar.

Os regalos más típicos eran a roupa da cama, sabas, colchas, mantas,..., aínda que, na maioría dos casos, ese enxoaval xa o tiña que aportar a noiva como dote.

En Ons, como espazo reducido que era, existía un alto nivel de relacións entre familias próximas e chegaba a existir un acordo entre algunhas delas para continuar coa súa estirpe de diñeiro e posición. Algo que agora mesmo non ten moito sentido, pero fai anos, e nunha sociedade tan pechada, era unha norma para acometer estes acordos.

A pesar dos poucos recursos e medios dos que dispónian os illeiros, a celebración facíase co mellor enxoaval, a mellor vestimenta e con festa por todo o alto.



Foto 1.- Unha das moitas despedida de solteira celebrada en Ons. Como podemos ver polos seus enfeites e aderezos, a festa está garantida.

Curiosamente hai máis de corenta anos que as vodas dos veciños de Ons deixaron de celebrarse na Illa, sen embargo, dende hai 13 anos, as vodas foráneas van en aumento.

### AS VODAS ACTUAIS. DESPEDIDAS DE SOLTEIRO/A

O incremento das vodas foráneas en Ons foi excepcional nos últimos anos. O atractivo aumenta cada ano para aqueles que buscan unha voda diferente como alternativa ás clásicas e, dende logo, Ons parécelles a paraxe ideal. Unha Illa cunha cultura etnográfica e antropolóxica propia enriquece o seu atractivo, non só pola beleza do seu entorno, polas súas tranquilas corredoiras e as súas praias, senón que hai tamén un compoñente gastronómico que incita a esta celebración.

Ons non só é reclamo para calquera actividade en grupo, senón que aumenta o atractivo para aqueles que requieren alegría, desenfado, ánimos de festa,..., engadíndolle un compoñente de evasión.

Cada ano rexístrase, como mínimo, unha festa de despedida de solteiro/a, áinda que predominan as das mulleres. Celebranse con diferentes modalidades, ofrecéndolleis praías, actividades de orientación, rutas guiadas, comer, cear, festas nocturnas,..., e incluso chegan a pasar na Illa un par de días (*Foto 1*). Mentre, o sector masculino, quizais pola falla de imaxinación, buscan a viaxe nocturna con só cea en Ons, para logo rematar a festa na zona de Portonovo – Sanxenxo; o que chaman unha “Combinada” que remata a altas horas da madrugada.

Xa a voda, ten un compoñente máis serio, coa familia, os amigos e un bo número de invitados, que acoden a un lugar, para moitos desconocido, e co hándicap insular, que lle da un aire máis atractivo pero, ao mesmo tempo, un pouco desconcertante.

#### A PRIMEIRA VODA FORÁNEA EN ONS

Celebrouse no ano 2008, case corenta anos despois da última de veciños illeiros. Uns mozos do Morrazo decidiron elixir este enclave para darse o “Si Quero” (*Foto 2*).

Realizouse na praia de Area dos Cans, co alcalde de Bueu como oficiante, cunha vestimenta moi lixeira e un menú propio illán: Ameixas e Caldeirada de Polbo. Pero, non só se conformaron co banquete na Illa, senón que decidiron pasar alí a noite xunto aos seus invitados. Estiveron aloxados nas habitacións de aluguer dispoñibles. Á noite unha boa cea a base de churrasco, continuando logo cunha festa con queimada na praia, con fogueira incluída, xa que coincidiu coa noite de San Xoán. (Por certo a fogueira era unha pequena Cacharela de San Xoán que a Asociación Pineiróns realizou na Praia das Dornas contando co permiso previo de Parques).



Foto 2.- Primeira voda celebrada na Illa, concretamente na Praia de Area dos Cans no ano 2008. Fai de oficiante o alcalde de Bueu.



Foto 3.- Despois da ceremonia no barco fronte a engaiolante Praia de Melide, os noivos diríxense a realizar as fotos na zona do Faro. 2010.

#### A SEGUNDA VODA EN ONS

A segunda parella que escolleu este espazo natural para o seu enlace realizárona de xeito diferente. Os noivos déronse o “Si Quero” no barco de pasaxe, aproveitando a liña regular que une Bueu con Ons, con todos os pasaxeiros dentro. Foi moi emocionante! Todo o barco, invitados e non invitados, foron cómplices do enlace a bordo do catamarán, finalizando cun bico apaixonado e un aplauso masivo.

Despois na Illa o banquete, propio das vodas típicas actuais, con catro mariscos, peixe e carne. Logo desprazáronse ata o Faro para a sesión fotográfica e ás oito, coincidindo coa última saída da liña de pasaxe, fóreronse todos para o continente, quizais a seguir coa diversión, pero con moita pena de non poder seguir gozando da festa na Illa.

## A TERCEIRA VODA EN ONS

Foi aínda más complexa e interesante que a anterior. O noivo viña no barco de pasaxe coa maioría dos invitados e a noiva aparecía posteriormente noutra lancha, uníndose logo no barco máis grande, diante da engaiolante Praia de Melide, para a cerimonia.

Neste enclave precioso e paradísaco déronse o “Si Quero”. Unha vez rematada a cerimonia no barco, volveron ao peirao da Illa para comezar co banquete. Os noivos foron recibidos no peirao polos invitados e por turistas curiosos e, nun tractor decorado para o acontecemento, começaron unha volta pola Illa para a obrigada sesión de fotos (*Foto 3*). O menú foi moi illeiro destacando a Caldeirada de Polbo. Logo gran festa, para rematar pasando a “Noite de Vodas” na propia Illa.

Quixeron darrlle tamén un toque exótico-etnográfico, a súa primeira noite de casados, pasándaos nun piorno que conta con cama e aseo. (*Foto 4*).



**Foto 5.- Primeira voda foránea celebrada na igrexa. A última fora duns veciños illáns hai 40 anos.**

E así poderiamos seguir, pois pasouse de facer unha voda por ano a unha cada fin de semana nos meses de xuño e setembro, meses elixidos porque a afluencia de visitantes a Ons redúcese co que as instalacións poden soportar este tipo de acontecementos.



Como se pode comprobar, a oferta de vodas en Ons é ampla. Na variedade está o gusto e cada parella selecciona o entorno que mellor lle parece: o mar, a praia, o barco,..., ou na igrexa (*Foto 5*), para celebrar o seu enlace.

O mesmo sucede cos menús. Ons conta cuns produtos típicos que soen ser o prato principal naqueles que queren un menú máis familiar, pero tamén conta cunha grande oferta de mariscos e peixes, pois os arredores do enclave no que está radicada a Illa é un viveiro no medio do mar. Quen pode resistirse a uns percebes, nécoras ou centolas de Ons?



Moitas veces búscanse lugares afastados para facer os convites, coidando que o afastado é o mellor. Sen embargo non caemos na conta de que unir praia,



**Foto 6.- A penúltima voda celebrada na Praia das Dornas, en Oñs no ano 2013.**



**NAVIERA NABIA** te lleva en sus **BARCOS PIRATAS** a las  
**ILLAS DE ONS Y CÍES**



**ISLA DE ONS.** Podrás degustar el mejor pulpo del mundo, los pescados más sabrosos y el marisco más exclusivos en el Restaurante **CASA ACUÑA**. Disfrutar de la tarde noche en el Bar **PIRATA**, y si te quieres quedar a dormir disponemos de **habitaciones** y de unos fantásticos **apartamentos** completamente equipados para que tú y los tuyos os sintáis como en casa. Salidas desde el puerto de Bueu en Semana Santa y verano.

**ISLA CÍES.** También te llevamos a conocer las impresionantes Islas Cíes. Salidas diarias del puerto de Vigo

**EXCURSIONES Y RUTAS.** Realizamos rutas por la ría de Vigo y Pontevedra. Organizamos excursiones para escolares, grupos, empresas,..., con guías y animadores.

*Hay mil motivos para que visites Cíes y Ons, tu pones el tuyo y nosotros ponemos el resto.*

**CASA ACUÑA**  
RESTAURANTE Y ALOJAMIENTO  
Especialidad en pulpo, pescados y mariscos.



**nabia**  
NAVIERA

**INFORMACIÓN y RESERVAS: 986 320048 - 986 441678**  
**Fax: 986 430416 Web: [www.piratasdenabia.com](http://www.piratasdenabia.com)**